

**ACTA Nº 14/2017 DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2017 DO
CONCELLO DE LALÍN. EXPEDIENTE PLN/2017/17.-**

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

CONCELLEIROS:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS (CxG-CCTT).
D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA. (CxG-CCTT).
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).
D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).
D. M^a JESÚS SÁNCHEZ FERNÁNDEZ (PSdeG-PSOE).
D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).
D^a. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).
D^a. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).
D^a. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).
D^a. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).
D^a. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO)

SECRETARIO: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

INTERVENTORA : D^a. EVA MARÍA CASAL SANJURJO.

ÍNDICE:

1.-	Expediente 5031/2017. Aprobación, se procede, das actas Nº 12 da sesión celebrada o día 06/09/2017 e Nº 13 da sesión celebrada o día 29/09/2017.....	Páx. 4
2.-	Expediente 4699/2017. Decretos da Alcaldía. Dación de conta.....	Páx. 8
3.-	Expediente 4735/2017. Expediente de modificación de ordenanzas fiscais 2018.....	Páx. 19
4.-	Expediente 4937/2017. Moción do Grupo de Goberno sobre a vaga de lumes Forestais que asolou Galicia.....	Páx. 31
5.-	Expediente 4938/2017. Moción do Grupo de Goberno sobre o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018.....	Páx. 49
6.-	Expediente 4935/2017. Moción do PP para a negociación ou habilitación de fondos para acometer as obras de mellora do Polígono Lalín 2000 solicitadas polo colectivo de empresarios dezano.....	Páx. 56
7.-	Expediente 4936/2017. Moción do PP para apoiar e respaldar as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado como garantes do Estado de dereito.....	Páx. 65
8.-	Expediente 4942/2017. Moción do PP en relación á vaga de lumes que sufriu Galicia.....	Páx. 75
9.-	Expediente 4535/2017. Moción do concelleiro non adscrito relativa aos saneamentos de A Xesta e Vilanova.....	Páx. 77
10.-	Expediente 4538/2017. Moción do concelleiro non adscrito relativa a un recoñecemento a Gerardo Fernández Albor.....	Páx. 81
11.-	Expediente 4776/2017. Moción do Concelleiro non adscrito de loita contra os incendios forestais.....	Páx. 85
12.-	Expediente 4920/2017. Comparecencia da Sra. Concelleira Delegada de Cultura acordada na sesión celebrada o día 06/09/2017.....	Páx. 87
13.-	Expediente 4667/2017. Moción do PP para instar ao Concello a elaborar o proxecto de obra e habilitar unha partida económica para acometer a dotación do servizo de abastecemento e auga aos lugares de Céceme, Casas Novas, Carretera e Igrexa na parroquia de Goiás.....	Páx. 111
14.-	Expediente 4800/2017 por urxencia. Declaración investimento financeiramente sostible: Reurbanización rúa Xesteira, pavimentación e beirarrúas rúa "F", pavimentación da rúa alcalde ferreiro.....	Páx. 119
15.-	Expediente 5016/2017 por urxencia. Declaración de investimento financeiramente sostible. Abastecemento aos núcleos de Céceme e Igrexa da parroquia de Goiás.....	Páx. 120
16.-	Expediente 5046/2017 por urxencia de modificación de créditos nº 12-P-2017.....	Páx. 124

17.- Expediente 5043/2017 por urxencia. Moción do concelleiro non adscrito. Dotación de traída de augas a Bustelo e Lebozán.....	Páx. 127
18.- Expediente 4917/2017. Preguntas presentadas para o Pleno polo Grupo Popular.....	Páx. 130
19.- Expediente 4919/2017. Preguntas presentadas para o Pleno polo Grupo Popular en relación coas traídas de auga e cos saneamentos.....	Páx. 131
20.- Outros rogos e preguntas.....	Páx. 131

Sendo as nove horas do luns, **día 6 de novembro de 2017**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Luís Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a Orde do Día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral, *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora, *D^a. Eva María Casal Sanjurjo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e na deliberación dos asuntos que conforman a Orde do Día co seguinte resultado:

1.- EXPEDIENTE 5031/2017. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS Nº 12 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 06/09/2017 E Nº 13 DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29/09/2017.-

Deuse conta pola Presidencia dos borradores das actas Nº 12/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 6 de setembro de 2017, e Nº 13/2017, da sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2017.

Acordouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobar a acta nº 12/2017 da sesión ordinaria celebrada o día 6 de setembro, trala corrección dos devanditos erros. A acta da sesión ordinaria celebrada o día 29 de setembro de 2017 non se aprobou, por necesidade de corrixir ou completar as partes da acta que poñen: “non se escoita”. Quedou sobre a mesa.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bos días, Pepe. Esperamos por se ou como facemos?. Empezamos?. Bos días a todos empezamos o Pleno ordinario do mes de outubro en novembro. Unha cuestión de orde como lle comentei antes o PP debido a cantidade de puntos que hai imos aplicar o regulamento dos temos. Comunícame o Secretario, bueno diga vostede mellor.

O Secretario: O primeiro turno son oito minutos e o segundo son cinco minutos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entendo que os grupo que expoñen a moción teñen oito minutos e as respostas son cinco e no segundo turno é e mesmo.

O Secretario: Imos a ver: no segundo son cinco e tres.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: No segundo son cinco e tres. Isto foi falado o outro día. Polo tanto doulle a palabra o Secretario para que proceda.

O Secretario: Bos días a todos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A vostede tamén voulle a poñer os oito minutos.

O Secretario: A sesión ordinaria de hoxe día 6 de novembro de 2017, luns ás 09:00 horas o primeiro punto da orde da convocatoria é a aprobación, se procede, das actas nº 12 da sesión celebrada o 6 de setembro de 2017 e do borrador da acta do nº 13 da sesión celebrada o día 29 de setembro de 2017.

D^a Raquel Lorenzo Fernández: Bos días.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sí, doulle a palabra.

D^a Raquel Lorenzo Fernández: Bos días, grazas por darme a palabra.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: nada para eso estamos.

D^a Raquel Lorenzo Fernández: Na acta nº 12 do 6 de setembro na páxina 31 no parágrafo onde fala Nicolás, fila 4 pon instancias en vez de distancias das granxas e na última fila en vez de poñer mil metros pon 6 mil metros. Na páxina 42 no parágrafo de Xosé Crespo está sen rematar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É que comunicaron o outro día que hai varios parágrafos que non son audibles e que non sae o texto o cal eu subscribo tamén a opinión do PP a este respecto. Vostede está tomando notas aquí e logo hai a gravación e que diga que non se da recollido o texto.

D^a Raquel Lorenzo Fernández: Neste esta sen rematar o parágrafo.

O Secretario: Nesa acta estivo Jorge, eu poderíame defender na acta seguinte pero nesta non estiven eu. Seguramente non era audible todo o que se dicía e non tiña o que poñer. Esta acta non a fixen eu.

D^a Raquel Lorenzo Fernández: Habería que rematar o parágrafo.

O Secretario: Eu direillo.

D^a Raquel Lorenzo Fernández: Nada máis. Nesta acta, nada máis.

O Secretario: E da trece?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Bos días a todos, co n respecto a acta do 29/ 09/2017 o problema que vemos que é o que eu comentei o outro día que ata en 15 ocasións zánxase as intervencións dalgúns voceiros, neste caso aféctame a min pero tamén a outros onde pon “non se escoita” entón por exemplo temos por extractar un anaco desta acta do 29 pon: **D. Xosé Crespo Iglesias:** Non se escoita, iso é como se zanxa a intervención. Iso ata en 15 ocasións. No debate sobre o CAR non se recollen tres intervencións miñas, logo a case a totalidade sobre as intervencións das achegas da Xunta para a depuración que son sete intervencións zánxase con “non se escoita”. Eu entendo que o **Secretario** para coller nota de todo é complicado pero en todo caso se o audio queredes que valga para facer as actas, esta claro que o audio este non foi xa programado para isto, polo tanto eu vexo que gastades cartos para outras cousas e tedes todo o dereito do mundo pero non sería tan difícil porque levamos

reclamando, porque eu sei que para intentar aforrar fixeches a retransmisión por streaming do Pleno dunha maneira caseira, hai unha microcámara hai que podería ser suficiente ou non. Eu creo que se gasta cartos noutras cousas, que estes cacharros adecualos ben, eu sei que non é complicado nin debe ser moi custoso, non o sei, ou ben arregrar estes para que valgan para esta función ou mercar uns novos de maneira que acabaríamos con iso. Podo entender que o Secretario extracte a acta dunha gravación de audio se é boa pero se a gravación de audio non se escoita obviamente non se pode extractar unha acta de aí, porque en 15 ocasións poñer *Xosé Crespo Iglesias* “non se escoita” aí algo raro pasa.

O Secretario: En moitas ocasións trátase de que non se escoita, están falando moitas concelleiros e non se entende.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso pode ser, pero entón máis ao meu favor no sentido que hai uns aparellos que hai na Deputación e no Senado onde só ten voz o Presidente e a quen lle dea o Presidente co cal o do lado aínda que esta falando non se escoita no audio ou pódese escoitar algo lonxano pero vale perfectamente para escoitar a gravación. Eu sei que hoxe hai cacharros, xa non digo os sofisticados que poden ter nos módulos plenarios, senón incluso nos que están nas comisións onde cada concelleiro ten o seu cacharro e cando está activado é o único que grava o do presidente que preside a sesión, ese entra sempre, e logo o do concelleiro que teña uso da palabra e se fala outro conselleiro practicamente nin se escoita. Escoitase no hemicyclelo pero non se escoita na gravación. Eu non sei canto custo un aparato de gravación pero é relativamente pouco e é certo que estes non reúnen as condicións pero é que cando se fixo o concello non se prevía nin se sabía o que era retransmitir un pleno por *streaming* daquelas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: creo que está claro, subscribo o que di o portavoz popular ademais.

O Secretario: Si, pero aparte de que o equipo pode fallar, a maior parte das intervencións que non se recollen son por dúas causas: Primeira porque non se toca o botón; en segundo lugar porque hai varios concelleiros falando e non se entende. Eses son os dous motivos fundamentais.

D. José Antonio Varela Quintela: Permítame unha cousa: é que é casualidade que non se entendan as do Sr. Crespo.

O Secretario: A persoa que o está facendo o estivo escoitando.

D. José Antonio Varela Quintela: Hai cinco persoas a vez e non se entende só a dunha persoa. Home.

O Secretario: A persoa que o colle directamente e a que o transcribe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Aí non hai mala fe por parte de ninguén, punto. Eu o que digo é o seguinte.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Pincho:* dixeches que é só Xosé Crespo e non é só Xosé Crespo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que pido é que a acta do 29 se revise e que veña para outro Pleno.

O Secretario: Pero se non se escoita, se non hai nada.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero nas intervencións do CAR na prensa escrita recóllese textualmente algunha das intervencións que eu fixen.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu con todo o respecto que revisen as actas e as anotacións, si, pero da prensa escrita é un extractado, é un pouco raro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Imos ver, eu non digo que poñan na acta o da prensa escrita. Simplemente digo que sobre o debate do CAR tres intervencións miñas de catro que fixen non se recollen. Eu algo diría.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu estou de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que revisen as notas o *Sr. Secretario* que o adobe o mellor que poida para que a acta quede algo tal, eu non pido nada raro, eu non pido que poña o que eu non dixen nin moito menos. Logo o que si pido é que con urxencia é que nos deixemos dos apaños caseiros de Tomás que eu respecto porque é faino por aforrar pero conforme non aforrades noutras cousas. Un equipo deses pouco debe valer e poñedes dúas cámaras de *streaming* como teñen en tódolos sitios, unha para adiante e outra para atrás para as que non enfoquen dun lado enfoquen por outro e que as dúas vaian o 50 % como van nalgún sitio e logo que estes cacharros valgan para estar e se non valen que se lles dea finiquito que se pasen para outra sala e que se poñan aquí uns novos. Eu non sei a inversión que é pero creo que é unha inversión mínima.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que está claro o tema. Eu si que quero felicitar o concelleiro de novas tecnoloxías porque foi o que puxo por primeira vez na historia de Lalín que haxa este tipo de retransmisión que teñen que mellorar a calidade e que nunca existiron.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, pero eu non lle critico. Eu non estou criticando ó concelleiro. Eu simplemente digo que son arranxos domésticos de Tomás que bastante fai pero eu entendo a boa fe de Tomás. A Tomás non estoulle criticando para nada o que pasa é que fixo unha cousa con custe cero cando eu entendo que aquí habería que gastar un pouco máis en cartos que se gastan en outras cousas e poñer uns cacharros máis adecuados.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo. Seguinte.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entón nós o que pedimos é que a acta do 29 quede pendente.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: A outra con esas correccións votámola a favor por a nosa parte.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois votamos a favor da primeira acta.

O Secretario: A do día 6?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si. O grupo de goberno súmase á petición do PP que se revise a seguinte acta e que quede para outro Pleno. Entendo que é así.

2.- EXPEDIENTE 4699/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.-

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

O Concello Pleno quedou enterado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Unha cuestión de orden se pode preguntar. Eu observo que nos Decretos da Alcaldía veñen ata cinco relacións de facturas que habitualmente ían informadas e ían a Xunta de Goberno e que se fai por Decreto, o que se nos dixo a nós é que non da tempo de facelo, incluso hai aquí un Decreto da Alcaldía que teño enriba da mesa que di que faise con carácter preliminar faise constar o caso tempo material para examinar o presente expediente o cal implica que a presente fiscalización é limitada máxime tendo en conta a recente incorporación desta funcionaria o cal impide ter coñecemento dos expedientes. Eu iso o entendo pero eu o que pregunto é se esas facturas pagadas por decreto despois teñen algún tipo de reparo, como se vai subsanar iso?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que lle pode contestar a propia Interventora, se o ten a ben.

A Interventora: Bos días. Esas facturas non levan reparo suspensivo, polo que eu vexo e se levaran reparo suspensivo, tiñan que levar decreto de levantamento de reparo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Aquí o que di vostede: faise contar que por escaso tempo pois que non se viron.

A Interventora: Non, que non se viron, non. Que se fai unha fiscalización xenérica, non que non se viron. Iso non o digo no meu informe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, vale, ou sexa que están vistas e non teñen ningún reparo.

A Interventora: Non, é que senón tería que dicir fiscalización de desconformidade artigo 216 e que o órgano competente para levantar o reparo é o Alcalde. Eu creo que non digo nada diso no meu informe.

D. Xosé Crespo Iglesias: E sendo así, por que no van a Xunta de Goberno normal e se aproban?.

A Interventora: Foi por unha cuestión de volume de traballo. Había expedientes atrasados loxicamente. Creo que vostede sabe que non houbo Interventor. Fixen todo o que

puiden para sacalas adiante e por un tema de morosidade recomendeille ao Alcalde sacalas por decreto, porque así acurtábam os prazos para poder pagar por Tesourería. Foi o único motivo. Ademais, o feito de que se avogue unha competencia de ordenación de pagos en primixencia é o Alcalde, porque este delegado na Xunta de Goberno non significa que non o poida facer o Alcalde; é totalmente legal.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non digo que non se poida facer. Eu o que digo é que habitualmente non se fixo nunca.

A Interventora: Eu habitualmente non sei.

D. Xosé Crespo Iglesias: As facturas aprobábanse sempre en Xunta de Goberno mediante os informes preceptivos. Eu o que lle recomendo a Alcaldía que é un tema político é que se Intervención non da feito o seu traballo por volume de traballo que reforce ese departamento.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Porque sabes que aquí sóbranos a xente para metela nun sitio ou noutro. Que me digas ti iso. Das cousas que máis de verdade me dixeches cando entrei de Alcalde que hai moi pouco persoal e é certo, teñes toda a razón. Tomo nota do consello.

D. Juan José Cruz García: De todas formas nos decretos da Alcaldía paréceme ver a recomendación desta nova Interventora en seguir os consellos da anterior en cuestións non de reparos pero dalgunha falta de información, facturas, anteproxectos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non lembro darlle a palabra señor concelleiro. Por favor cumpra as normas mínimas do Pleno. Se quere intervir doulle agora a palabra, adiante.

D. Juan José Cruz García: Pareceume ler agora non recordo ben o texto, como recomendaba seguir os consellos da antiga Interventora en canto a facturas que non tiñan suficiente información e tramitación debida. Pode ser?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Señora Interventora hai algunha factura que non teña suficiente información? Non, verdade?. Digo por se estamos inventando algo.

A Interventora: Mire, verá é que eu non sei se haberá unha confusión.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sí, confusión hai.

A Interventora: Eu o que digo é que reitero recomendacións da anterior Interventora. De que as facturas non teñen información, non, porque se non teñen información é que non se acolle o regulamente de facturación e non as podería supervisar. Eu non sei se hai algún malentendido, ao mellor coa forma que eu redacto, pero eu creo que está bastante claro. Eu non dixen en ningún momento que faltase información, porque se falta información a factura non é legal; era o que non faltaba.

D. Juan José Cruz García: Vale.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu creo que se refire a que pon no informe que fai vostede: tal e como se ven advertindo de xeito reiterado pola anterior responsable de Intervención, lémbrese a necesidade de levar a cabo un contrato de reparación e mantemento dos edificios que incluso se podería licitar por lotes diferenciando por especialización das reparacións eléctricas, fontanería. Refírese a iso, supoño.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, el dixo que era falta de información. Creo que quedou claro este punto.

3.- EXPEDIENTE 4735/2017. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS 2018.-

Deuse conta do presente expediente e da memoria da Alcaldía de data 18 de outubro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime interior e actividade económica do día 30 de outubro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Bos días a todos, trátase de incoar o expediente de modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos seguintes conceptos tributarios que son impostos sobre bens inmobles, o imposto sobre vehículos de tracción mecánica e a taxa por distribución de auga e a taxa por sumidoiros.

Na proposta de modificación da ordenanza do IBI prevé un establecemento dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para os inmobles de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras, entendéndose como inmobles destinados as citadas actividades aqueles que estean cualificados por catastro como uso principal para agrario. Corresponde a dita declaración ao Pleno da Corporación e ten que ser solicitada polo suxeito pasivo.

A vontade era que non tivese que facerse esa solicitude pero a lei impídena e ten que ser prorrogada. Entón vaise abrir un prazo se solicitude de 1 de xaneiro ao 31 de marzo e rematado dito prazo, serán os técnicos do servizo de agricultura e o técnico que ten o punto de información catastral deste Concello os que van instruír un expediente no que se vai a reflectir todas aquelas construcións que se poden beneficiar desta bonificación e traerese este expediente a Pleno porque ten que ser aprobado por Pleno.

Con esta bonificación o que pretendemos é paliar en gran medida a regularización catastral que se nos está impoñendo dende Madrid porque o noso rural vese moi prexudicado nisto porque se van a dar de alta moitos inmobles destinados a usos agrarios como establos ou como pode ser calquera construción que é necesaria para desenrolar dita actividade.

Esta medida contribuirá a reducir considerablemente a carga fiscal dun sector estratéxico neste Concello e ademais segue a estela da baixada histórica nos impostos que levou a cabo este goberno municipal.

Respecto á modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica ten como obxecto adaptar os requisitos establecidos para que gocen da exención os que están recollidos na lei 51/2003, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

A ordenanza vixente só contemplaba esta exención para aquelas persoas que tiñan recoñecido a discapacidade pola Xunta de Galicia, coa modificación poderanse beneficiar todas as persoas que dispoñan dun certificado de grao de discapacidade expedido polo órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente e a validez da acreditación do grao de discapacidade abrangue a todo o territorio nacional, o que quere dicir que non só aqueles que teñen a discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia porque había xente que por mobilidade se atopaba aquí e non se podía beneficiar desta exención porque estaba recoñecida a súa discapacidade noutra comunidade autónoma.

Xa que logo a ordenanza no artigo 5º punto 2. quedaría:

No seu caso, polo órgano competente doutra Comunidade autónoma ou da Administración do Estado...

E no punto b)

..ou no seu caso, polo órgano competente doutra Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado....

Por último, temos a proposta de modificación da taxa polos servizos de auga e de sumidoiros que traen a súa causa no contrato firmado con Espina e Delfín que hai que actualizar os prezos conforme o IPC, entón este ano no período de agosto de 2016 a agosto 2017 leva unha subida do 1,6% .

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Intervencións, por favor. Concelleiro non adscrito?. PP?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Dende o PP estamos de acordo con estas modificacións e con estas adaptacións á lexislación. Simplemente aclarar e pedirlle unha aclaración sobre a bonificación sobre os inmobles de uso agrario, entendemos que esa bonificación cando se fala de actividade a cualificación ven dada polo catastro e as explotacións e os inmobles que aínda non teñan actividade?.

Dª. Teresa Varela Fisteus: teñen que estar recollidas como us principal agrario.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Xa.

Dª. Teresa Varela Fisteus: Pode contestar mellor Paco.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: No cando por exemplo dunha instalación ou dun establo, era un pouco a dubida que nos xurdía antes, que non teña actividade agraria ou agrícola neste momento pero que a edificación estea aí.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: E almacén.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Está cualificado como almacén?.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Claro.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Non ten dereito

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Carece de ese uso. De feito hai xente que por exemplo cando foi agora as notificacións protestou, porque imaxínate un establo pechado.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Unha granxa.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Si. O feito de que foran alí e de que protestase porque lle puxeron o uso de almacén ou dun establo, e logo lle ensinaron as fotos e alí ten os coches, iso é que é un garaxe. Quero dicir ten que ter un uso real.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa advertimos a xente das parroquias. Algo máis?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Si. Pode intervir *Manolo* polo tema?

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como queirades vós?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Segue.

D. Manuel Fernández López: Bos días,

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A ver, unha cousa ao concelleiro non adscrito: Dinlle a palabra, renunciou a ela e paseina ao PP. Agora é o seu turno e ten 8 minutos para compartilo quenes queiran. Simplemente entendo que o do concelleiro de facenda foi unha aclaración a unha pregunta de *Toño*. Entón fala *Manolo* e despois se quere falar o concelleiro non adscrito pode.

D. Manuel Fernández López: Aquí non estamos de acordo porque a bonificación ten que vir catalogada por catastro e unha vez que está catalogada esa construción por catastro de actividade agraria ou de actividade. Aquí temos que saber unha cousa, a actividade sabemos o que é e a construción tamén o sabemos, entón un establo que tivo actividade, que tivo vacas pero segue sendo unha construción agraria polo tanto que ter a bonificación do 95%.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que hai unha cousa que non entendiches. Nós non dicimos que non queiramos iso, senón que son os criterios que ten catastro non do goberno de Lalín.

D. Manuel Fernández López: Imos poñer un exemplo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos de acordo contigo.

D. Manuel Fernández López: Imos poñer un exemplo: unha construción que ven catalogada polo catastro como uso agrario, toda esa construción ten que ter unha bonificación do 95 % teña ou no teña vacas dentro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A nós parécenos ben, pero nós non temos ese criterio, fala con catastro. Nós non marcamos ese criterio, fala con catastro.

D. Manuel Fernández López: Pero se do Catastro ven catalogado como uso agrario entón inmediatamente ten a bonificación.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ten a bonificación, claro.

D. Manuel Fernández López: Iso é o que quería saber eu.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: De onde ven esa cualificación do Concello ou de Catastro?. De Catastro.

D. Manuel Fernández López: Vamos a ver, coidado coa situación porque isto é necesario que o expliquemos ben porque unha cousa é construción e outra cousa é actividade. Un establo que ven catalogado como agrario se non ten vacas dentro automaticamente ese tempo non ten actividade pero ten a construción agraria. Nós o que queremos é que todo o que veña de catastro catalogado como uso agrario que teña a bonificación do 95 % teña ou non teña actividade.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero de verdade *Manolo*. Contéstalle ti. Xa nos gustaría a nós.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: É alucinante a falta de coñecemento que tes, é unha cousa xa sorprendente. Que veñas o Pleno de Lalín a facer esa petición cando o Pleno de Lalín non ten competencias no tema de catastro. Quen pon o uso é precisamente Catastro e non será o goberno de Lalín quen legisla o catastro senón todo o contrario. O que se informou á xente é que se preocupe en que quede especificado ese uso para que poida desfrutar da bonificación que este Goberno propón, que non é unha proposta de Catastro. A bonificación do 95 % é unha proposta que trae aquí este goberno municipal e por certo que é a máxima que permite catastro. Eu entendo que hai que vir os Plenos con alegría, pero cun mínimo de rigorosidade. Entendo que ten que vir porque non teremos agora nós a culpa disto. Alá os tres. Eu contéstovos aos tres; non hai problema. Algo de seriedade. Unha construción que foi establo pero que agora ten un uso ben distinto a iso non estarás propoñendo como eu entendo que se lle bonifique con 95 %, se non dino.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estás propoñendo que a calquera construción, aínda que non teña uso agrario, se lle aplique o 95 %?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: *Manolo* xa está. Nós o que pedíamos era unha aclaración. Podo falar?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: *Toño*: eu entendín perfectamente a túa, pero agora isto?.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Poder participar no Pleno non ten ningún tipo de problema, ninguén está acusando ao goberno de que sexa el quen catalogue os bens inmobles do Concello de Lalín, pero ninguén pide iso e ninguén acusa a o goberno de nada.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non dixen iso.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: De feito na miña primeira intervención lle dixemos que estabamos de acordo porque non podía ser doutra maneira.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non digo que esteades acusando de nada que quede ben claro pero si que se está pedindo por parte do concelleiro que se faga a bonificación sexa ou non.

D. José Antonio Rodríguez Fernández: Por parte do concelleiro o que se está dicindo é que depende da actividade. Ao veciño que lle chegue do catastro unha cualificación pode estar de acordo ou non e para iso se pode informar ou pode reclamar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non dixo iso, pero bueno.

D. Xosé Crespo Iglesias: En todo caso unha pregunta. Eu entendo o que dixo Manolo e dende o PP estamos de acordo. Hai moitas explotacións que por desgracia xa non son efectivas e que tiñan alí un establo e o establo está criando paxaros ou esta criando formigas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: non ten actividade agraria.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non ten actividade agraria. Ese señor ten un prexuízo grave porque un matrimonio que deixou.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fala con Catastro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non é falar con catastro. Nós dende o Concello podemos facer algo. Unha explotación agraria que deixou de ser agraria porque non hai unha sucesión, de repente un establo tremendamente grande que ten unha bonificación do 95% como non ten actividade de repente paga como se fora outra construción, cando o señor ten aquilo dedicado aos pértigos.

D. Nicolás González Casares: xa o estaban pagando.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, perdóeme, non estaba pagando polos establos non se pagaba. Non se paga nada nin o 5 % pagábase 0. Es o Tenente Alcalde. Non se pagaba polos establos e agora por exemplo por un establo abandonado o señor non o tira porque non ten ao mellor nin con que e vai pagar o 100%.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E que podemos facer dende o Concello e dende as nosas competencias?. Dime.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu se me deixades investigar traemos unha proposta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: investigar?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu poño por exemplo establos que foron toda a vida e que agora están sen actividade e non a poden ter porque están xubilados.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É que estamos de acordo. O caso que contas por desgracia das 100.000 explotacións que hai en Galicia ata as que hai agora haberá miles de casos das que ti dis.

D. Xosé Crespo Iglesias: Correcto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A normativa de catastro eu creo que é evidente, eu non sei se a estudiaches ou non. É evidente neste caso e non a pon este Concello, nin a Deputación a pon catastro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Niso estamos de acordo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Déixame rematar por favor. Se ten actividade agraria non ten que pagar ten unha bonificación do 95% e se non ten actividade agraria non se lle pode aplicar a bonificación do 95%, non porque non queira este Concello senón porque son as normas de catastro. Dixen algo que non se correspondan coa realidade?. É exactamente así.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, explícolle. O problema do catastro é que o catastro o que grava é a propiedade non é a actividade, a actividade supoño que a decide o Concello. Cal é o problema? Un señor que teña un establo onde antes tiña vacas e agora xubilouse e ese establo efectivamente o converteu nun garaxe de coches pode entendela. O problema é que hai centos de establos en Lalín que foron establos e que os teñen de trasteiro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Outra vez?. Si, xa o sei.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso hai que bonificalo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A nós parécenos mal, pero non podemos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Paco téñeno de trasteiro o teño alí baleiro. Eles o tirarían de boa gana e preferirían ter un solar de po e palla pero tirar un establo custa cartos e máximo hoxe. Eu creo que se hai actividade agraria está claro e se non hai actividade agraria habería que especificar e buscar a fórmula que eu non o sei que non son técnico.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é competencia municipal.

D. Xosé Crespo Iglesias: De tal maneira que unha persoa que tivo unha explotación e que deixa de tela e alí hai un establo morto da risa non é o mesmo que o teña dedicado a outra cousa, ao mellor ten aí un carro pero e que?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entendemos a primeira, xúrocho. Entendimos perfectamente. Insisto iso non é competencia do Concello como ben sabes é dicir se catastro cambia os seus criterios e di cando eran explotacións deixaran de selo porque non teñen recursos para tiralo e pode ser bonificado co 95 % pero como non é a situación dende catastro, nós non temos nada que facer nese sentido.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu é un tema que vou estudalo e preocuparme de investigalo e vou a ver como se pode facer porque ten que ter algunha fórmula.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que me sorprende é que veñamos a este pleno con este nivel de información neste tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: É un tema que plantexou hoxe a maña *Manolo* porque el é agricultor profesional, a diferenza de algún de nós, e el sabe o problema que pode ter porque hai moitos veciños que teñen establos mortos da risa; que foron establos pero que agora non o son.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que en tódalas nosas familias temos seguro xente nesas circunstancias e polo tanto nós non estamos discutindo o que di *Manolo*; estamos discutindo que sexa posible. Non estamos dicindo que nos pareza mal a idea de *Manolo* de que paguen igual os que deixaron de ser explotacións, pero no é posible dende o punto de vista da legalidade. Nós levamos a Pleno a posibilidade de bonificación do 95 % cando haxa actividade agraria.

Despois se ti investigas como dis e nós podemos sumara esa investigación e hai posibilidade de facelo cos outros traémolo a Pleno tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Temos un problema que para o mes que ven xa non chegamos a tempo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Entón que facemos?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso tiveches que estudalo vós.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: nós xa o temos estudado, a nós o que nos din é que non. Quen dixo que ía investigar fuches ti. Facemos un extraordinario se queres.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Tedes dous segundos nada máis. Se ledes o texto da ordenanza é que o pon especificamente o uso agrario ten que vir como uso agrario pono así a ordenanza na primeira páxina da modificación da ordenanza, estádevos cinguindo a actividade ou non cando ten que ser uso principal agrario.

D. Xosé Crespo Iglesias: O uso principal agrario se un matrimonio por exemplo que era agricultor e están xubilados e non teñen xa explotación ao seu nome.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Entón o que temos que pedir é que se modifique a lei de catastro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Levámolo falando unha hora.

D. Manuel Fernández López: Desculpade. Unha pregunta sinxela que nos imos a entender perfectamente.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A ver se somos capaces.

D. Manuel Fernández López: A todos nos chega unha carta que nos ven especificado nas explotacións que temos uso agrario, almacén... Un establo que ven especificado como uso agrario automaticamente teña ou non teña vacas dentro ten o 95 % de bonificación iso é o que quería saber.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si. Iso o dixemos hai medio hora.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Eu entendían doutra maneira tal e como dixera Paco.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu tamén.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Deixádeme dirixir o Pleno, por favor. Voulle dar a palabra a Paco. Eu o que entendo que se de catastro ven que ese establo ten actividade agraria se lle aplique o 95 % o problema é cando ven que non.

D. Manuel Fernández López: Exactamente. Aí estamos de acordo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Foi o que dixemos sempre.

D. Manuel Fernández López: Se ven que non é o dono quen ten que ir a catastro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E se revise.

D. Manuel Fernández López: Exactamente. Pero se ven que si que non sexa un técnico do Concello que vaia por aí e lle diga coidado.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: non, non, quen marca ese criterio é catastro.

D. Manuel Fernández López: Por min quedou aclarado.

D. Juan José Cruz García: É un tema que estudei fai tempo para unha conversa paralela. En principio o que quero deixar evidente é que en certos momentos os usos neste Pleno foron ninguneados e non se lle deron importancia. Remitimos os usos que tiñamos que establecer no ENIL e hoxe aquí nese momento parece que non eran importantes os usos para esas fincas e aquí si que vemos que os usos son de certa importancia.

Os inmobles son de diferente tipo, pero entendo que pode haber eivas un pouco dende Catastro, porque todos estes temas tamén dependen moito da aprobación dos presupostos do Estado. Polo tanto si que podemos denunciar este tipo de carencias e ao mellor traballar para instar a organismos superiores que se teñan en conta. Cando falo disto falo por exemplo dos bens urbanos que pode haber probablemente erro da Xunta que non estean totalmente actualizadas as ponencias de valores e neste tema ao mellor o que temos que facer é debatelo e poder chegar a denunciálo para que eses usos e para que se poidan actualizar os valores catastrais tamén neste tipo de inmobles.

Si que paréceme importante denunciar que quede publicamente denunciado que xusto aquel inmovible que non ten actividade, o pobo é o que me esta transmitindo, que sexa ou que pague, xusto aquela xente que non xera actividade. Obviamente se está aí o Catastro e non xera eses usos e ten determinado este impostos, pois teremos que denunciálo e teremos que falalo e dotar das competencias e que se dirixa a Catastro e intente liderar estas demandas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dotar ao Alcalde das competencias, esta moi ben. Paco queres dicir algo.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: En cinco minutos adaptaches ben. A cuestión está clara. Chega unha carta e pon o uso que ten cada propiedade. En función diso se lee a

proposta que hoxe se trae aquí. En termos legais é un proposta en base á lei, é dicir, non é nin a que nós queríamos, porque ademais é unha proposta que hai que solicitada, nós queríamos que fose de oficio. A lei nos obriga a que a xente teña que solicitalo a aprobar obviamente esa bonificación, cousa que nos vai xerar máis traballo nesta casa facer iso. Polo tanto, tampouco insisto, dende o goberno queríamos facer a proposta. Mirade: podemos debater o que queirades, faltaría máis, pero estamos falando de usos e estamos falando dunha lei terriblemente inxusta, pero tamén é aplicable a un baixo comercial que pecha pola crise, os baixos que temos pechados en Lalín e pagan o IBI. Digo isto por ter globalidade das propostas que aquí se fan dunha visión máis global que isto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non é comparable.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Os valores catastrais que teñen os baixos de Lalín na inmensa maioría salvo uns casos mo concretos por rúas moi concretas son uns valores que están moi lonxe do mercado e que non teñen viabilidade de aluguer, xa non digamos de venta en moitos anos. Pagan o IBI exactamente igual que cando foi o boom neste pobo. Quero dicir que fagamos un debate global para beneficiar a todos os veciños e veciñas de Lalín. Aí si que penso que este goberno nos va atopar pero cunha lei.. Quen fixo esta lei? Onde se pode avala?. Eu creo que este goberno dotou ao pobo de todas as ferramentas posibles para defenderse dunha lei terriblemente inxusta. Iso é así e senón debatemos dese tema.

Este tema é a primeira vez e custou moito traballo explicalo e darlle forma, pero eu tamén creo que hai que darlle unha volta no vindeiro ano porque as bonificacións lineais do 95 % non son xustas. Quero dicir: non poderemos bonificar igual a *Amancio Ortega* que a un autónoma, digo por poñer un exemplo. Haberá explotacións que eu entendo que non haberá que bonificar por volume de facturación, senón por características de explotación e outras que si precisen porque senón estamos falando de naves empresariais que non teñen ningún tipo de bonificación e si que hai asimilables neses termos. Por tanto, este goberno o que fai é unha aposta decidida para parar un impacto. Ademais que me fai gracia, porque vexo as caras dalgúns das bancadas de enfronte e parece que esta regularización ven do abstractismo. Isto é unha decisión política e por tanto as consecuencias que teñen é debido e motivadas por unha decisión política da súa aplicación.

Eu creo que para o vindeiro ano si que poderíamos sentarnos os grupos. Paréceme unha boa proposta que lles fago para concretar esta bonificación, porque eu si que creo que hai xente que ten que estar excluída e si que creo que se pode facer por tramos para facela moito máis xusta. Eu sempre crin que as bonificacións lineais, salvo casos moi concretos, carecen de equidade.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu subscribo as palabras do concelleiro plenamente. Por pechar este debate: hai explotacións que van moi moi ben e non é xusto que teñan as mesmas condicións que algunhas que o pasan realmente mal, como sabedes; pero bueno así están as cousas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cunha diferenza, Alcalde: É que a *Paco lle* esquece dicir que un baixo que pagaba un IBI e agora por non ter esa activade, segue pagando ese IBI, é certo. Pero un estable non o pagaba e non o pagaba non porque fose unha prerrogativa que lle daban por ser unha actividade.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A miña pregunta, se me podes

contestar, que seguro que si é: Quen fixo esa lei de que teñan que pagar?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede sabía o que dicía *Romanones ou Pío Cabanillas* vostede: faga as leis e déixenme a min os regulamentos. Por tanto é cuestión é regulalo. Cando colle un regulamento, non collen as particularidades de cada zona. Pero precisamente os que estamos ao pe de canón en cada sitio, o temos que mirar. Eu non sei se hai formulas pero comprométome a estudalo e asegúrolle que algunha ten que haber. É certo que un comercio que agora deixou de selo ao mellor o IBI diso é exaxerado, pero un establo non pagaba nada e agora, se foi establo, vai pagar o 100 %.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que queda claro antes da votación é que esta lei e este regulamento susceptible ou non de cambiar previa investigación súa o fixo o Partido Popular. Non o fixo ninguén máis.

D. Xosé Crespo Iglesias: Creo que ten mal a información. O que fixo o PP foi actualizar o catastro, a lei de catastro non é de agora.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Digo a aplicación sobre as explotacións agrarias.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sobre as explotacións agrarias non. O que fixo o Catastro é regular e dar de alta todo aquilo que non estaba dado de alta. Por certo os nosos establos a maioría estaban dados de alta. Déronse na época do PXOM, pero tiñan cotización cero. Ao mellor o 90 % dos establos de Lalín estaban referenciados no Catastro, perdón no Catastro, no PXOM.

D. Manuel Fernández López: Eu creo que estamos todos de acordo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estamos todos de acordo, pero hai que votar.

D. Manuel Fernández López: Un establo que foi establo e non é establo e o señor utiliza ese establo como garaxe,, claro que non ten que ter bonificación.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non se me ocorrerá ese exemplo a min.

D. Manuel Fernández López: Estamos de acordo. Pero se non o utiliza, están pechados e non ten nada dentro. Ten que ter bonificación.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: E a lei de Catastro que vos avalades o que di é que hai que demoler para que non pague. Entón facede unha moción dirixíndovos ao voso goberno en Madrid.

D. Xosé Crespo Iglesias: E o goberno local que adiantou dous anos. *Paco:* dime que non. Ah, pilleite. Pero non foi culpa túa foi do Tenente Alcalde.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o

seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE o expediente, adoptándose o seguinte acordo:**

Ante a proximidade do remate deste exercicio económico e avaliadas as distintas medidas que convén adoptar dende unha óptica fiscal cara ao vindeiro exercicio económico e na procura dunha continua mellora na prestación de servizos e realización de actividades dentro do marco competencial que o ordenamento xurídico vixente outorga aos concellos, como ven sendo habitual nestas datas, cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais, é oportuno modificar as ordenanzas reguladoras dos seguintes conceptos tributarios:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.
- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Ordenanza reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.
- Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros.

A proposta de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles prevé o establecemento, ao abeiro do disposto no artigo 74.2. cuarto o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto para aqueles inmóbles de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, entendéndose como inmóbles destinados ao desenvolvemento das citadas actividades aqueles que estean cualificados polo Catastro como de uso principal agrario.

Co establecemento desta bonificación preténdese reducir e paliar as consecuencias da revisión catastral impulsada polo Goberno central e que se está desenvolvendo no noso concello, tanto no catastro de urbana como no de rústica, que vai a producir un impacto importante sobre os bens inmóbles do rural ao incorporarse ao catastro e darse de alta tódalas instalacións agrarias tales coma establos, granxas e naves que ata o de agora non tributaban polo IBI e que comezarán a pagar polo citado imposto.

A aplicación da bonificación proposta, na porcentaxe máxima do 95% que prevé a normativa vixente constituída polo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, para os inmóbles nos que se desenvolvan actividades vinculadas ás explotacións agrícolas e gandeiras, contribuirá a reducir a carga fiscal que soporta o noso medio rural, en particular o sector primario que é base da nosa economía.

A esta medida contribúe tamén o feito de que os tipos de gravames do Imposto sobre Bens Inmóbles vixentes no Concello de Lalín están fixados no mínimo que permite a lexislación vixente (0,4 % para os bens de natureza urbana e 0,3% para os inmóbles de natureza rústica)

Respecto da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ten por obxecto adaptar os requisitos establecidos para gozar da exención do imposto respecto dos vehículos matriculados a nome de persoas con discapacidade á Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. A citada lei establece que terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas a quen se lles recoñeceu un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento; considerando, en todo caso, que presentan unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

Á vista da citada normativa, coa finalidade de evitar calquera forma de discriminación que poida afectar ás persoas con discapacidade, considérase oportuno modificar a vixente ordenanza municipal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para incorporar aos colectivos de pensionistas citados, xa que a Ordenanza vixente tan só contempla como persoas con discapacidade que se poden beneficiar da exención do imposto sobre vehículos a aqueles que tiñan dito recoñecemento pola Consellería competente da Xunta de Galicia.

Polo que se refire á modificación proposta respecto da Taxa polos servizos de distribución de auga e da Taxa de sumidoiros, as modificacións proxectadas responden aos contratos asinados de xestión de servizos públicos que prevén determinados incrementos anuais. Neste caso, a xustificación da modificación das taxas polos servizos de abastecemento de auga e saneamento ven dada polo contrato asinado coa empresa Espina y Delfín, S.L., no que se prevía unha modificación anual das tarifas aplicables pola prestación destes servizos equivalente ao incremento ou baixada do custo da vida, entendendo como tal o índice interanual de prezos ao consumo determinado polo Instituto Nacional de Estatística. Respecto destas últimas taxas, propónse actualizalas mediante a aplicación do IPC do período agosto 2016-agosto 2017, cifrado nun 1,6 %, segundo datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística. Con base no exposto, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que deben producir os referidos tributos, á equidade e xustiza nos mesmos e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, ordenación, modificación e derogación dos seus propios tributos.

Por todo o exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

Primeiro.- O establecemento, ao abeiro do disposto no Artigo 74.2. quáter do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dunha bonificación do 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles de natureza urbana ou rústica nos que se desenvolvan actividades agrícolas ou gandeiras e que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, entendéndose como inmobles destinados ao desenvolvemento das citadas actividades aqueles que estean cualificados polo Catastro como de uso principal agrario.

O establecemento desta bonificación leva consigo a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles, consistente na introdución do Artigo 4.Bis,

achegándose a esta Memoria a modificación e novo contido da Ordenanza.

Segundo.- Aprobar a modificación das Ordenanzas seguintes, coa emenda do grupo de goberno ao principio indicada, achegándose a esta Memoria o contido das mesmas:

- Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Ordenanza reguladora da Taxa por servizos de distribución de auga, gas, electricidade e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servizos ou subministros sexan prestados por entidades.
- Ordenanza reguladora da Taxa de sumidoiros.

Terceiro.- Que este expediente, que se aproba provisionalmente, sexa exposto ó público polo prazo de trinta días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio do acordo no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior difusión da provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno

Cuarto.- Este expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade coa normativa vixente, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

4.- EXPEDIENTE 4937/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A VAGA DE LUMES FORESTAIS QUE ASOLOU GALICIA.-

Deuse conta do presente expediente e da moción do goberno presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 25 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada 8501. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 30 de outubro de 2017.**

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Unha cuestión de formas. Hai varias mocións a este respecto. O que falamos co PP é a posibilidade de debatelas todas conxuntamente. Non sei se seguimos co mesmo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Falamos nas Comisións Informativas e en principio estábamos de acordo todos, non Juan José?. Nas comisións informativas quedou claro que se debatían as tres

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É que eu non estiven nas comisións e non sei.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ten unha cada grupo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Polo tanto ten un turno cada un pero para debater xenericamente.

D. Nicolás González Casares: Vou empezar coa moción do PP que é unha moción

tipo, supoño. Practicamente non a adaptastes e está redactada dun xeito onde eu non entendo a política do PP para loitar e previr os incendios en Galicia. Na moción que vos presentastes basicamente do que se fala é de que se gastaron moitos cartos en extinción, de que hai un dispositivo e moita xente en extinción, que a xente que traballa en extinción é moi boa xente e que hai que agradecer moito o seu traballo, co cal estamos de acordo, pero non hai atisbos de políticas forestais para loitar contra o lume. Non hai nesa moción nada que fale da prevención contra o lume. Eu creo que aquí, a medida do que pensa o PP, que debe ser a loita contra o lume en Galicia e pensa que é montar un negocio fabuloso de extinción sen ter en conta para nada os pasos previos como son: o traballo da ordenación da política forestal e ademais por outro lado facer, non só extinción, senón ter un verdadeiro dispositivo de prevención, que non o temos.

O mes pasado cando foi a vaga de lumes todos puidemos comprobar en Galicia que temos un problema, un problema que se repite ciclicamente e que cada vez vai a máis, porque todos somos conscientes, aínda que o primo de *Rajoy* diga o contrario, que o tempo está cambiando e está cambiando a climatoloxía. Hoxe fai un día de sol magnífico e levamos un mes con días de sol e non chove.

Está claro que esas condicións climatolóxicas favorecen os incendios. Pero tamén favorecen o desenvolvemento das masas forestais, que entren chuvias máis torrenciais que antes e moito máis sol, pois temos un crecemento acelerado. Polo tanto, hai que facer cousas, pero non só hai que ir apagar o lume: hai que facer moito antes de ir apagar o lume.

Esta comarca non é precisamente das máis damnificadas. Imos a falar máis ben do Concello de Lalín, xa que temos unhas masas forestais un pouquiño diferenciadas do resto de Galicia polas especies de plantacións que temos aquí que non son precisamente pirófitas e gracias a Deus temos moitos bosques caducifolios. Iso xa en si é unha prevención contra o lume.

O que estamos vendo en toda Galicia e estamos percibindo é que hai un gran aumento da masa forestal que deriva fundamentalmente de dous factores: o primeiro que si nos afecta moito, que é o despoboamento no rural e o abandono da actividade agraria.

Dende logo estes días estiven analizando e traio aquí tres mapas de diferentes anos de como evolucionou o monte en Lalín no noso Concello nos últimos setenta anos. Dende logo se aprecia que as masas forestais case se duplicaron no noso Concello. En gran medida como digo son caducifolias, pero si que é certo que tamén están aumentando as masas de especies que arden moito máis rápido como é o eucalipto e os pinos.

O que está ocorrendo ao abandonar as terras de labor é que o espazo forestal e monte baixo vai ocupando o seu sitio e vaino ocupando por causas naturais, é dicir, o monte crece, pero tamén por causas do home, porque está plantando moito máis do que plantaba antes. Ese abandono das terras dende logo ven dado polo despoboamento do rural e da actividade agraria. O primeiro que ten que facer en Galicia e na nosa comarca, se queremos loitar de verdade contra o lume, é tratar de favorecer o establecemento da poboación, facer medidas de prevención e sobre todo tratar aos gandeiros e agricultores como gardiáns do territorio e darlles por iso bonificacións, simplemente polo feito da loita contra o lume que fan.

O outro día no incendio que houbo aí, que por sorte non foi moi grande e que estivo ao redor das corenta hectáreas, no incendio que houbo entre Cristimil e Gresande, todos puidemos ver que había un vento bastante potente; varios de vos estiveches aí. O vento foi levando o lume. Cando morreu o lume? Cando chegou os prados. É dicir, era moi fácil. Cal foi a medida de extinción máis potente que houbo? Que o lume fora levado aos prados; chegou os prados e parou de arder.

Estes días no monte alí enfronte en Silleda podedes ver incluso dende Lalín como está todo queimado salvo os prados que están no medio. Que quere dicir iso? Que a actividade

agraria é unha loita contra o lume e debemos manter eses prados e esas fincas en uso os que están as beiras dos núcleos rurais. Esa é unha das claves contra o lume, sobre todo tamén da loita contra o lume que pode causar perda de vidas humanas que é o lume que se mete nas casas. Polo tanto, aí temos un reto todos.

A Xunta de Galicia ten que ser consciente dese reto. Podes poñer os bombeiros que queirades, as motobombas e os avións que queirades, pero as masas forestais van crescendo e incluso vanse unindo e van rodeando as aldeas de tal xeito que por moito que haia extinción, alí non imos conseguir nada. Algún día vai arder, sobre todo se o que plantamos son especies que favorecen ese lume. Polo tanto, a primeira loita debería ser esa. Eu non atisbo aquí na moción do PP nada con respecto a iso.

Na nosa moción si que falamos de cambiar a política forestal, de facer unha política contra o despoboamento rural e de favorecer que os gandeiros e agricultores sexan recoñecidos non só de palabra con outras medidas como os defensores dese territorio, porque en realidade si que o son. Este problema vaise agrandar e moitísimo nos próximos dez anos. O outro día dicíame un enxeñeiro forestal especialista en isto que o peor está por vir. Falaba da portugalización de Galicia, porque realmente está sucedendo o mesmo fenómeno que está sucedendo hai anos en Portugal. O envellecemento da poboación está provocando isto. Está provocando que no monte entre todo e dicía que en sete anos aproximadamente o 50% dos donos das explotacións se van xubilar, co cal o abandono vai ser dun crecemento potencialmente exponencial, é dicir, vai aumentado progresivamente. Por tanto, eu creo que ese é un dos problemas que debemos atallar e traballar con seriedade. Ten que haber un traballo en Galicia. A segunda está clara. As especies que temos e que se están plantando ultimamente nesta comarca, xa digo que aínda imos librando, e en determinadas zonas se están plantando especies pirófitas, eu creo que están baseadas tamén nun negocio que está montado para favorecer o crecemento rápido e venderlle descaradamente o noso territorio a unha empresa papeleira.

Eu creo que aquí dende Lalín debemos loitar contra isto, pero debemos loitar por facer unha vixilancia da plantación dos eucaliptos. Por último quero anunciar que dende o Concello de Lalín nos vindeiros días e meses vaise estudar un por un cada un dos núcleos rurais de cada parroquia para ver o risco forestal que teñen o seu arredor.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias señor concelleiro. Déixolle vinte segundos, se quere.

D. Nicolás González Casares: Vinte segundos para rematar a frase. O que quero dicir é que se van estudar un por un todos os núcleos para ver si se cumpren as distancias nas plantacións e estudaremos todo iso. Unha vez estudado, falarase con cada un dos veciños de cada núcleo para ver como está a situación de cada un deles e as medidas que hai que tomar.

D. Juan José Cruz García: Nós instamos ao goberno do Concello de Lalín a elaborar un plan municipal para dotar de zonas adecuadas para almacenar auga en tódalas parroquias do Concello. Instamos ao goberno do Concello de Lalín a que destine os cartos que a Deputación e a Xunta dan para a contratación de persoal precisamente para manter os servizos contraincendios e dende logo a que se soliciten as axudas creadas ao efecto ós organismos diferentes e volvan contratar o de reter locais como se ten feito no pasado e agora en día non.

Que o Concello de Lalín Inste á Xunta a proceder á profesionalización dos servizos contraincendios e sexa persoal indefinido co obxectivo de traballar todo o ano tanto na

extinción como na prevención. Ademais se xera un parque no Concello por ser punto clave e céntrico para que o tempo de resposta se minimize en caso de incendio e poder abarcar un territorio máis amplo.

Instamos ó Concello de Lalín a que proceda a facer cumprir os nosos veciños segundo dite a lei de limpeza as fincas próximas ás vivendas e demais inmobles. Instamos á Xunta a facer programas pedagóxicos específicos sobre o tema e a sensibilización das nosas escolas.

Vexo cousas na súa exposición, *Nico*, que empezo a vislumbrar que hai un punto de reflexión despois das comisións informativas. Eu pódome equivocar, pero si creo que o Concello ten competencias para determinar as plantacións que se poñen nas distancias que hai coas casas, e en certa forma creo que é unha competencia do Alcalde velar pola seguridade e por tanto denunciar e seguir isto.

Vexo que xa tedes esa intención que me parece positiva. Vós que cando falades con eliminar os retés, falades como sempre eliminando cousas que fixeches no pasado. Vós fuches capaces de contratar no primeiro ano porque eu recordo ao axente forestal que nos pasou a información para que non se perdera aquela subvención e ademais quero recordar que nesa subvención e que ven da Xunta, tamén determina que segundo o espazo que limpemos temos unha bonificación que case chegaría a cubrir o 100 %. Logo da contratación deses retés podemos estipular que hai un 80 % da partida para os soldos, pero a maiores segundo se traballe e se limpen esas fincas dunha maneira ou outra podería chegar os 50.000€; nese momento ese axente forestal amigo meu na política nos distanciamos, pois foi contraria a súa vontade, porque el sempre preferiu defender que todo estivera centralizado na Xunta e foi quen de optimizar.

Unha vez que hai unha cousa, o que hai que facer é collela e se a ti che dan unha costilleta de comer, non quero costilleta de comer. Logo, que comes?. Unha vez que hai esa posibilidade iso ten que ser, ese acordo plenario. Está aquí polo que ten que ser. Polo tanto eu non podo votar un acordo plenario fai uns meses e agora votar o contraio. Sería pola miña parte contraditorio. Entón o que eu intento..

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Só fixeches vinte e cinco veces nada máis, pero bueno.

D. Juan José Cruz García: O que intento neste Pleno é intentar recordar e ser o máis consecuente co que estou votando. Polo tanto paréceme que é rirse de nós querer dicir que temos dúas palabras. Eu non teño dúas palabras. Intento votar sempre o mesmo.

Os usos e o tipo de plantación aquí tamén son tremendamente importantes. Parece que no ENIL no é importante o uso que lle demos a unha finca, pero aquí si porque hai xente que está plantando piñeiros e iso ten que velar por regulalo e vixialo o noso Alcalde de Lalín.

O tempo cambia. Moi ben, lección maxistral de climatoloxía. Pero esa lección maxistral de climatoloxía non nos valeu para o tema da seca. Obviamente, escoitar aquí que as augas torrenciais empapan máis a terra e que fan medrar máis as masas forestais paréceme cando menos de risa. Temos que pronunciarnos dende o Concello sobre todo no tema das distancias nos núcleos e das distancias as casas. Iso é importantísimo e despois que veñamos a traer a debate de que os, é a forma mellor de prevención. Home iso é obvio.

Levamos moitos anos en Galicia no que o despoboamento é importante, é evidente. Que podemos facer?. O primeiro que podemos facer é non eliminar o que nos dan, porque para ben e para mal por moito que nos pese aquí hai unha maioría absoluta na Xunta e eles dan o que queren ou o que consideran. Polo tanto, todos os recursos que temos na nosa dispoñibilidade hai que collelos. Recordo perfectamente cando se votou esta moción e cando digo que hai que ser consecuente con ela que houbo unha certa reticencia a intentar ser solidarios cos nosos

medios.

Miren señores: obviamente que eu pida nesta moción, que se inste á profesionalización do que sería o servizo de extinción de incendios. Traíana consigo. Sei que aquí habería que intentar profesionalizar ao 100 %. Por que?. Obviamente os reténs dos concellos non serán os máis profesionais, porque non hai xente que estea aí. Quédanos grande pedilo a Xunta polas competencias que son locais? Si.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quédalle un minuto. Desculpe.

D. Juan José Cruz García: Polo tanto o importante é velar polas distancias ás nosas casas, velar polo tipo de plantacións que se fagan. Estou seguro que nese estudio que van facer van atopar moitísimas deficiencias.

Eu sei ben que é unha decisión política custosa, pero tamén lle digo outra cousa, señor Alcalde sen ningún tipo de rencor nin nada nin de reticencia: Quérolle dicir a este Concello, se vostede se empapaba realmente da xente do rural. Eu creo que a xente do rural opina que debemos estar limpando esas zonas. A xente xa está moi sensibilizada. Polo tanto, non teña medo a denunciar. Claro vostede vai ir falando primeiro, normal. Quererá mediar; pero non teña medo. Eu creo que hoxe en día o noso pobo xa entende que temos que velar pola nosa seguridade.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias, PP. Teñen oito minutos, lémbrolle.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostedes traen a este Pleno unha moción que motivou que nós a continuación e o concelleiro non adscrito. Pero no noso caso motivou que nós presentáramos unha moción que mandou a nosa formación política e nós presentámola precisamente porque vostedes intentaron, neste tema que é un tema supramunicipal, intentaron erosionar ao noso partido como ven sendo habitual en moitas mocións que presentan. Eu dende o punto de vista político pódoo entender. O que xa non entendo é que o Concello de Lalín e o seu Tenente Alcalde queiran sacar peito das excelencias das consellerías que están baixo a súa tutela de medio ambiente, cando se podería dende o seu punto de vista facer moito mellor as cousas.

O tema dos lumes é moi complicado. A xente sempre ten unha pedra filosofal. Perdón, os políticos sempre temos unha pedra filosofal para arranxar os incendios cando estamos na oposición despois. Cando estamos no goberno non temos esa pedra filosofal, porque non existe, porque é un tema complexo e para abordalo requiriría dun amplo consenso entre as formacións do arco parlamentario, porque hai que incidir nun tema moi delicado en Galicia que é a propiedade, é dicir, aquí habería que remontarse Sr. Tenente Alcalde a que vostede empezou dicindo que ía empezar falando pola moción do PP e logo non falou da súa nin da de *Juan José*. Quérolle dicirlle que vostede falou da nosa e ademais dunha maneira ecléctica porque eu non entendo que a nosa non fora por aí, por onde van os tiros. O que si é certo é que o tema dos incendios é un tema motivado por moitas cousas. No caso de Galicia e que non teñen moitos arranxos.

O que non cabe dúbida é que todos temos que poñer o noso gran de area para intentar arranxalo. Aquí hai comunidades de montes. Terían moito que dicir e no seu momento tamén terían moito que dicir o feito de que, en vez dos concellos, foran eles os que tiveran que explotar. Hai comunidade de montes que fan unha labor importante no monte e outras non fan absolutamente nada e ao mellor os concellos, é máis, eu estou convencido de que os concellos si que o faríamos porque é unha pena esa perda de riqueza grande. Por tanto, hai que remontarnos historicamente ao que pasou coa lei de montes. Polo tanto, unha vez que as

comunidades de montes teñen competencia para algunhas cousas, habería que cando menos que revisar como se podería negociar con elas porque eran uns activistas fundamentais na loita contra os lumes.

Logo está a propiedade particular. O particular que ten unha propiedade no monte e a cuida que é o correcto. Se non o fai, algunha medida habería que tomar.

Aparte de meternos na propiedade que é un tema moi difícil en Galicia polo temas dos marcos. Como ben sabedes os galegos permiten todo menos que lle cambien un marco. A un galego do rural e iso de cambiar marcos suporía quitarlle propiedades á comunidade de montes. O propietario polo tanto é difícil pero non cabe dúbida de que nós, que é o que se trata aquí como administración, xa que vostedes trouxeron aquí estas mocións, coidamos que estas mocións eu creo que serían de debate no Parlamento Galego. Vostedes quérena traer aquí, motivo pola cal nós tamén metemos a nosa. Así de sinxelo. Eu non a fá meter. Dixémolo nas comisións informativas. Nós metemos precisamente esta moción tipo do partido, porque vostedes meteron a súa. Se non, non a meteramos. Digo que esta dos incendios metémola porque vós metedes a vosa. Eu non o oculto. Díxeno nas comisións informativas e repítoo aquí.

Por tanto, se queren que o debatamos aquí, debatémolo. Pero botar peito dende o PSOE de Lalín precisamente cando aquí non se cumpriu e non se puxo o grao de arena que habería que poñer para axudar neste problema eu creo que cando menos é chulería, é chulería pola vosa parte, porque vostedes se escudan en que este Concello non ten brigada, porque non quixo intervención. Iso non é certo de todo. Un concello similar ao noso ,como é o da Estrada, ten brigadas. Que ocorre? Que nas bases de execución do presuposto habería que haber posto non un trampa, senón un subterfuxio legal que o permite e vostedes non o fixeron. Pero iso é un problema de xestión, non é un problema de querer ou non querer.

Se vostedes lle din ao Interventor: podo contratar unha brigada antiincendios?, é normal que Intervención diga: pois non. Pero se vostedes o fan dun forma que eu incluso falei con algún concelleiro de vostedes, creo que o falei con *Medela*, se mal non recordo, con algún do goberno falei. Creo que foi con *Medela*, non estou seguro, para explicarlle dende o meu punto de vista o que nós faríamos aproveitando o que fixeron outros concellos como o da Estrada e creo que me recoñeceu que se podería facer. Polo tanto, vostedes que saquen peito co tema dos lumes cando pola súa parte non foron un dos concellos máis espléndidos, porque eu se saca peito o Concello da Agolada ou o concello da Estrada, pois home ao mellor cánome, pero precisamente Lalín que non me parece ético nin estético.

Para non falar de cada unha das mocións. Eu só lle digo que si é certo que é unha moción de partido e ímola apoiar, como non pode ser doutra maneira.

A moción do concelleiro non adscrito, aínda ten un punto que pode ser canto menos discutible: que o Concello de Lalín inste á Xunta a proceder á profesionalización dos servizos contraincendios e sexa persoal indefinido por motivo de que traballen todo o ano tanto na extinción coma na prevención, ten unha parte que si me gusta que, ademais, se xenere un parque non noso Concello por ser punto clave e céntrico para o tempo de resposta en caso de incendio para poder abarcar un amplo territorio. A min paréceme razoable e polo tanto nós a moción do concelleiro non adscrito ímola apoiar. A nosa obviamente ímola apoiar e a de vostedes ten un punto fatídico que é o punto cinco onde di: "Instar á Xunta de Galicia asumir as súas responsabilidades en materia de prevención e reformular o servizo de defensa contraincendios baixo o mando único eliminando as brigadas municipais". Oiga hai un acordo plenario de maioría absoluta onde di que este Concello ten a obriga de ter brigada municipal; outra cousa é que fagan caso omiso como doutras moitas cousas. A súa moción polo punto cinco non a imos a votar a favor, salvo que cambien o punto cinco e diga xusto o contrario do que di.

D. Nicolás González Casares: Xusto o contrario?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Claro que imos ter brigadas. Que diga por exemplo en vez de dicir eliminar as brigadas municipais: o Concello de Lalín cumprirá cos seus compromisos e comprométese a ter unha brigada de colaboración coa Xunta de Galicia para a extinción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moi ben, pasamos a un segundo turno.

D. Nicolás González Casares: Ía falar *Paco* pero se marchou; entón falo eu. Nós podemos retirar ese punto pero non variálo, se xa hai un acordo plenario entón por omisión xa se traslada ese acordo plenario. Digo eu, non?. Queres falar *Paco*?

O que queremos dicir é que quitamos ese quinto punto, pero o que non imos facer é cambiálo. Eu creo que, se ten que haber un servizo de extinción, non pode estar municipalizado dese xeito, é dicir non municipalizamos o 061, nin a sanidade, nin educación... Que teñamos unha brigada municipal sería unha municipalización na que eu non creo, porque creo que debe haber un corpo de extinción de mando único con presenza en tódolos puntos en Galicia, enténdase ben en todos os concellos que estean racionalizados e que estean ben distribuídos, segundo os riscos e as necesidades existentes en cada zona.

Volvo dicirilles. Eu espero que o PP que gobernou Galicia tantos anos e hai un problema de lume, o PP está demostrando o seu fracaso na súa política forestal contra os lumes. Isto é así. Podemos dicir outra cousa, puido haber cousas que o PP fixera ben no goberno da Xunta nos últimos trinta anos, pero que está claro que nos lumes fíxoo rematadamente mal porque a cousa non vai a mellor, senón vai a peor. Gastamos cantidades inxentes na extinción dos lumes, cantidade de diñeiro exaxeradas. Como pode ser que gastemos tanto na extinción e case non destinemos nin a cuarta parte á prevención?.

Dende logo a xestión é complexa, como di o *Sr Crespo*. É complexa entrar no problema da propiedade e da comunidade de montes, pero dende logo alguén deberá de facelo e para iso ten a súa responsabilidade o PP do goberno da Xunta de facer leis que favorezan a loita contra os incendios e de atacar por aí a propiedade. Ou quen o vai facer? Directamente os concellos? Está claro que non. Vostede mesmo estaba recoñecendo na súa intervención o fracaso da política forestal da Xunta. Pois atallen ese problema loiten e lexislen contra ese problema pero non o fixeron nunca. Por que? Non sei as razóns. Sei que é difícil, porque aí se xoga moitos votos é certo. Pero se hai responsabilidade, haberá que facelo. O que si sei é o que fan vostedes noutra parte da peza que dixen eu da política forestal, favorecendo unha industria que permaneza moitos máis anos por decisión presidencial totalmente arbitraria favorecendo que aquí as masas máis grandes de toda Europa en eucaliptos. Entre Portugal e Galicia estamos eucaliptizando o noso monte. Eu entendo que non haxa que exterminar os eucaliptos que ninguén me entenda mal, pero haberá que plantalo con seriedade con rigor e en zonas con baixo risco e en zonas onde o monte non poida producir outras cousas e aí podemos estar de acordo; haberá que facer un control exhaustivo. Dende o Concello de Lalín imos facelo e de feito encargouse un informe a asesoría xurídica onde nos dicía que o único sitio onde se podía actuar era en aquelas zonas de solo agrario común onde se plantaran esas plantas e por aí poderíamos denunciar á Xunta de Galicia.

Dende logo neste Concello están ocorrendo estas cousas, están sucedendo cousas que a Xunta de Galicia non persigue porque non lle da a gana e voulle dicir algo que está ocorrendo en Lalín continuamente e que hai que perseguir. En zonas onde gastamos millóns de euros en facer parcelarias estanse plantando a día de hoxe eucaliptos e iso é unha auténtica barbaridade porque estamos tirando os nosos cartos a aínda por riba estamos aumentando o risco de incendios por unha reintegridade mínima porque ademais as parcelas non son tan

grandes pero si que está aumentando a masa forestal sen sentido, iso podémolo perseguir o Concello levemente pero dende a Xunta de Galicia que ten as labores de inspección deberíano facer e non o están facendo.

Pola nosa parte *Sr. Crespo* retiramos ese quinto punto.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Gracias, rematou o seu turno. Concelleiro non adscrito se quere ten cinco minutos.

D. Juan José Cruz García: Por min non hai problema, polo resto creo que máis ou menos é entendible. Creo que me parece moi ben a iniciativa que tomades e que a seguiremos porque a iniciativa das parroquias das casa e dos núcleos e unha vez que non é contraditorio e todo o que se poida facer contra o lume, pois mira estamos dando un exemplo probablemente neste leno para intentar pouco a pouco facer unha unión e polo menos estamos establecendo uns criterios de unión e de sensatez loitando todos contra esta lacra. Obviamente na moción do concelleiro non adscrito hai apartados que ao mellor son moi ambiciosos. O pobo demandoume que me pronunciara e si que me gustaría visualizar tamén un pouco na vosa segundo ou cando cerredes o círculo de intervencións se facedes e deixades en acta un compromiso entendo que mínimo onde me parece moi importante os puntos de captación de auga de polo menos dar a intención de facer un mínimo de puntos de captación de recollidas de auga tal e como por exemplo algúns veciños xa se mostraron moi interesados cando foi no tema de Botos cando foi a captación de augas que viñan da vía do tren.

Se vós facedes un manifesto, se ve en vos unha vontade de poder empezar a facer estas pequenas obras de captación, poñamos no caso catro puntos estratexicamente colocados no noso Concello. Pareceríame óptimo o debate e pareceríame que chegamos a algunha conclusión de que si que é competencia local e algún compromiso que si que é competencia local, polo tanto si teríades o meu voto a favor.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: perdón, Miguel despois. Quere falar un segundo o Sr. Secretario.

O Secretario: Un pouco para centrar o tema da moción. Cando se cambiou a lei de montes neste ano 2015 introducíronse unha serie de modificacións na lei de incendios forestais. Esta lei que non tivo unha oposición clara por parte dos concellos e tampouco por parte da FEGAMP. Establece que os donos e propietarios das fincas que rodean os núcleos rurais, aquí en Lalín temos trescentos trinta e tantos núcleos, máis todas as construcións e edificacións que están, os donos e propietarios teñen a obriga de mantelas en condicións de limpeza nun radio de 50 metros. En caso de que os donos non fagan esta limpeza e non atendan a esta obriga que establece a lei de montes que modifica a outra lei obríganos aos concellos a que nós fagamos directamente iso e que despois o repercutamos. Iso falando de 333 núcleos e de todas as vivendas illadas en solo rústico é unha obriga imposible de levar a cabo. No seu tempo non houbo unha oposición clara e contundente por parte de ningún concello nin no Parlamento nin na FEGAMP. O problema esta aí. Se nalgún momento alguén o pide, teríamos que consignar e contratar por execución subsidiaria e recuperar o diñeiro.

D. Xosé Crespo Iglesias: É que ten razón o Secretario pero é que é así. Eu creo que os núcleos rurais, vostedes dixeron que ían facer un estudo, fágano. Os núcleos rurais os veciños teñen que telo limpo o perímetro que marca as leis e si non o fan os veciños, ten que facelo o Concello e logo repercutirillo ao dono. Xa sei que repercutirille os donos ten un

inconveniente dende o punto de vista de que as veces a propiedade é moi complexa e non se sabe de quen é polo tanto queda sen cobrar, porque se non se sabe a dirección nin onde está pois é difícil cobrar, pero aínda sendo difícil de cobrar, o Concello teno que facer sen dúbida.

Para non me alargar na miña intervención e cumprir co tempo pactado. Esta era a última intervención se mal non recordo, non?. Vostedes non se pronunciaron o que ían facer coas mocións, cousa rara; non dixeron que ían votar na nosa. Eu dixen o sentido do meu voto, se vostedes o queren ter segredo, pois alá vostedes. Eu supoño que vostedes para que eu poida intervir deberían dicir o que ían facer coas mocións, porque obviamente tamén depende da nosa intención do voto. En todo caso, xa que vostedes non dixeron o seu sentido do voto eu dígolle o que vamos a facer nós.

Aclarado o tema de que eu non pido baixo ningún concepto municipalizar un servizo que é da Xunta de Galicia. Nós o que pedimos é unha colaboración coa Xunta de Galicia.

D. Nicolás González Casares: A vosa non ten ningún inconveniente.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Imos votar a favor da vosa.

D. Nicolás González Casares: Ten inconvenientes da redacción non nos puntos. Na redacción porque é irreal.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non digo que non. Eu o que digo que destas intervencións nos queda claro que despois que o Concello de oficio vai inspeccionar as plantacións de pirófitas e darlle conta á Xunta, cando estean plantadas en terreos que non son os acordos digo eu, eu entendín iso.

D. Nicolás González Casares: Explícolle, xa levamos facendo algún tempo facendo iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu non digo que non o fagan, o contrario.

D. Nicolás González Casares: Xa levamos facendo pero temos un problema e que cando fagamos eses traslados que fagan algo porque vostede sabe que nós aí non temos capacidade sancionadora nos solos rústicos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Claro que non teñen capacidade sancionadora pero eu o que lle digo é que poñan e coñecemento da Xunta de Galicia.

D. Nicolás González Casares: Exactamente pero tamén lle digo unha cousa que a Xunta de Galicia non o está facendo e porque non lle da a gana.

D. Xosé Crespo Iglesias: A Xunta de Galicia non é certo que non o este facendo. A min cónstame de varias denuncias que tramitaron os axentes forestais e si se levaron a cabo e si se arrancaron eucaliptos no Concello de Lalín, asegúrolle eu porque o coñezo de primeira man que viñeron a falar comigo e díxenlle mira tedes que arrancar os eucaliptos que aí non o podes plantar e punto e non hai outra fórmula. Si se arrancaron eucaliptos en Vilatuxe. Iso cónstame a min. Se quere, dígolle onde; arrancáronse eucaliptos en Vilatuxe que se plantaron e puxéronlle unha sanción e agora van facer unha alegación a ver se lle rebaixan a sanción.

D. Nicolás González Casares: Sei de catro sitios. O problema é que hai moitísimos. Ti

colles o coche e vas por unha das pistas parcelarias xa rematadas e aparecen plantacións e plantacións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero ao mellor pódese facer. Eu non digo que non se poida facer.

D. Nicolás González Casares: Voulle dicir a verdade. A min o eucalipto non me gusta nada. Imos empezar xa por aí. Son un inimigo radical del. O que entendo é que hai xente que lle pode sacar rendimento. Eu vou mirando cada vez que vou por aí. Se hai eucalipto apúntoo e moitas veces vou ver a clasificación do solo. Eu particularmente fago esa labor de inspección; logo esa inspección miña non vale. Terá que ir *Plácido* ou algún traballador. O que quero dicir é que o Concello vai facer e vai ser duro niso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vasme consumir todo o tempo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, o teño parado.

D. Nicolás González Casares: Por aclararlle, van facer ese estudio, non sei o tempo que levará.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que lles pido é que, neste tema das vagas como houbo haberá de vez en cando e no tema de salvar as casas, que se faga ese estudio e onde non cumpra que se faga cumprir nin máis nin menos, eu o único que pido é iso e logo o resto non lle toca o Concello de Lalín os incendios de Galicia.

Con respecto ás mocións, dígolle o mesmo: nós votamos a favor a do PP, como non podía ser doutra maneira; votamos a favor da do concelleiro non adscrito e a de vostedes. Se o punto quinto “que instar a Xunta de Galicia” a quitan e lle poñen no seu sitio, a única condición que pido.

D. Nicolás González Casares: Non, nós quitámola, pero non nos vas facer ti a moción; nós quitamos o punto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu estou intentando facer unha transaccional para votar a favor, nada máis.

D. Nicolás González Casares: Pois retiramos o quinto e xa está.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, pero eu pido algo máis, que se retire o quinto e que se diga algo así, pódeno redactar como vostedes queiran: “que o Concello de Lalín comprométese de acordo cun acordo plenario aprobado por maioría absoluta”.

D. Nicolás González Casares: Vouche dicir *Crespo*. Nós retiramos iso da nosa moción do punto quinto e se queres facer ti unha emenda na vosa moción poñede iso. Poñedes iso na vosa moción, que nós non imos a votar en contra da vosa moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Claro, imos a votar a favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero eu o que quero é emendar a vosa non a miña.

D. Nicolás González Casares: Retíroo, pero non ma escribas ti.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Votade en contra. Dáme exactamente igual. Estamos dicindo que a retiramos e aínda así queredes que nos baixemos os pantalóns? Non?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu quero que a retiredes pero que os comprometades a colaborar.

D. Nicolás González Casares: Pono na túa e xa está.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón; dirixo eu o Pleno.

D. Nicolás González Casares: É unha pena que non fixerades vós a moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dirixo eu o Pleno, Sr. Crespo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estaba falando eu e interrompeume o Sr. Tenente Alcalde por un espazo case de tres minutos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tiven parado o tempo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Paraches o tempo pero se eu interrompo a el. Eu o que quero é que quede claro que o Concello de Lalín vai colaborar. Só pido iso.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale, queda claro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Queda claro. Pero que quede na vosa moción que o Concello vai colaborar, só pido que poñades iso. Poñédelo onde queirades nese punto ou noutro.

D. Nicolás González Casares: Que o Concello vai colaborar co reten de incendios.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Aceptado. Mira que estamos coordinados.

D. Xosé Crespo Iglesias: De acordo co acordo plenario.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Miguel, queres dicir algo?.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Si. Bos días a todos. Eu quero dicir que os tanques de auga contra incendios xa se van facer, temos pendente catro e despois temos en parroquias para facer para o ano como en Galegos, A Xesta e algún máis que agora mesmo non recordo.

D. Nicolás González Casares: Estase facendo agora o de Zobra.

D. Xosé Crespo Iglesias: E os que están feitos que os tedes abandonados?. Vanse recuperar?.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Cales?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Os que están. Varios: Palmou, Filgueira por exemplo. Eu dígoche os que vexo eu. O de Filgueira está difícil de acceder a el.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Mirarémolo.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: O recoñecemento de fincas nos núcleos tamén se está facendo. Xa temos recoñecidas como 1.500 fincas. Agora hai que ir ao terreo e ver cales están abandonados e cales non. Pero iso xa é un traballo que estamos mandando todos os anos a prevención contraincendios. Iso xa o ten a Xunta. Todos os anos xa o ten a Xunta.

D. Juan José Cruz García: O que estades facendo ben está ben feito.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Remato este debate.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu só unha cuestión de orde. Como queda redactado o punto ese. A min díganmo. Non pasa nada. Eu para decidir o voto...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que o Concello se compromete a colaborar co retén de incendios en función das mocións aprobados por este Pleno.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale. Iso vai no sitio do punto cinco ou noutro calquera?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: No lugar do punto cinco. É un cambio.

D. Xosé Crespo Iglesias: De acordo, entón votamos a favor.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu quero dicir varias cousas. Despois deste debate sobre os incendios e non pretendo incendiar tampouco, pero considero que non é un tema menor. É certo que se din cousas moi diferentes cando un ten responsabilidades de goberno que cando un ten responsabilidades de oposición. É evidente que no tema do monte ten que haber un gran pacto e políticas de consenso que probablemente non houbo en Galicia. É certo que se utilizou miserablemente por parte de moitos bandos, non só digo no tema dos incendios para facer política, que ao mellor non comparto. Leo textualmente as frases do actual Presidente da Xunta de Galicia cando estaba na oposición que non teño nada contra el. Teño unha relación correcta con el, pero quero dicila: “*Connosco non morría xente nos incendios e con eles catro persoas*”, referíndose ao bipartito. Este tipo de frases son lamentables, como se o dixeran agora exactamente igual.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por alusións: non se escoita.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Grazas por ditarme o que teño que facer.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ti fai o que queiras. Eu doulle a palabra sempre.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se escoita.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quere escoitar. Eu voulle dar a palabra sempre, non vai ter problema, de acordo?.

Eu estou lendo literalmente o que estou dicindo e digo que nin por un bando ni por outro este tipo de cousas están ben. Creo que non estou inventando nada. Son frases literais entrecomilladas, tanto de antes como ao mellor de algún de agora que non está ben.

En canto aos brigadistas, eu creo que está recollido nas actas de este Pleno que eu son favorable a que haxa brigadas nos concellos. Ademais hai un acordo plenario que creo que foi por unanimidade, se non lembro mal. Pero eu estou a favor das brigadas nos concellos.

Tamén é certo que este concello durante anos non tivo brigadas de incendios, non pasou só con nós, senón tamén con vostedes. No meu partido somos moi modestos, pero temos axentes forestais que están en primeira liña de combate, xente moi capaz que nos transmiten que están en contra de que os concellos teñan brigadas por un problema grave de coordinación. Isto é o que me transmiten a min. Ao final pos en perigo á xente que está loitando en primeira liña contra o lume. Isto non o invento eu. Isto dino os profesionais e teño certa tendencia a deixarme guiar pola xente que sabe máis que polas vísceras e polo estómago. Insisto que na miña ignorancia, eu o que penso é que si temos unha brigada polo pequena que sexa, será máis fácil de actuar en determinados sitios. Isto é o que me din o sentido común pero os profesionais non din isto. Dinme cuestións totalmente contrarias e xente que batalla na primeira liña. Sábeo o concelleiro non adscrito e sabe que digo a verdade.

D. Juan José Cruz García:Ao mellor temor que acotar tamén o da profesionalización. Eu traballei aí e tes moita razón o que estás dicindo, estouche dando a razón.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Gracias.

D. Juan José Cruz García: Niso ser sensibles e fagan os retes e preparar a esa xente e dotala de cursos o que ten que ter esa xente porque iso é moi serio. Aí tes toda a razón. O que estivo diante dunha punta de manguera dun incendio, como estiven eu, sabe os riscos que se pasan.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E Feijoo tamén estivo cunha manguera.

D. Juan José Cruz García: Eu traballei niso.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estivestes os dous.

D. Juan José Cruz García: Eu creo que alí ía un pouco desprotexido.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non tes a palabra. Deixoume fácil a contestación. Pido desculpas ao PP, que non me quería meter co Presidente da Xuta neste caso. Ao que vou. Comparto tamén co tenente Alcalde todo o relacionado co eucalipto. Evidentemente é unha árbore para intentar encontrar un beneficio rápido e dun xeito totalmente inconsciente que a política forestal en Galicia foi durante anos e que agora estamos vendo o resultado e que non acabamos de solucionar o que está pasando polo monte. Segue morrendo xente precisamente porque se están metendo moitos cartos en extinción e non en prevención

en montes e en limpeza dos montes, como moi ben dixo o Tenente Alcalde. Anunciamos que votamos a favor da moción do PP. Non sei se o *Sr. Crespo* me quería rebater algo das cuestións que dixeran e que lín literalmente.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, paréceme ben que diga que está a favor das brigadas cando no punto cinco da súa moción quen afirmou, entre eles vostede, eliminaba as brigadas. Aquí estamos tolos ou?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que lle expliquei.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se está a favor das brigadas municipais, aínda que os técnicos aconsellan que por un tema de coordinación que non. Por contra. Se aprobáramos a súa moción, tal e como vostedes a presentaron e agora modificaron, que imos a votar a favor dicía todo o contrario. As cousas como son. Eu non entro nos temas de *Feijoo*.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por aclaralo. Eu penso que vostede é capaz de captar perfectamente o que penso eu persoalmente. Ao mellor eu non son ningún iluminado e nin me creo ningún iluminado. Considero que hai xente que sabe moitísimo máis ca min deste tema. Por iso fago a conciencia o que di a xente que sabe moito máis ca min. Explíqueille antes que a min por pura lóxica persoal. Se me di que, se a ten este Concello, é máis fácil actuar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non teño a menor dúbida; pero iso non é así. Os profesionais din que non porque para eles é máis incómodo e probablemente sería máis efectivo se estivera todo coordinado na Xunta de Galicia probablemente.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que vostede saiba máis que os profesionais.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero hai que colaborar independentemente do técnico. Cando un técnico, calquera que sexa, me di algo ao longo da miña experiencia política e eu pensando o contrario, respectando o que di o técnico, que el sabe máis ca min nesa materia, eu facía o que me dicía o meu sentido común. Polo tanto, claro que os técnicos din iso. Non digo que non, pero é que as brigadas municipais, mentres non se cambie o sistema, fan falta fan falta para cousas como as do outro día, porque os concellos pequenos son as que as teñen que poñer.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tamén recoñeces que durante varios anos este Concello non tivo brigada municipal. Con vostedes, é certo ou non?.

D. Xosé Crespo Iglesias: A diferenza entre nós e vostedes é que cando aquí non houbo brigada sempre estaba pactado coa Xunta de Galicia o 100 % dos casos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero non había.

D. Xosé Crespo Iglesias: Porque a cambio a Xunta reforzou as súas e porque había outras cousas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É dicir, que agora a Xunta non reforzou

as súas?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non terxiverse as cousas. Mire: eu estoulle dicindo que este Concello agora podía ter brigada e non a tivo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Este Concello ten moto-bombas como sabe.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ten moto-bombas? E logo porque o día 26 estaban aparcadas?. O día 26 porque tiñan de vacacións a un dos condutores da moto-bomba?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sería por unha cuestión moi semellante de porque vostedes remataron os contratos na Xunta de Galicia para os brigadistas en plena seca e vaga de lumes.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non. Os responsable de dar as vacacións son os concellos non a Xunta de Galicia. O día 26 de outubro estiveron vostedes sen moto-bomba. Con que apagarían os incendios nese caso?. Cando lle deron vacacións ao chófer das moto-bombas?. Recorde cando as deron, porque nos consta que cando máis ardía Galicia, vostedes tiñan a un deles de vacacións e o outro tiñano traballando doce horas consecutivas e as outras doce horas a moto-bomba sen chófer, salvo que a collera *Medela*, que era unha posibilidade.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vaille contestar *Medela*.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Tiñan que coller vacacións; loxicamente non a ían coller o 1 de novembro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por que non as deron antes?. O lóxico é darlla cando hai vaga de lumes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A Xunta de Galicia como vostede sabe retirou por fin de contrato e deixou a Galicia sen brigadistas, punto un. Punto dous, non lle vamos a dar as moto- bombas en agosto as vacacións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cando contrataron aos moto-bombas? En que data?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non sei.

D. Xosé Crespo Iglesias: En que data? En xuño? E por que non as deches nese momento?. Ao principio había algunha vaga de lumes? Pois dámoslles ao principio.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Damos vacacións antes de empezar a traballar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non las da ao final. Non é de recibo que vostedes teñan teñan sen chofer unha moto-bomba o día da vaga de lumes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: En outubro?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero collan un chofer.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está moi ben que nolo diga o representante do PP que non renova a tódolos brigadistas en Galicia.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso é mentira. Vostede non tiñan condutor na moto-bomba, cando eu collería calquera outro condutor. Se vostedes teñen ao condutor da moto-bomba de vacacións.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: segue coa moto-bomba.

D. Xosé Crespo Iglesias: E se aceptamos polbo como animal de compañía non me diga que aquí non hai máis condutores para coller para unha emerxencia un condutor de calquera outro servizo e metelo aí.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Non se escoita.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero, por que a moto-bomba estaba ese día sen condutor?. O día da vaga de lumes.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: O día da vaga de lumes, non.

D. Xosé Crespo Iglesias: O día 26.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: A vaga de lumes foi o 16, son dez días despois. Segundo a Xunta a finais de outubro non foi normal o tempo que tivemos.

D. Xosé Crespo Iglesias: A pequena moto-bomba que tedes, esa que compramos nós.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que temos non, que ten o Concello.

D. Xosé Crespo Iglesias: Só saíu o incendio de Gresande.

D. Miguel Ángel Medela Dobarro: Si, porque case sempre nos piden a nodriza.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, case sempre piden a nodriza.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fin do tema. É curioso. Ves a mil persoas, a xente manifestándose na rúa contra a Xunta, ves a centos de lalinenses aquí dicindo que o goberno, o goberno da Xunta é o que é, e bótanos en cara a nós que o día 26 non tiñamos un condutor na moto-bomba porque estaba de vacacións. É curioso, a desproporción creo que é bastante grande.

D. Xosé Crespo Iglesias: Con esa condición.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Outra vez?. Quere que lle volva a repetir?.

D. Xosé Crespo Iglesias: É que vostede creo que non entende as formas. Cando se

vota unha moción que leva unha modificación o Secretario ten que intervir para dicir vótase. O que vostede non sabe das actuacións e aínda se quere cachondear de min. Cando hai unha moción que hai unha modificación, o Secretario ten a obriga de dicir as condicións nas que se vota da moción.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Grazas. Coas modificacións que pactamos co PP.

Sometida a votación ordinaria a moción coa emenda, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos.

Xa que logo **ACORDOUSE:**

A traxedia da vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa o día 15 de outubro, supuxo unha nova desgracia para o país, provocando a morte de 4 persoas e poñendo en situación de grave risco núcleos urbanos e miles de persoas. Os lumes foron un desastre para a nosa riqueza medioambiental, social, vital e incluso para a nosa economía. Deixaron vivendas, centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (máis de 48.000 no que vai de ano, tanto como nos 3 anos pasados).

O problema dos incendios forestais non é novo en Galicia. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido nas labores de coidado do monte supón un factor de gran perigo para a aparición de lumes e principalmente para a súa propagación. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos que aposte polo coidado e a prevención en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións e outras entidades. O Goberno galego era consciente de que Galicia atravesaba unha das maiores secas das últimas décadas e que as condicións climatolóxicas (fortes rachas de vento) eran idóneas para a aparición e propagación de lumes. A pesar diso a política do Partido Popular (PP) foi no sentido contrario: redución das franxas de protección, despedimento de case medio milleiros de traballadores e traballadoras da empresa pública SEAGA a semana anterior e non aplicación de medidas efectivas de prevención durante todo o ano. En definitiva, para o PP unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, que abrangan a posta en valor de terreos forestais, o aproveitamento diversificado e multifuncional do monte, a aplicación de medidas preventivas e de actualización do propio dispositivo de loita contra os incendios, non existe.

Lembrar que en 2007 aprobouse a primeira lei de prevención e defensa contra os lumes forestais en Galicia. Unha lei que sentaba os alicerces para dar prioridade a unha acción preventiva contra os incendios e que foi derogada polo PP sen máis argumento que o desprezo pola súa autoría. O Goberno do PP desde aquela abriu, ademais, a posibilidade de forestar terras agrarias anteriormente dedicadas a pradeira ou a labradío, restándolle posibilidades ás

explotacións agrarias e aumentando o desorde territorial e o risco de incendio. Pero por se fora pouco, o PP reduciu na metade a obriga de xestionar biomasa nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo de poboación e reduciu as distancias para a plantación de especies que favorezan a propagación de lumes (eucalipto, acacia, piñeiro...). Estas reformas só poden ser entendidas se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias como ENCE, ao facilitar as plantacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.

A situación vivida a mediados de outubro, nomeadamente o día 15, foi absolutamente desesperanzadora. Os concellos víronse sobrepasados, máis tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios ou co apoio de minguados equipos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación dos veciños e veciñas afectadas, que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios. Diante disto o goberno do PP aplicou a política da manipulación informativa e do autobombo botándolle a culpa a Portugal, ao vento, a unha man negra... sen asumir as súas responsabilidades e ademais pretende atribuírle aos concellos competencias propias da administración forestal como a contratación das brigadas de extinción ou a realización de labores de limpeza nos montes.

Por todo elo, o Pleno, **ACORDOU**:

1.- Instar á Xunta de Galicia a executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e a acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo pirófilo.

2.- Instar á Xunta de Galicia a conformar un grupo de traballo plural que conte coa participación de todas as forzas políticas, axentes sociais e sectoriais implicados, forzas de seguridade, expertos académicos etc. Para pór en marcha reformas para a regulación e posta en favor do solo forestal e para afrontar de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de vagas de lumes.

3.- Instar á Xunta de Galicia a cuantificar os danos causados polos lumes en 2017 e a poñer en marcha as medidas necesarias para evitar a erosión do territorio e o deterioro dos montes queimados.

4.- Instar á Xunta de Galicia a establecer un único protocolo de emerxencias galego que evite a descoordinación e dispersión xeográfica dos mandos.

5.- O Concello comprométese a colaborar co retén de incendios en función das mocións aprobadas por este Pleno.

6.- Instar á Xunta de Galicia a dotar as anteriores medidas con orzamentos concretos e suficientes para poder levalas a cabo.

7.- Solicitar aos grupos políticos do Parlamento de Galicia que apoiem de maneira unánime un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención de lumes forestais, que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia Galega contra incendios.

5.- EXPEDIENTE 4938/2017. MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE O PROXECTO DE ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA PARA O ANO 2018.-

Deuse conta do expediente e da moción do goberno presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 25 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada 8502. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión informativa de facenda,**

patrimonio, Réxime interior e actividade económica do día 30 de outubro de 2017.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Vou ter unha primeira intervención corta e a segunda xa non o prometo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Desculpa, quero dicirche que a primeira son oito minutos e a segunda son cinco minutos.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Digo que non vou consumir os da primeira quenda. Por unha cuestión, podemos como xa hai aquí noutras administracións, non lle vexo problema en facer unha moción deste tipo cando os condicionantes sexan exactamente igual. O único que queremos por hoxe enriba da mesa e seguramente que vostedes no papel que xa tiveron falado absolutamente de todo para xustificar o inxustificable pero en todo caso o que queremos por enriba da mesa é algo que está acontecendo noso Concello non nin este ano nin fai dous anos senón cunha reiteración por parte da Xunta de Galicia que entendemos que sería moi irresponsable por parte deste Goberno non poñer enriba da mesa e xa non digo con afán de corrixilo porque as decisións políticas non se corrixen nestes termos pero cando menos de denunciálo e que sexa evidente. Estamos falando que o Concello de Lalín unha vez máis ten cero de investimento para os orzamentos do vindeiro ano, despois facedes política de ciencia ficción máis propia de *Matrix* e tedes un posicionamento de intentar xustificar o inxustificable e sacando de partidas xenéricas que en ningún momento di nada do que decides e vos falta tamén poñer como inversión o salario dos mestres ou cuestións deste tipo para tentar facer un lavado de imaxe ao PP neste momento dos orzamentos. Un goberno ten que facer isto, pero tamén, pero entendemos que unha oposición que exercera unha mínima de responsabilidade tamén tería que poñer enriba da mesa os males destes orzamentos sen paliativos, que non son analizables porque son nulos porque cando son cero non podes analizar o que non existe e dende logo entendemos que son desoladores para os intereses xerais dos veciños e veciñas de Lalín e en termos políticos e intereses son altamente intolerables. Démoslle a forma que queiramos as nosas argumentacións, estamos falando diso; si faláramos de partidas xenéricas calquera orzamento da historia deste Concello tería seguramente moito máis a liquidación que o inicial pero precisamente iso non é o que nos ocupa, por tanto temos que falar das concrecións. Tamén é ben triste que chegue ao Pleno do concello de Lalín exemplos da propia comarca como se beneficia uns en detrimento doutros sen ter o máis mínimo criterio de necesidade ou xustiza a hora de repartir os cartos que son de todos e todas independentemente de quen governe cada concello en iso se basa a Democracia.

Polo tanto e por rematar, miren vostedes súmense. Nós nunca caemos en contradicións respecto de solicitar a outras administracións governe quen as governe precisamente que se melloren e incluso de denunciar e aquí incluso de traer o Pleno para que se corrixan situacións que entendíamos a todas luces intolerables ou cando menos pouco beneficiosas para o noso Concello. Non permitan que por carto ano o Concello de Lalín teña cero orzamento nos orzamentos da Xunta, non xoguen ese papel que xa o xogaron nesta semanas pero que unha cousa é avida partidaria e outra é realmente as cuestións importantes que realmente importa os nosos veciños.

D. Juan José Cruz García: Bueno. Isto creo que é un lío Goberno-Xunta, Xunta-Goberno. Eu non teño nada que dicir.

D. Xosé Crespo Iglesias: Isto é “*El dulce lamentar de dos pastores (Calisto y Melibea)*”

así comeza unha obra de arte, perdón de arte, non?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: É arte, a literatura é arte.

D. Xosé Crespo Iglesias: Dunha obra literaria.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Sabe como acabaron, non?. *Calisto e Melibea?*.

D. Xosé Crespo Iglesias: Así empeza unha obra literaria que dalgún xeito ten moito que ver con algunhas actuacións que fai este Concello, perdón o goberno deste Concello. Eu sei que é fácil queixarse de que os orzamentos dun organismo autónomo nunca son suficientes para un Concello e supoño que ningún Concello incluso o que máis leva dirá que son suficientes, pero tamén é un pouco inxusto dicir que se investen por parte da Xunta de Galicia en Lalín cero euros, porque iso xa o dicían o ano pasado cando aprobaron o presuposto da Xunta de Galicia. O goberno de Lalín veunos coa mesma cantinela. Resulta que despois de vir cero euros durante o ano que estamos, pois investíronse en concentracións parcelarias, en dúas delas estanse facendo neste momento e fíxose a principio de ano. Investíronse en melloras de camiños co plan que hai propiamente da Xunta de Galicia para facer camiños, construíuse o viveiro de empresas Laxeiro que se están facendo unhas obras importantes e iso que vostedes dicían que viñan cero. Acábanlle de dar un obradoiro de emprego e moitos outros por non mencionalos como pode ser a subvención que lle deron para a caldeira de Vilatuxe....

Quero dicir que vostedes a finais do ano pasado dicían exactamente igual que este ano que había cero euros e ogallá a Deputación lle dera a proporción que lle deu a Xunta de Galicia tendo consignadas partidas xenéricas. Non había unha partida específica. Si, si, pero dentro das partidas xenéricas a min non me deron unha partida específica. Danme xenéricas onde levo unha cantidade de cartos superior. Así teño unha específica. Algún concello ten unha partida específica, ao mellor dun millón de euros. Moi ben, pero sen partidas xenéricas leva tres. Prefiro levar tres e non ter ningunha específica. Polo tanto, eu entendo que isto é política e vostedes queren xustificar a actuación do goberno de que non fan máis cousas, porque a Xunta non o da e iso é totalmente falso.

Para pechar o tema, que facernos de que a Xunta de Galicia castiga a Lalín cando nada máis lonxe da realidade. Non será o Concello o mellor tratado. Dende logo non é o peor tratado. Anuncia partidas xenéricas concretas. Preto de dous millóns de euros vanse investir, aos que habería que sumar, se vostedes, non mentiron, parte deses 4,5 que hai. Por tanto, eu supoño que para o ano que ven se executará algunha partido diso. Non está recollida nos orzamentos pero está na partida xenérica.

D. Nicolás González Casares: Si que está recollida.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu só lle digo unha cousa: que como dixeron vostedes nos medios de comunicación que a Xunta de Galicia invista cero euros no Concello de Lalín, como mínimo en educación vai saber vostede o que se inviste e vaino a dicir vostede e non eu. Vaino dicir o Conselleiro de Educación o que se vai investir en educación no ano que vén. Vaillo explicar e non o vou explicar eu. Por tanto non vou pisarlle, senón que o vai dicir el en viva voz. Máis ou menos está previsto sobre 1,3 millóns de euros para concentracións parcelarias, para ir rematando as que están abertas. Varias políticas en políticas sociais se van incrementar e que vostede debería saber que se vai incrementar e que obviamente imos ter un retorno

importante no Concello de Lalín como un Concello máis de Galicia. Pero si que imos a ter unhas achegas económicas superiores ás que tiñamos en anos anteriores.

Se vostede me di que entre o que inviste Augas de Galicia máis as concentracións parcelarias mais o que meta aquí educación, que iso non é meter nada, que veña Deus e o vexa. Por tanto esta moción paréceme, máis que estéril, unha tomadura de pelo, sobre todo porque eu entendo que o goberno debería ter outras cousas máis importantes de que ocuparse que de facer mocións que eu entendo que non teñen moito fundamento. Poden vostedes facer unha moción coma esta dicindo que os presupostos xerais do Estado que non lles da nada Lalín, fágana. Creo que dos 6.600-6.800 concellos que hai en España, esta moción con respecto aos presupostos do Estado podíana facer ao mellor 6.000 sen esaxerar nada.

D. Nicolás González Casares: Se vós faciades iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non, perdóeme.

D. Nicolás González Casares: Nos presupostos xerais do Estado cando gobernaba Zapatero.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me interrompa. Eu non traía unha moción onde dicía que había cero euros, sobre todo porque entre outras cousas, quitáballe cartos, non moitos non o que queríamos. Nós, dalgunha partida como 1% cultural quitámoslle o que non lle quitou ningún outro concello. Por tanto, si me queixara eu do goberno central na época que gobernou o PSOE, sería inxusto. Outra cousa é que dixera que é insuficiente, pero que me queixara e montara unha moción específica...Non o faría dende logo.

Vostedes queren presentar este tipo de moción, moi ben, se os problemas de Lalín son estes, que veña Deus e o vexa. Ogallá a Deputación lle dera proporcionalmente a metade do que lle da a Xunta de Galicia.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Unha moción. Se os problemas de Lalín son estes, este Pleno vai ter mocións do PP de auténtico ridículo. Que este argumento non valga hoxe precisamente para usar por parte do PP. Supoño que será de moito interese traer unha moción solicitando que a Xunta de Galicia modifique o seu posicionamento político para solicitar máis cartos para os veciños de Lalín para inversións tan importantes como poden ser en temas sanitarios como o Centro de Alta Resolución ou como poden ser as do sistema educativo, de emprego, de turismo, como poden ser educativos, como é un patio para os nenos e nenas para que poidan saír o recreo. Entendo que por exemplo temas en políticas como o tema dos polígonos non será unha tontería que este goberno traia propostas nese sentido.

En definitiva, un montón de cuestións que nos afectan directamente por parte da Xunta de Galicia, que nola negan. Eu creo que iso vaia por diante, aí reside, entendemos, todo o interese do mundo. Tres datos que a min paréceme moi significativos e permítame que llelo dea, antes do bipartito, porque é moi interesante ver certos datos. No 2005, o último orzamento da Xunta de Galicia co PP 1.200.000€ para Lalín; 2006 co novo goberno 1.279.000€; no 2007 case 3.000.000€. Falamos en inversións, do que facía o goberno e o que facía o bipartito. Perdeu o bipartito as eleccións, por chamalo así, e volvemos a inversión e investimento cero. Estamos falando de datos reais. Nestes datos, dos que lle falou eu, non lle mete as partidas xenéricas, faltaría máis. Eu acabo de quedar tranquilo co anuncio de que o conselleiro de educación, o gran veciño que temos a favor dos intereses dos veciños de Lalín vai anunciálo. Mire, teño aquí os recortes que permite: 28/11/2009 "O PP reta ao BNG a buscar inversións de

calada como o CAR de Lalín”.

“O Secretario do CAR do PP de Lalín é o deputado económico *Román Rodríguez*. Acusan ao BNG de cinismo á hora de anunciar os orzamentos da Xunta, que considera os mais importantes da historia da zona”. “Asegura que os presupostos multiplican por moito os valores que o bipartito decidiu outorgar nunha zona e que durante os tres anos que mandaron tiveron esquecida e condenado ao estrocismo” “*Rodríguez* insta aos nacionalistas a atopar entre os números que adicaron BNG e PSOE nas comarcas do Deza os investimentos como o CAR de Lalín con 12.000.000€”. Claro que estes eran os orzamentos do PP nos que poñían 12.000.000€. Onde quedaron eses 12.000.000€?, onde esta o CAR?. Este é o conselleiro que nos vai dicir os investimentos “*Rodríguez* asegura que a Xunta acometera o CAR e ampliará Lalín 2000” é do dous de outubro, cos orzamentos da Xunta. Onde esta iso?. Por iso están mentindo sistematicamente cando falan deste tipo de partidas. E bueno home e agora si que quedo preocupado. Se o garante de que aquí chegue algo de investimento é o Conselleiro de Educación que é o máximo inimigo que este pobo ten respecto a alguén que actúa nun cargo político, pois si que nos deixa moi preocupados. Non defenda o indefendible. Defendan e apoien que Lalín non que aumente, senón que teña investimentos, porque estamos falando de cero euros, non de partidas xenéricas. Teñen un papelón que defender, pero é imposible que defenda o indefendible como hoxe aquí e ao longo deste mes quixeron facer. Insisto, falamos de inversións reais. Non trasladen nin queiran esquivar a responsabilidade, que é unha responsabilidade política.

Este goberno se algo ten que facer é defender os intereses xerais e defender que para Lalín se contemple, aínda que sexa un soa, nos orzamentos da Xunta, unha soa das demandas que aquí lles expuxen e moitas máis que temos. Será precisamente actuar con responsabilidade e precisamente son vostedes os que se están retratando aquí, porque o que están facendo non é defender os intereses xerais, o que están facendo é defender unha postura que supoño que nin vostedes mesmos se cren. Imaxínanse vostedes no goberno da Xunta con estes investimentos por parte da Xunta. Quen os vería!

Remato coa valoración que vostedes facían dos orzamentos que antes lle dixen, orzamentos de mais de 2.000.000€ que a Xunta facía no bipartito, “pobres e decepcionantes e que condenan a Lalín”. Estas son palabras textuais de vostedes. Así analizaban os orzamentos da Xunta de Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cada un é ben certo que fala da feira segundo lle vai nela. Mire señor *Vilariño*: eu entendo que vostedes se queixen, porque eu tamén o faría. Pero hai unha diferenza entre vostedes e nós e é que na época do bipartito nós nos queixamos, pero traíamos bastante manteiga para casa, pero aínda así pedíamos máis, porque é unha obriga do goberno non porque fomos máis listos, senón porque era unha obrigación. As partidas xenéricas se quitas para o teu pobo máis das partidas xenéricas que as partidas específicas, a min dáme as xenéricas. Polo tanto, non me diga que de Educación xa saberá o que vai inverter en educación, porque ademais lle volveu facer unha trampa e xa llela anuncio. Polo tanto xa non é trampa, co cal lle vou facer unha trampa, a cal xa a anuncio co cal é media trampa é que eu vou ir anunciando, o grupo municipal do PP. Imos ir anotando as inversións e a súa contía da Xunta de Galicia en Lalín ao longo do ano que vén. Ao final cando chegue decembro llas restregaremos polas narices e diremos mire que dicían dos orzamentos da Xunta e mire o que inverteu o final a Xunta de Galicia.

Polo tanto, ademais de facer ese listado que imos ter en conta, para deixalos en evidencia de que a Xunta, aquí lonxe de meter cero, mete moito máis, non do que vostedes din, senón o que entendemos que poida ser unha cifra razoable. A vostedes, como non lle cae a cara de vergoña, Sr. *Vilariño*, cando fixeron esta moción? Por que non fixeron outra parecida cando veu

a Presidenta da Deputación a dicir que en Lalín se habían feito non sei cantas inversións e que calculaba como inversión o custo do capítulo un en Mouriscade?.

Veú con toda a desfachatez e agarrou e dixo que en Lalín se había invertido a, b, d e d. Nós si protestamos, pero a vostedes non lle vin facer unha moción, dicindo á Sra. Presidenta, como se chama inversión, cando aquí inversión non houbo por parte da Deputación?, Senón que iso forma parte do capítulo un. Iso non o fixeron; fano agora coa Xunta. Coa Deputación non o fixeron. Xa verá o que mete nos orzamentos da Deputación no presuposto do ano que vén. Xa o verá o que lle traerei eu aquí. Xa verá o que mete para Lalín, fóra do que nos toca a ver canto mete.

Por certo, tamén lle vou traer un desglose do que mete para Vigo e Pontevedra. O seu xefe de filas, o que se aproveita como Tenente Alcalde de Pontevedra e mais ela como unha das máximas mandatarias do Concello de Vigo. Van ver o que leva Vigo e mais Pontevedra da Deputación no presuposto do orzamento do ano 2018 que, por certo se nega en contra do que di *Dolores Villarino*, a ir á Xunta a explicar o seu orzamento; el e mais o *Sr. Formoso*.

D. Nicolás González Casares: Será Parlamento.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, Parlamento, perdón.

D. Nicolás González Casares: Valentín si que vai.

D. Xosé Crespo Iglesias: Valentín si, pero non vai o de Lugo nin vai ela cun acto de chulería. Por certo, *Dolores Villarino* lle recomenda ir que foi Presidenta do Parlamento.

D. Nicolás González Casares: *Dolores* non dixo iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Resumindo. Mire, dicía un catalán que lle ía pedir á Virxe da Moreneta que lle tocara a lotería.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa estamos metendo os cataláns.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si estamos entendo os cataláns, iso encántalle a vostede non me encanta a min, lle encanta a vostede meter os cataláns e meter cos lumes mesurados coa vaga de lumes. Díxalle despois de preguntarlle moitas veces e pedirlle á *Virxe da Moreneta* que lle tocara a lotería á *Virxe da Moreneta* xa se cansou do tipo e do amarricas que era lle dixo “polo menos compra o recibo”. Eu a vostedes dígolle exactamente igual: “compre o recibo”. Non había mes que non lle deramos un proxecto á Xunta bipartita. Que proxectos presentaron vostedes á Xunta de Galicia para que os dera?. Hai algún proxecto novo do que nós deixamos? Non.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, pode haber medio.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Un cuarto, si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero todo o que está reclamando é o que quedou pendente de nós porque vostedes non producen, non compran o recibo e non lle pode tocar a lotería porque non compran o recibo, compren o recibo polo menos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas grazas. Pois rematamos este debate dicindo unha serie de cousas. É certo que nos últimos catro anos a pesar do que diga non hai partidas específicas para Lalín. É certo que a min sorpréndeme moito como Alcalde primeiro como veciño de Lalín que se fale dos investimentos, que se fai en explotacións parcelarias en empresas, que hai algunhas que van camiño de trinta anos, moitas de vinte e pico outras de dezaseis, dezasete. En expresión que a min no me gusta utilizar que utiliza máis o señor Crespo paréceme un cachondeo e que tamén se nos fale dun obradoiro de emprego como unha das grandes achegas que fai a Xunta a Lalín.

Estaría ben que o das explotacións parcelarias fora evidentemente un investimento directo necesario, cuestións das que os veciños nos falan todos os días. Si que nos falan non por privado senón directamente e nos contan que por exemplo durante a parcelaria do Losón-Corpiño que vai camiño de trinta anos hai máis de cen alegacións de moita xente e paréceme sorprendente que vostedes presuman dese investimento. Como xa prevíamos o grupo de goberno que cando hai pouco que defender do PP á Xunta de Galicia e non se pode defender o indefendible ían a intentar desviar a atención cara a Deputación de Pontevedra. Isto é parte como sempre dicimos do xogo político. A min non me sorprende porque xa o esperábamos pero isto non quita que os veciños e veciñas de Lalín saiban perfectamente como se porta a Xunta con Lalín estes dous anos que levamos do goberno e como se portaba con vós no conxunto do pobo de Lalín nos dous últimos anos do goberno do PP, digan o que digan.

Insisto que me gustaría ver nos orzamentos cuestións tan importantes como o CAR para o cal non se ve absolutamente nada. O outro día o goberno felicitou ao goberno de A Estrada e felicitámolo sinceramente pola cuestión das súas melloras sanitarias. En Lalín no temos nin sequera unha reunión para falar coa Xunta a este respecto. Eu estiven no debate sobre o Estado de Autonomía e o Sr. Crespo veu a sacar unha foto co conselleiro comendo con máis compañeiros de goberno, o cal esta ben. Supoño que algo lle diría desta cuestión ao señor conselleiro ou ao mellor non, e logo o dato que deu o Sr. Vilariño, eu creo que é fundamental, é dicir, con investimentos de 3.000.000 millóns de euros por parte do goberno bipartito dicíamos que condenaban a Lalín con ese investimento; pero con investimentos xenéricos do 1,2 dicimos que é unha marabilla; e con cero de investimentos concretos que é o que fai o PP de Lalín e o que fai a Xunta de Galicia....

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) do grupo de goberno sendo cinco (5) dos concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) concelleiro do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Dez (10) do PP.

Abstencións: Ningunha.

Xa que logo se aprobou a moción en base ao seguinte:

A Xunta de Galicia vén de facer público o proxecto de orzamentos para o ano 2018, unhas contas que por cuarto ano consecutivo non rexistran nin un só euro para Lalín e que, de novo, volven discriminar de maneira clara e intolerable á cidadanía do noso concello. O documento económico non inclúe nin unha soa partida específica para proxectos concretos no municipio, o que prolonga de maneira inasumible e inxustificada a situación de abandono á que Feijóo e o seu executivo –entre cuxos membros está o lalinense Román Rodríguez- teñen

sometido aos veciños do concello dende hai anos.

Ademais e, a pesar das valoracións partidistas ás que nos ten acostumados o PP de Lalín, é un engano á cidadanía que se computen como investimentos partidas xenéricas para concentracións parcelarias en Lalín ou para levar a cabo reparacións en centros educativos do municipio, porque un ano máis estamos a falar de cartos que non se sabe nin a que parcelarias nin a que colexios se van destinar ou que actuacións concretas van supoñer.

A Xunta debe saber que as veciñas e veciños de Lalín tamén teñen a condición de cidadáns galegos, que pagan os seus impostos e que teñen os seus dereitos e as súas necesidades que cubrir. Entre elas está, por suposto, a demandada e demorada nova infraestrutura sanitaria para Lalín, para a que un ano máis non se habilita nin un só céntimo, no que aparenta ser unha estratexia de dilación e ocultación por parte da Xunta con respecto a este proxecto comprometido dende hai anos e que, polo de agora, segue no limbo das contas pendentes coas veciñas e veciños de Lalín.

Os orzamentos do Goberno Galego tampouco contemplan o desglose dos fondos europeos destinados a proxectos de depuración en Lalín correspondentes a Augas de Galicia. Polo de agora tampouco se inclúe ningunha partida específica para a reiterada demanda dunha nova Oficina Agraria Comarcal, nin aparece diñeiro para a 4ª fase do polígono Lalín 2000, que é necesario, non só para dar resposta á posible demanda de solo empresarial, senón porque a día de hoxe aínda hai veciños afectados que nin cobraron nin poden facer nada nas súas fincas. Tamén se segue agardando a que a Consellería de Cultura se decida a colaborar na reparación dos danos ocasionados no Auditorio tras o temporal do pasado febreiro, por non falar doutras necesidades que apremian como a construción dun patio cuberto no CEIP Xesús Golmar, o apoio ao plan municipal de loita contra o desemprego, ou a concreción de partidas para o soterramento da LAT O Irixo-Lalín, entre outras moitas necesidades.

Á vista do anteriormente exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

1.- Instar ao Pleno da Corporación municipal a rexeitar o proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018.

2.- Instar á Xunta de Galicia a reformular o proxecto de orzamentos para o ano 2018 e a incluír partidas concretas coas que dar resposta ás múltiples e urxentes necesidades pendentes do Goberno Galego coa cidadanía de Lalín.

6.- EXPEDIENTE 4935/2017. MOCIÓN DO PP PARA A NEGOCIACIÓN OU HABILITACIÓN DE FONDOS PARA ACOMETER AS OBRAS DE MELLORA DO POLÍGONO LALÍN 2000 SOLICITADAS POLO COLECTIVO DE EMPRESARIOS DEZANO.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 25 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada 8497. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 30 de outubro de 2017.**

Na deliberación houbo as seguintes intervencións:

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Isto o poderíamos meter no punto anterior tamén, porque nos denegaron a subvención.

D. Xosé Crespo Iglesias: ben. Nós presentamos esta moción, porque non nos parece de recibo que cando se lle pida algo ao Concello de Lalín por parte dalgún colectivo se poida escorrer o vulto da maneira que o fan vostedes no polígono 2000.

O polígono 2000 é un polígono municipal, 100 % municipal, non como outros nos que ten participación a Xunta ou algunhas sociedades vinculadas coa Xunta ou o Estado a través dos SEPES.

O Polígono Lalín 2000 é un polígono estritamente e exclusivamente municipal.

Que a Asociación de Empresarios lle pida ao Concello de Lalín que faga as xestións pertinentes para dotalo dunha serie de melloras, non lle da dereito ao Concello de Lalín a escorrer o vulto. É dicir, imos a pedilas á Xunta de Galicia e se non as fai ímoslle dicir que non nos na fai a Xunta. Polo tanto é a Xunta quen lle está fallando os empresarios de Lalín. Nada máis lonxe da realidade. Mire: a Asociación de Empresarios pídelle ao Concello de Lalín que faga as xestións oportunas para dotar diso. Se as xestións resultan fructíferas ao Concello de Lalín coa Xunta de Galicia, perfecto: cumpren unha petición dos empresarios cunha achega que lle da a Xunta de Galicia porque vostedes a pediron. Se non lle a da a Xunta de Galicia, fagan o propio coa Deputación, porque noutros concellos a Deputación si que o fai. A Deputación si que noutros concellos fai achegas para dotacións importantes dende o punto de vista empresarial. Logo, pois, se ao final despois que a Xunta de Galicia non lle atenda aos seus requirimentos e a Deputación non lle atenda os seus requirimentos, fagan con fondos propios como fan outras cousas. A vostedes gústanlle. O que queren é aquilo que máis lle gusta, aquilo que pensa que lle pode dar máis votos e outras cousas déixanas sen facer.

Polo tanto, esta moción ven porque a min no me parece de recibo que vostedes lle pidan á Xunta de Galicia unha achega e que despois lle digan aos empresarios por detrás e incluso sen tanto por detrás que, como a Xunta de Galicia denegou esa achega, pois que agora quedou sen facer.

Nós nesta moción o que pedimos é que, se a Xunta de Galicia lle negou esa achega e a Deputación tamén lla denega, que a fagan vostedes con fondos propios. Poden facela con cargo os remanentes, que é algo que votaríamos a favor. Pódena facer con fondos do Plan Concellos etc, etc. Fágana vostedes co que queiran, pero non escorran o vulto, dicindo a AED é que como a Xunta de Galicia non nos dou ese plan que pedimos, quedamos sen el.

Explícolle en que consiste ese plan. Ese plan que saca a Consellería de Industria é para axudar aos concellos a facer pequenas reformas nos distintos polígonos industriais. Nós recordo que adxudicaron vostedes unha obra de centro e pico mil euros, cando as achegas viñan sendo aproximadamente de 10.000€-12.000€, que era para pequenas cousas. Naquel momento eu dixera que, se a Xunta de Galicia que se nos daba 10.000€, nos arranxabamos nada co cal nos deron unha achega importante equivalente probablemente non, a máis grande da provincia de Pontevedra. Déronnos no ano que adxudicaron vostedes cento e pico mil euros cando botaron a capa de aglomerado, cando o que nos ían dar inicialmente eran sobre 10.000€. Polo tanto é normal que non te dean todos os anos, pero non o dan a ninguén. Non o dana todos os polígonos todos os anos. Ao mellor danche dous anos seguidos e un terceiro non che dan ou un si e outro non. Vostedes non poden vincular a que esas achegas teñen que vir si o si todos os anos. Outra cousa é o Plan Marco que si está regulado que todos os anos teñen unha cantidade e que por tanto vostedes poden contar con esa cantidade para arranxar camiños, no caso dos polígonos industriais non. Unha vez danche e outras veces non. Eu entendo que lles deron creo que dous anos seguidos e agora pois non lle dan. Iso non só pásalle a Lalín, pásalle a un feixe de concellos.

Esta moción ven exclusivamente para dicirlles a vostedes, goberno de Lalín que nos arranxos do Polígono do Lalín 2000 se a Xunta non llos da e a Deputación é imposible que os dea, porque non llelo piden, entón é imposible. Á Xunta de Galicia pedírona e non lle a deu, pero é que á Deputación non lle pediron. Por favor, de paso que a piden á Xunta, pídenllo á Deputación, porque algo pode caer, porque a Deputación ten competencias para todo, mentres non se regule o contrario. Nós pedimos que o goberno de Lalín negocie de xeito urxente coa Xunta de Galicia ou coa Deputación de Pontevedra a partida necesaria para acometer iso e en caso de que non chegara a ningún acordo ou non lle dean ningunha achega nin da Xunta nin da Deputación, que o fagan cos fondos propios, cunha partida cos fondos propios para a realización das citadas obras de mellora do polígono 2000 que por certo son bastantes pequenas en canto ao que se refire a contía.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Concelleiro non adscrito ten oito minutos.

D. Juan José Cruz García: Non (coa cabeza).

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non quere falar do polígono.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Eu de verdade, escoitar á oposición dun concello defender que non lle dean subvencións ao concello é algo bastante insólito. Escoitar á oposición dun concello argumentar para defender unha administración cando lle nega a posibilidade de melloras a un Concello pois é moi contraditorio e isto que está acontecendo na Xunta outra vez.

Eu creo que está moción é irresponsable, terriblemente irresponsable porque podían presentar unha moción pedíndolle á Deputación o que queiran, seguramente contarán co noso apoio, habería que ver o que alí pon.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa o fixemos de feito.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Ante a negativa por segundo ano consecutivo de dar unha achega do que é o 80 % para poder levar adiante fundamentalmente un par de actuacións nese polígono, unhas actuacións que nós fomos da man da ED, non é que nola pida a ED senón que este goberno detectou estes problemas e reuniuse coa ED e chegamos sen ningún problema a que iso era o que había que pedir, non é que a ED lle dixera a este goberno o que ten que solicitar e precisamente a ED porque di: fixérono por detrás. Non, nós publicamente dixemos a Xunta de Galicia nega precisamente que se fagan estas melloras. Non o dixemos por detrás, dixémolo publicamente cun comunicado e sobre todo vendo. Por iso digo que é tremendamente irresponsable a súa postura, vendo como os concellos do país pero do resto da comarca como o ano pasado e este ano houbo concellos que si que lle concederon e a nós non. Pois home non se alegren por iso: hai un concelleiro que efectivamente que igual ten que descubrir Lalín non só é para durmir, non é un sitio de paso para durmir entre Santiago e a súa localidade e que o igual o pasar tódolos sitios polo polígono. Tamén pode parar algún día e nós encantados de ir co Conselleiro de Industria a ensinarlle as necesidades e porque a solicitamos dous anos seguidos e precisamente co aval da AED. A min cónstame que a AED fixo xestións para que fora unha realidade.

Hai unha cuestión na súa moción e dígolle que sen ningún problema. Ímoslle votar en contra polo segundo punto. No primeiro punto que se negocie coa Xunta de Galicia e coa Deputación e imos solicitar de forma urxente unha reunión co conselleiro de forma urxente. Primeiro xa os

insto ao seguinte: que teñan a mínima responsabilidade de que atendan esa solicitude; que non sexa outro conselleiro máis que se nega a recibir os gobernantes lexítimos deste concello. *Senande*: non movas así a cabeza, aínda que te fastidia porque este goberno se non podes pedir a palabra por alusións, supoño que será lexítimo. Aínda que non che guste e te doa moito, pero lexítimo é. Moves así a cabeza. Estouche aludindo directamente.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que é un tick.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Se non, explícoche o que significa iso. O que ía. A ver: se nos imos encontrar outra vez con que este goberno pide unha reunión ou reiteradas reunións, como é por exemplo co Conselleiro de Sanidade, e que nin tan sequera conteste. Coidado que non pase isto.

Supoño que vostedes nesta moción serán garantes de que se van implicar nesta negociación co seu partido. Polo tano sen ningún problema de que isto aconteza. Coa maior celeridade faremos isto que vostedes piden. Con respecto ao segundo punto, vostedes que eran un goberno que se algo que non lles era achacable a vostedes é que non pedían subvencións, é dicir, aí eran un goberno que non vou a negar que poucas lle debían quedar por pedir e paréceme correcto. Estou facendo unha alabanza do que ten que ser. Pero nunca vin a ninguén da oposición defendendo que a Xunta.. É surrealista, este debate.

É unha necesidade no polígono; pero este goberno non vai acometer con cartos propios como comprenderá unha actuación que pode ser cunha subvención. Iso tamén sería algo irresponsable. Por tanto, nós non pedimos nin máis nin menos que outros concellos e polo tanto nós ímonos manter aí. Ademais pon con urxencia que negocien de maneira urxente que vai saír esa solicitude de reunión de xeito urxente. Insto a vostedes a que o Conselleiro de Industria nos reciba canto antes para que isto sexa unha realidade, para que o Concello de Lalín poida dispoñer dese cartos e para que se poidan realizar estas obras demandadas que son necesarias para o polígono de Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sr. Vilariño: goberno ilexítimo, non. Nunca o dixemo,s non. Fandelo, si, e falta de xestión. Que eu saiba nunca defendemos que non lle deran subvencións a este concello. Non non faríamos ningunha proposta, pero é que nós somos a oposición; pero vostedes son os que a teñen que facer que son o goberno. Polo tanto no queira cambiar os papeis. Nós non temos porque facer propostas. Podemos facer algunha. De feito cando nos parece razoable, facémola; pero vostedes son os que a teñen que facer que son goberno non nós. A ver se van botar os coellos ás escopetas. Cada un o papel que lle toca.

Eu creo que a moción que nós presentamos e que vostede por certo afirma que nós fixemos unha moción polo tema da Xunta de Galicia, é dicir, porque non a pediron á Deputación, porque a temos que pedir nós? Se viñera unha petición de vostedes dirixíndose á Deputación este tipo de arranxo cunha partida razoable. Home, a min paréceme razoable que o fagan vostedes.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Non hai unha orde da Deputación.

D. Xosé Crespo Iglesias: Perdón, a Deputación ten que saber vostede como funciona, e eu creo que o sabe. A Xunta de Galicia saca ordes e a Deputación saca a veces algunha liña de axudas, pero é que ten unhas axudas xenéricas onde se poden facer convenios, igual que a Xunta. É dicir vostede pode dicir: Oe, teño un problema no polígono Lalín 2000. Imaxínese: Vostede pode facer un convenio polo viveiro de empresas perfectamente e pactar algo coa deputación que non está nos orzamentos e sacou a orde e facelo. Se non hai orde, hai unha

cousa que substitúe ás ordes que son convenios de colaboración de parte a parte, que se poden facer coa Xunta de Galicia e que de xeito se fan e que se poden facer coa deputación. Así que vostedes á Deputación nin llo propuxeron nin vía orde nin vía dun posible convenio. Por tanto, mire: Di vostede que non se van meter con cartos dos fondos propios, remato, que non se vai meter fondos propios unha actuación que pode vir doutros organismos. Home, se pode vir doutros organismo e ven, estou de acordo; pero se pode vir doutros organismos e non ven, eu considero máis importante arranxar o polígono 2000 que gastar un feixe de cartos en preguntar que carallo se vai facer coa piscina vella, por poñer un exemplo. Como iso podería poñer unha ringleira de cousas e sumarían aí pasta e pasta suficiente par arranxar non o que pida a Asociación de Empresarios, senón cinco veces o que pide a Asociación de Empresarios.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: A Asociación de Empresarios ten a subvención máis grande da historia deste goberno, non sei se o lembra vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vai nos orzamentos. Vostedes dábanlle 5.000€; nós 60.000€.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede sempre intenta xogar o pim-pam-pum coas cousas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sesenta, vostede cinco.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire, vostede ten a subvención máis grande porque non lle quedou máis remedio porque ten un goberno fanelo en minoría.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O goberno fanelo meteuno nos orzamentos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ten un goberno fanelo. O seu goberno é un goberno fanelo. É unha crítica sa. É un goberno que está en minoría e ás veces vostedes non se dan conta. Vostede pretende ser máis listo que os demais e cando ve que nós imos propoñer unha cousa, quere adiantarse. Mire: a AED ten esa subvención. Sabe por que? Vostede vaime dicir que non, pero no seu fondo interno, sei que pensa que si. Vostede ten esa subvención porque a pedimos nós e se convencemos a Juan José ou a nós, vaina ter igual.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non. Sabes por que non?. Porque metémolo nos orzamentos que votaches en contra. Acordaches diso?. Quédalle minuto e medio.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me fai falta minuto e medio, xa acabei.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Nós pedimos axuda coa orde.

D. Xosé Crespo Iglesias: E coa Deputación. Coa Xunta e coa Deputación. Vai no mesmo parágrafo.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Cando con tempo breve.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quedamos que sae simultaneamente para a Xunta e a Deputación.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: A Xunta cando a saca da escaso tempo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Hai unha sociedade na Deputación.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: A deputación non se dedica aos polígonos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ao de Lalín, non.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: 2:24:50) Por tanto, eu creo que hai que ser serios nestes temas (falta). Insisto, nós encantadísimos de que atendades á reunión, porque así somos capaces de entender porque en dous anos consecutivos se nega esta axuda ao Concello de Lalín.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ben, pois remato dicindo como sempre varias cousas. Primeiro, sorprende a defensa do non a Lalín da Xunta de Galicia que fai neste caso o grupo do partido popular con esta subvención tan necesaria para o polígono. Como dixo o portavoz imos insistir do xeito que sexa, porque cremos que é un servizo que hai que darlle aos empresarios nun momento de evidente inicio da recuperación económica. Falaba antes do Plan Marco. Efectivamente a Xunta de Galicia danos cartos para o Plan Marco que escolle logo este Concello. Este ano xa anunciei aos veciños que ía ser a pista da miñoa; o ano pasado foi a pista chamada Fraga, tamén na parroquia de Goiás; pouco sectarios seremos?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quen lle chama a vostede?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Os veciños, pero coloquialmente digo. Chámanlla a pista do Fraga.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non; coloquialmente chámase a pista de Portoseco.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Grazas, xa o sei de sobre. Pero digo que os veciños a chaman a pista do Fraga e creo que demostrabamos ser pouco sectarios e a persoa que lle acompaña a vostede as reunións para as traídas de augas.....

D. Xosé Crespo Iglesias: O que quixo demostrar vostede é outra cousa, pero lle saíu o tiro pola culata.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que lle estou dicindo é que lle chaman a pista do Fraga.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sabe como fai o cuco cando pon os ovos no niño que non é?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si. Vostede de ovos sabe bastante. Iso é certo. O que quero dicir é que a Xunta de Galicia rebaixou ao Concello de Lalín discrecionalmente 30.000€ con respecto ao ano pasado do plan marco, porque houbo

concellos do resto de Galicia que non puideron xustificar esa axuda e polo tanto tiñan menos cartos para facelo, pero curiosamente o Concello de Lalín era un dos que si xustificara plenamente todo isto. Son cousas curiosas. O Concello de Lalín cumpre e outros doutro signo político non cumpren e rebáixanos a todos. Vostedes ás veces fálanme a min de sectarismo. Non sei se isto está dentro dos parámetros do que se pode chamar sectarismo.

Con respecto ás subvencións e o que pide a Asociación de Empresarios, insisto que este grupo de goberno decidiu meter nos orzamentos unha cantidade de cartos que multiplica por moito os orzamentos aprobados despois da moción de confianza. Multiplica por moito o que lle deu o goberno anterior que lle daba 5.000 ou 6.000€. Non lembro exactamente a cantidade nada máis á Asociación de Empresarios.

Temos tamén un comité de seguimento precisamente para as actuacións que fai a AED con estes cartos públicos que lle dan todos os veciños e veciñas de Lalín, a pesar que á AED non lle gusta meterse en cuestións políticas que a min paréceme moi ben. Nós non nos metemos en cuestións políticas e sentámonos con eles a mirar proxectos que logo sobre todo venden eles máis que nós e bastante máis. Nós consideramos que é necesario que nese sentido se move este goberno e decide apoiar a AED con moitos máis cartos

Con respecto á moción, xa dixen na introdución que a min me sorprende a súa defensa do non de Lalín en subvencións. A min sorpréndeme moito. Xa sei que vostedes son a oposición e teñen que facer o seu traballo, pero creo que aos veciños e veciñas de Lalín lles digan que o PP defende que non se lle dea unha subvención á asociación de empresarios sorprenderalles cando menos e creo que non estou contando ningunha mentira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por alusións.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por alusión se queres eu douche a palabra.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostedes non ofrecen unha transaccional. Entón non se preocupe, porque para o próximo Pleno vira unha moción dicíndolle onde pode sacar os cartos para facer iso con fondos propios en vez de facer francachelas e orxías varias ás que se dedican politicamente falando aquí en Lalín. Entón díreille eses cartos de onde os pode sacar.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Pero cal é a proposta?

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, vótenos en contra. Non ofrece ningunha transaccional.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Si, vostedes o que din...

D. Xosé Crespo Iglesias: Logo entendín mal.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Vostedes piden dúas cuestións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Unha que lle dixemos que non que é o punto dous e a primeira que lle dixemos que si de negociar con outras administracións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Coa Xunta e coa Deputación.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero coas dúas igual.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Exactamente igual.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entón votámolo por separado. Entendo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non. Quitamos o punto dous e votamos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quitámolo, non. O punto dous vótano en contra e o punto un a favor.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero como vas facer iso. O que me faltaba: Ir por puntos á moción.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cal é o problema?.

D. Nicolás González Casares: Non estamos facendo iso. Entón nesa moción dos incendios catro si, cinco.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que estou entendo é que se parte a moción con dúas votacións.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Eu entendo que retirarán o segundo punto e aprobámoslle a moción que é o acordo, non?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ah, iso é o que propoñen?.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois nós non o retiramos porque o segundo punto é o motivo da moción, que se non se trae doutras administracións, se faga cos fondos propios. É igual votar en contra, non pasa nada.

D. Nicolás González Casares: Bonita forma de negociar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós presentamos unha moción. Se se vota en contra, non pasa nada.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Estamos de acordo ao 50 %. O que non nos condicionaredes?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vaia reparto fas ti. Ou sexa cortando a moción, como dis ti é ao 50 %. Instamos á Xunta e á Deputación e o Concello vaise de rositas.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Como o Concello?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu que pensaba que ti eras un hábil negociador; estás perdendo facultades, *Paco*.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Pero imos ver. Nós somos ben claros. Nós non imos acometer con cartos públicos algo que damos conseguido con axudas externas. Isto creo que é ben entendible.

D. Xosé Crespo Iglesias: Perfecto. Pois se o da conseguido coa Xunta, xa está.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Exacto. Pois ese é o tema.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero se vostedes non conseguen axuda externa, non se fai.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Pero é unha situación na que non me poño. Non me creo que a Xunta de Galicia non poña cartos para axuda do polígono; É que non o creo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se da conta que as axudas saen a nivel global de toda Galicia e non lle dan nin un terzo dos polígonos.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Pero e as axudas ao resto dos concellos da comarca?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, eu as vin pomenorizadas ,pero creo que ningunha sexa superior á que levou Lalín. Collamos unha de cada, se queredes.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: O polígono de Lalín non o compare co resto.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que as posturas están bastantes claras. Intentaremos sacar cartos e seguir colaborando cos empresarios de Lalín dun xeito ou doutro. Se temos que acabar poñendo cartos nós, o que nos importa é que funcionen os polígonos no momento de recuperación, pero cremos que a Xunta de Galicia ten a responsabilidade. Insisto que nos sorprende a defensa do non aos cartos da Xunta por parte do PP.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero como podes dicir iso?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se non me entra o medo non lle parece mal, non?.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Entón que? aprobamos ou que?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se preocupe, vostede pensa que somos parvos.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Aprobámola toda.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero acabo de dicir que por responsabilidade o ten que facer o propio Concello. Nun momento de recuperación, débeo

debe facer o propio Concello, pero quero que os cidadáns de Lalín teñan ben claro que ben a Xunta ou a Deputación se negaron a axudar. É así. Agora a responsabilidade nosa é facer as cousas. Tamén dicir como se están portando outras administracións con Lalín é evidente. Votamos o grupo de goberno a favor da súa moción.

D. Xosé Crespo Iglesias: Moitas grazas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non cambiei. Dixen que nó so iamos a facer tamén por responsabilidade cos empresarios ou non o dixeran?. Perdón, estou preguntando.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non sei, dixo tantas cousas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bueno, iso xa é un problema seu.

Sometida a votación ordinaria a moción do goberno mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por UNANIMIDADE dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

A Asociación de Empresarios de Deza solicitou o pasado ano unha serie de melloras para acometer no polígono Lalín 2000. Melloras que prantexou ao goberno municipal que decidiu solicitar unha axuda á Xunta de Galicia con cargo a unha liña de axudas autonómicas para acometer traballos de mellora en parques industriais.

Os traballos solicitados pola patronal consistían na retirada dalgunhas illetas das rúas da parte norte do polígono que dificultan a circulación de vehículos de gran tonelaxe, reparación de bordiños e beirarrúas, mellora do alumeadado e sinalización. Melloras necesarias e que sen dúbida mellorarán a accesibilidade deste parque empresarial e a comodidade dos industriais alí instalados.

Tramitada a solicitude, que implicaba un montante de 109.253 euros -un 80% de investimento da Xunta e quedando para o Concello por financiar o 20% restante-, nos pasados días coñeceuse a denegación da axuda por parte do organismo autonómico.

Tanto os responsables do goberno municipal como o presidente da patronal dezana coincidiron, tanto antes como despois de coñecerse a denegación da axuda, na necesidade de acometer de xeito urxentes estas obras de mellora do polígono lalinense que redundarán nos propietarios e usuarios dese chan industrial. Melloras que se sumarían as que xa se acometeron no ano 2015 con cargo á axuda da Xunta para estas superficies empresariais.

Unhas melloras que dende o Partido Popular entendemos como necesarias e prioritarias e que se deben acometer de xeito inmediato por parte do Concello, xa sexa con cargo a axudas do organismo autonómico, como con fondos da Deputación de Pontevedra ou con fondos propios municipais.

Á vista de elo, e polo que o grupo popular presenta ao pleno a seguinte proposta de

Á vista do anteriormente exposto, **ACORDOUSE:**

1.- Que o goberno de Lalín negocie de xeito urxente ca Xunta de Galicia e ca Deputación de Pontevedra a partida necesaria para acometer as melloras solicitadas polo colectivo empresarial para o Polígono Lalín 2000.

2.- Que o Concello de Lalín, no caso de non chegar a ningún acordo nas negociacións cas entidades supramunicipais, habilite unha partida con fondos propios para a realización das citadas obras de mellora do Polígono Lalín 2000.

7.- EXPEDIENTE 4936/2017. MOCIÓN DO PP PARA APOIAR E RESPALDAR AS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO COMO GARANTES DO ESTADO DE DEREITO.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 25 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada número 8498. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 30 de outubro de 2017.**

No debate houbo as seguinte intervencións:

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Ostia!, esta si que é unha moción interesante.

D. Nicolás González Casares: O pedir cartos a Xunta non, pero isto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Señor Alcalde: estes señores están intervindo de forma fraudulenta nun punto do noso orde do día e que nos toca a nós.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois mira: por unha vez tes razón. Bueno, non sei quen va a defender a garantía do Estado de Dereito. É o señor Crespo. Moi ben. Adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ben, eu non teño nada que ocultar porque na comisión informativa aínda que non é pública xa o dixeran aos distintos membros que compoñen a corporación: que presentamos esta moción que é unha moción de partido é unha moción non exclusiva para Lalín, senón que a nós quen nola manda é o partido.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa nos pareceu polo idioma.

D. Xosé Crespo Iglesias: E recomenda presentala tanto nos concellos onde gobernamos, como nos concellos nos que non se goberna, como é o caso de Lalín. É unha moción que dalgún xeito o que pide é apoiar dunha maneira incondicional á Policía e á Guardia Civil na defensa da legalidade constitucional. Obviamente isto ven motivado polo que ven motivado. Eu aquí podería, facendo uso do que lle dixeran do que ía facer nesta moción cando vostede rematou, dicir que o PP da a sensación de que non quere que veñan cousas da Xunta para aquí.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non dixeran así.

D. Xosé Crespo Iglesias: Bueno, máis ou menos. Eu interpreteino así, pero puido dicilo con outras palabras; pero máis ou menos. Estrañáballe que un grupo da oposición vira con malos ollos que viñeran cousas da Xunta de Galicia, cando se pode comprobar o contrario de tódalas cousas que levamos pedido nós.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que veñan, non. Que defendan que non veñan. Son cousas diferentes.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si que que lle sorprende que non veñan.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero dalgún xeito como estou dicindo, nós estamos encantados de que a Xunta de Galicia non lle pague nada.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non lle dixen iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu aquí voulle dicir o mesmo. Sei que a vostedes lles escoce de feito na comisión informativa nos dixeron que xa non ían votar a moción, que non entraban ao trapo e que polo tanto non ían votar a moción porque despois como ocorreu en Pontevedra e creo que foi en Santiago ou Ferrol, non sei onde foi, pois o Sindicato Superior de Policía, perdón. Creo que agarrou e arremeteu contra os alcaldes das respectivas localidades dicíndolle non sei que, non sei cando.

A min paréceme que teñen todo o dereito do mundo a non querer votar a moción. Eu como lles digo é unha moción de partido, pero eu si que estou de acordo co que fai a Garda Civil e co que fai a Policía Nacional en aras da defensa de todo o que ten que ver coa Constitución. Polo tanto, se eu teño que dicir se estou de acordo ou non co que fai a Policía e a Guarda Civil, digo que si e vostedes dependendo onde están se van a un acto onde está a Guarda Civil, como pode ser o acto da Patrona. Entón a Guarda Civil é fantástica.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, vostede non sabe aínda o que vou dicir eu.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non me está entendendo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ah vale.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero eu sei o que vou dicir eu. Eu só sei que na comisión informativa dixeron que o goberno si ía a negar a votar esta moción. Se cambiaron de opinión benvida sexa. Eu digo o que dixeron na comisión informativa. E dixeron que o goberno non vai entrar ao trapo destas mocións trampas e que non vai votar. Esta non é unha moción trampa, é unha moción estándar a nivel de toda España do PP, que presentou en moitísimos concellos entre eles o de Lalín, porque a presentamos da nosa man e que mandou o partido.

Polo tanto, é unha moción para apoiar dun xeito incondicional e sen fisuras á Guarda Civil e á Policía Nacional na defensa da legalidade constitucional dentro dun Estado de Dereito como é o noso que moitos cuestionan.

Eu sei e simplemente hai que ver as redes sociais sobre todo e fundamentalmente twitter para ver “o tufillo” que teñen ás veces algunhas actuacións defendendo este Estado de Dereito, pois

a alguén non lle gusta ou por facerlle a pelota a algunha formación que non está de acordo con eles. Eu respecto que haxa formacións que non estean de acordo coa Constitución e respecto que haxa formacións independentistas. Outra cousa distinta é que unha formación independentista non ten dereito a tomar a decisión de irse de España; non ten dereito. Outra cousa é que é lexítimo que exista e que estea gobernando unha autonomía como é a catalana. Si por suposto que é perfectamente lexítimo. O que non é lexítimo é que a Constitución que a aprobamos entre todos a queiran saltar a torera. Esa é a diferenza.

Á Garda Civil e máis á policía nacional son tratadas nomeadamente en Cataluña en moitas das súas actuacións fanlle críticas dela e cando lle convén fan alabanzas coa boca pequena. Cando están ao pé deles dinlle que están fantásticos e cando non están o pé deles considéraos forzas represivas do franquismo para intentar enmerdar a labor dun partido democrático como é o partido popular e que non ten nada que ver con Franco.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, isto non o dirá por min?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, que non ten que ver nada con Franco.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ah, vale.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que estou dicindo estouno dicindo. Hai quen pensa que identificando ao PP co franquismo con iso xa ten o seu debate político ganados e saben vostedes que nós somos o que somos e defendemos as ideas que cremos que se deben defender; pero por suposto respectando exclusivamente e fundamentalmente a Constitución e como somos unha forza constitucional a iso me refiro.

Nós, neste caso o PP de España, o PP galego e o PP de Lalín quere deixar claro o seu apoio incondicional a Garda Civil e a Policía Nacional. Moitas grazas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tenente Alcalde. Se queren máis intervencións da xente do grupo do goberno, lembro que temos entre todos oito minutos.

D. Nicolás González Casares: Eu dende o grupo de goberno digo que a min me parece un sen sentido traer esta moción aquí. É dicir, vostedes din que é un sen sentido pedir que os orzamentos da Xunta contemplan investimentos para Lalín e traenos unha moción de Cataluña que nada ten que ver con Lalín. Home un pouquiño de coherencia. Está moi ben que vostede debata isto no Senado. É que é un dos sitios propios para facelo, pero aquí no Pleno de Lalín.... Ademais non sei con que intencións.

Claro que, se apoia as actuacións da Garda Civil, é claro que se apoia á Policía Nacional. O que non se apoia é o uso político que fai o goberno de España ás veces excesivo deses Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, porque o fan.

A min faime moita gracia. É dicir, agora o PP defende a Constitución. Bueno, iso podería estar en discusión. Neste asunto si parece que o PP defende a Constitución, como tamén fai o Partido Socialista, que é un dos partidos que quedan e que estivo alí cando se fixo. Polo tanto, si hai responsabilidade na defensa da Constitución. Seguramente aquí nas forzas do goberno non coincidamos todos, porque evidentemente pensamos nestas cuestións de xeito diferente, o cal tamén enriquece ver diferentes posicións.

A min no me gusta ver o que pasou en Barcelona o día primeiro de outubro, pero é que non creo que me guste a min, nin que lle guste a ninguén, o que pasou ese día ver imaxes de carga e de sangue non lle gusta a ninguén; outra cousa é buscar as responsabilidades de quen actúa e da as ordes para que aquilo suceda. Para min creo que foi unha torpeza do Estado de

dereito, pero non unha torpeza dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado. O que fan eles é limitarse a cumprir ordes que emanan dos seus responsables políticos neste caso o Ministro de Interior.

Polo tanto, claro que defendemos ás forzas de orden público. Ten que ser, así porque nun estado de dereito ten que haber quen defenda ese estado de dereito. Pero dende logo o que non defendemos son as solucións políticas que nada teñen que ver e que o único que provoca é sobre todo torpeza e discusión da cidadanía que nese día coa orde de non intervir e deixar votar unha cousa que non estaba axustada á Constitución e que non era legal, pois había que deixar votar e logo actuar cos responsables de tal medida.

Eu sigo sen entender que traian aquí esta moción. O PP o único que buscou en toda España é xerar disensións, mentres outros parece que estamos polos acordos. O PP está pola disensión sacar rendimento político e sacar votos disto, porque vostedes, se fan isto en todos os concellos de España, nin máis nin menos, que o único que lles move, non é nin a unidade do Estado, ni que Cataluña se independice. A vostedes o que lles gusta é recoller a colleita electoral nos sectores máis retrógrados da sociedade a partir de mocións como esta. Esa é a súa única intencionalidade.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Paco, tes tres minutos, perdón catro.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Deixoume catro minutos Nico. Eu non necesito nin medio. Non é por vostedes, porque saben a miña opinión sobre vostedes. Co máximo respecto, pero esta moción é vomitiva. Que non digo que o sexan vostedes. Isto dígoo clarísimo. É unha moción que o único que aporta é ganas de dividir, ganas de enfrontar, ganas dende logo de ter a sociedade crispada e nós dixémoslles nas comisións que non iamos participar de mocións tan vomitivas como é esta. O que se busca e enfrontarnos á policía. Iso non é o debate que nos ocupa, nin para o que nos elixiron os cidadáns. Pero insisto en que nin tan sequera se preocuparon vostedes de traducir nin nada. Tan pronto como lles chegou polo correo, déronlle rexistro e vía. É unha moción que, de verdade lle dou os parabéns, é moi interesante para os intereses dos veciños de Lalín. Pero insisto no que me parecen este tipo de mocións. Todos podemos xogar a isto e paréceme unha moción moi desagradable, a moción máis desagradable que eu coñezo dende que estou en política. Non lle vexo outro adxectivo que o que lle dixen. De verdade que pode haber outra que rectifique o que digo, pero que me lembre, seguro que non. Polo tanto permítanos e será máis que entendible que non participemos nisto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Home, estráñame señor Vilariño que vostede se rasgue as vestiduras con esta moción, porque non é nada doutro mundo. É unha moción bastante tolerante. Asegúrolle que hai ben peores e nos consideramos que temos que traela aquí porque a nós pídenolo o partido ao que pertencemos. Vostede non é moi loito de traer aquí mocións que lle pide o seu partido. Pero mire eu pertenzo a un partido para o bo e para o malo. E cando o partido lle suxire a un portavoz que presente unha moción do partido, eu creo que débemolo facer na maioría dos casos, non en todos, porque a maioría dos casos como vostedes poden imaxinarse como é a vaga de lumes, vostedes aí cometeron unha imprudencia. Vostedes aí non a tiñan que haber feito, aínda que personalizaron a moción, non lle tiñan que facer caso ao seu grupo político, presentando unha moción pola vaga de lumes aquí en Lalín, cando foio Concello o que incumpriu pola parte que lle tocaba é máis ou menos deficiente.

Polo tanto, eu entendo que no caso da Guarda Civil aquí non se dan esas condicións e eu non entendo que sexa unha moción.. Realmente o que queda claro é que haxa un apoio

incondicional á Garda Civil e á Policía Nacional neste eido, nin máis nin menos. Non ten maior transcendencia. Estanlle dando vostedes unha transcendencia que non ten.

Mire: dinos vostedes que o PP, iso dixo o Tenente Alcalde, que o PP fai un uso político da Garda Civil e da Policía nacional. Home, tanto uso político facemos que xa ve no que podemos intervir con respecto a un montón de causas instruídas contra o PP pola Garda Civil e máis da Policía Nacional, causas que prexudican e que están ben feitas, porque hai que facelas porque é a obrigación dos corpos de seguridade. Se o PP tivera o control político, vostede cree que iso se faría?. Non. O que pasa é que vostedes falan da misa segundo lle vai nela. Iso é a diferenza. Cando hai algo que beneficia o PP, non é demócrata. Cando hai algo que beneficia a vostedes si é demócrata. Mire, sentar á Infanta nun banquillo é democracia, meter a Tejero no caldeiro é Democracia, imputar un montón de cargos é democracia; pero un tipo que se salta a Constitución á torera e que se bota ao monte cun follón de padre señor mío, cun prexuízo tremendo para toda España, pero especialmente para Cataluña, iso non é Democracia, iso é ditadura.

Eu sei que este goberno de Lalín, aínda que lle custe recoñecelo, a xulgar polas redes sociais e o que opinan os catro compoñentes, as catro patas do cuatripartito, pode dar a sensación, ao mellor equivócome, de que son un goberno independentista, pode dar esa sensación, ao mellor equivócome, pero se eu vexo os twittees do señor *Cuíña*, o facebook, do señor Tenente Alcalde e tamén o da APAC e de *Paco Vilariño*, eu podo entender que sen ser un erudito na materia que non lles desgusta o procés catalán, e a min si. Esa é a diferenza.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tes un morro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Esa é a diferenza. Mire, tanto é así que encima como o que se pode demostrar non é opinable, perdón, o que é medible non é opinable, como sempre digo, pois isto se pode opinar. Polo tanto, vostedes opinen como queiran e fagan o que queiran están no seu dereito, pero non pensen que os demais somos parvos, porque eu sei que ao bloque nacionalista galego moléstanlle estes temas, porque no fondo unha parte do Bloque, unha parte importante está de acordo co independentismo catalán e así o fai público. E o señor Alcalde que quere entrar. Perde o cu por entrar no Bloque Nacionalista Galego. Pois ten que facer méritos para ese fin. Eu pódoo entender dende o punto de vista humano e incluso dende o político, pero non nos tomen o pelo. Polo tanto, nós con esta moción non lle queremos meter o dedo no ollo a ninguén; simplemente queremos deixar claro que a Guarda Civil e mais a Policía nacional tanto cando nos gusta a súa actuación, como cando nos desgusta tremendamente, hai que defendelos e así o facemos e o respectamos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moi ben, rematou o seu tema. O grupo do goberno quere dicir alguén algo máis?.

D. Nicolás González Casares: Home, por alusións, xa. Ah bueno, quere falar Juan José.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Adiante, tes cinco minutos.

D. Juan José Cruz García: É sublime o da moción do retén de incendios. É sublime a capacidade que ten este Alcalde de dicir unha cousa e dicir totalmente o contrario. Xa mo dicían cando entrei en política. Xa me dicían os meus familiares: ti non vales porque non és capaz de dicir unha cousa e a contraria. No principio do Pleno foi capaz de dicir que eu era o que non mantiña os meus argumentos e os votos.

Mire, é curiosísimo levantarse unha mañá e que vostede pida a dimisión de *Rajoy* e que ao día seguinte poida pedir todo o contrario. Vostede cambia de opinión igual que eu podo cambiar de chaqueta vendo un partido de fútbol, porque dáme igual quen gane.

Eu non podo pedirle ao Xuíz que instrúe o meu caso sobre o independentismo, porque é o caso sobre o independentismo, que non me escoite; faltaría máis. Señora Xuíz: ti a min non me escoites. Eu non escoito a *Manolo Iglesias*. Non o escoito porque total: para que. Eu non me podo pedir a min mesmo, nin ninguén me pode pedir que non vaia ao colexio; eu non lle podo pedir a un Garda Civil que non faga as súas funcións. Ata aí poderíamos chegar, porque se abandonabas totalmente todo, pois imos acabar onde imos acabar. Eu non lle podo pedir á policía xudicial que non investigue a suplantación dunha firma dun funcionario; eu non lle podo pedir a unha Xuíza ou policía xudicial que non investigue o visionado dunhas cámaras ocultas. Pero vostedes que queren facer aquí? Porque este libre albedrío pode traer moitas consecuencias. Xa avisamos dos riscos que corren e que podemos correr todos. E eu avisei en forma de broma con estas tonterías.

Miren señores: a min dáme igual que sexan independentistas ou que sexan de esquerdas. Eu o que quero é estar seguro cando saio pola rúa e cando salgo pola rúa poder opinar. E vostedes o que queren é silenciar. É o seu método e o seu uso dos medios que fan dividir e enfrontar. Quen a día de hoxe cree que o PP é quen divide?, en onde?, quen divide? que partidos están dividindo? quen quixo dividir á xente neste Concello?. Home, faltaría máis. Aquí está o tolo, o que dicimos sempre.

Mire: silenciar, intentar manipular e intentar facer uso político. Que non fan vostedes uso político do tema catalán?, Fágano, postulensen. Iso era o que pedíamos. Pedíamos que vostedes se pronuncien. Non se pronuncian e despois, cando as cousas as ven mal paradas.... Eu son moi humilde e sei seguro que quero unha unidade constitucional. Vostedes pronunciensen. É tan difícil pronunciarse?. Alucinamos. Despois non é tan importante isto, pero si que é importante meter os cartos no Banco Sabadell. Eu ao final decidín non traer esa moción, porque dixeran para que dar tanta caña e tanta gasolina. Ou sexa iso si que é importante e se eu quero alertar dos riscos que corre o noso Estado, riscos que poden ser para os nosos pensionistas galegos, porque aquí necesitamos un fondo de compensación para os nosos pensionistas. Isto non é importante para Galicia?. Iso non é importante para os nosos pensionistas? Non é importante garantir que se cumpran as leis? Eu entón algo tolo si que son eu.

Mire, claro que hai que apoiar aos medios de seguridade do Estado. Claro que hai que apoialos aquí e en calquera sitio. Obviamente os que somos fillos do Corpo temos que entender que debemos darlle ese apoio. Vostede Sr. Alcalde é neto do Corpo. Vostede presume diso, pero vostede non fai política para querer vender e captar votos con eses argumentos; vostedes faino igual que calquera. Vostedes están traballando o voto do centro e teñen medo a perdelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Concelleiro moitas grazas. PP ten a palabra.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, Nicolás.

D. Nicolás González Casares: Un pouco por alusións. O Sr. Crespo dixo que era un fío independentista. Primeiro dicirlle unha cousa: ser independentista neste país, para quen o sexa, eu non ou son, é perfectamente libre, legal e de dereito. Primeiro iso, porque aquí xa

estamos falando nuns termos que os primeiros que falan de opinión pública son os primeiros que queren silenciala, é perfectamente libre e pode selo calquera.

Voulle ler o que eu poño no facebook “Non me gustan as fronteiras nin as novas nin as vellas. Non son amigo de axitar bandeiras polo simple xeito de restregar aos veciños. Pobos oprimidos nunca son os da renda per cápita máis elevada”. Iso non tiña ningún sentido, referíame a cando fora todo aquilo, de cando estaba a cousa máis axitada. “Si creo na necesidade de leis e de normas en algo que sexa chamado Estado, que sexa o garante das mesmas e dos nosos dereitos e liberdades. Hoxe vulneráronse moitas. Ese Estado, que non é un simple goberno, aínda que vostedes traten de equivocalo, debe actuar, si.

No sei da miña proclamación independentista. Máis ben ao contrario. Reclamo o Estado de dereito nunha situación que a min si me parece grave: Vostede di que se quere inventar e confundir, cando home un senador ten que ter responsabilidades. Xa traer isto a un concello por parte dun senador a min no me parece serio. Que quere que lle diga. Falo dos casos que instrúe a xustiza contra o PP. Instrúenos a xustiza, pero neste caso quen mandou as forzas de orden actuar en Barcelona non foi a xustiza, foi directamente o goberno, o Ministerio de Interior. Cando foi o primeiro de outubro non foi a xustiza. Ah bueno, se sabes ti máis que estás no CNI, *Manolo*.

D. Manuel Fernández López: Había unha orde xudicial.

D. Nicolás González Casares: Pero a actuación de forzas de seguridade do Estado é manada polo Ministerio do Interior.

D. Manuel Fernández López: Foi unha orde dun xuíz.

D. Nicolás González Casares: Non me diga que os corpos de seguridade do Estado teñen que seguir as ordes que lle dan. Quen esta equivocado seguramente na crudeza desas ordes foi de quen parte que é o goberno do Estado, porque a xuíza non di que haxa que utilizar violencia. Pero bueno, non ten ningún sentido. A min si que me parece vergoñento que traian esta moción porque eu dende logo xa supoño que si acepto o Estado de dereito, supoño que defendo a actuación mesurada dos corpos e forzas de seguridade do Estado e dende logo defendo ese corpos.

D. Rafael Cuña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale, pois finalizo dicindo que estou moi agradecido á Garda Civil polo seu traballo. Son un namorado do corpo da Garda Civil. Como dixeron aquí neste Pleno, son descendente dun deles. Sempre os defendo e sempre os defenderei. A min tampouco me gusta a moción do PP.

Si que considero que intenta dividir por iso non a imos votar. Pero eu quero como Alcalde que conste en acta Sr. Secretario, se é tan amable, o meu apoio inconfundible sempre á Garda Civil. É máis, agradézolle moito unha estatuilla que me entregaron hai pouco en agradecemento á relación que teño habitualmente con eles. Tamén dígolles que aconsellaría ao PP que mire nalgúns documentais, non os públicos, senón nas cloacas do interior, como funcionan algunhas cousas e como a Fiscalía as veces afina algunhas cousas. Isto non o digo eu; son gravacións que creo que foi o Ministro de Interior; non me quero equivocar en isto.

En canto aos fíos independentistas, pois mira, eu non o son. Eu son federalista. Xa o dixen moitas veces: non me gusta o que fixo o ex presidente catalán. Non me gusta e o dixen varias veces. Paréceme irresponsable. Non me gustan as actuacións do Presidente do Goberno *Mariano Rajoy*. Hai algunhas cousas que me gustan, aínda menos que se mande mallar á xente por querer votar. Non me gusta iso, ver á xente aporreada e sangrando. Os policía e

gardas civís son funcionarios públicos que fan o que lles mandan. Son traballadores. Non o fan porque queren eles saír a meter leña, senón porque alguén lles manda. Non me gusta que peguen á xente polas súas ideas. Que quede ben claro.

Para rematar este debate, manifesto unha vez máis o meu cariño e agradecemento e sempre a máxima colaboración coa Garda Civil e policías.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10) sendo cinco (5) do CXG-CC-TT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC e un (1) do BNG.

Xa que logo, se aprobou a moción e adoptouse o seguinte acordo:

Desde el pasado día 20 de septiembre, fecha en la que se ordenó por parte del Juzgado de Instrucción nº 13 de Barcelona la práctica de diligencias de entrada y registro en distintas consejerías y organismos técnicos de la Generalitat de Cataluña, y hasta el domingo 1 de octubre, día en que se trató de celebrar el referéndum ilegal prohibido por el Tribunal Constitucional, las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado han sido objeto de un acoso constante con la finalidad de impedir a sus agentes el legítimo ejercicio de sus funciones.

Toda la sociedad española ha sido testigo a través de los medios de comunicación del enorme clima de hostilidad y de los numerosos ataques que han sufrido los miembros de la Policía Nacional y la Guardia Civil por el simple hecho de realizar su labor y defender el Estado de Derecho. Durante estos días, todos los ciudadanos han podido ver cómo los manifestantes les han insultado e incluso agredido, cómo han destrozado sus vehículos, cómo les han rodeado durante horas para bloquear sus salidas, cómo han informado a través de medios de comunicación de la Generalitat de sus movimientos dentro del territorio de la Comunidad Autónoma catalana con la finalidad de delatarles y señalarles. Hechos que han motivado que la Fiscalía de la Audiencia Nacional presentara una denuncia por sedición al considerar que serían constitutivos de éste y otros delitos.

Debe recordarse que, en el contexto descrito, el Gobierno de la Nación se ha visto obligado a adoptar medidas con objeto de garantizar el cumplimiento de la Ley en la Comunidad Autónoma de Cataluña en base a las instrucciones de la Fiscalía para impedir la celebración del referéndum ilegal y de acuerdo también a lo previsto en el artículo 38.2 de la Ley Orgánica de Fuerzas y Cuerpos de Seguridad que contempla la intervención de Policía y Guardia Civil en el mantenimiento del orden público.

Las explosiones de violencia a las que nos hemos referido tienen que ver con los llamados delitos de odio y son incompatibles con cualquier sistema democrático. No tiene cabida, por tanto, ningún tipo de actitud violenta o coacción con el fin de defender un posicionamiento político o ideológico. La violencia es simplemente violencia, sin que quepa justificación alguna atendiendo a la finalidad pretendida por sus autores o impulsores, por lo que todos los ciudadanos, y especialmente los representantes públicos, deben estar unidos en la condena de toda violencia, sin disculpar o minimizar en ningún caso hechos que puedan

atentar contra la libertad y la integridad de las personas.

Es deber y obligación de todos los partidos democráticos rechazar y condenar rotunda y sistemáticamente cualquier comportamiento de naturaleza violenta -independientemente de la ideología en que se amparen- así como cualquier acción justificativa de los mismos, y mostrar su apoyo a las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado en su labor de defensa y protección de los derechos y libertades de todos los ciudadanos. Es injusto e intolerable que se les trate como enemigos cuando los guardias civiles y los policías nacionales son servidores públicos que cumplen con la responsabilidad de garantizar la libertad de todos y el libre ejercicio de nuestros derechos.

Los hombres y mujeres que integran estos Cuerpos están comprometidos con la seguridad de España y de los españoles, y dedican sus vidas a salvaguardar la convivencia, la seguridad y la tranquilidad de sus conciudadanos, mereciendo por ello el cariño, la admiración y el respeto del conjunto de la sociedad española. Es por ésta y por otras muchas razones por las que la Policía Nacional y la Guardia Civil son las dos instituciones públicas que más confianza generan según figura en el barómetro del CIS del año 2015, pues gracias a su servicio diario estamos consiguiendo que España sea en la actualidad uno de los países más seguros del mundo.

Por todo ello, *el Concello de Lalín manifiesta:*

- 1. Su apoyo y respaldo incondicional a la Policía Nacional y la Guardia Civil en su labor de defensa y protección de los derechos y libertades de todos los ciudadanos y, especialmente, y desde la legalidad constitucional, de la soberanía nacional, el Estado de Derecho, la democracia y la convivencia entre los españoles.*
- 2. Su condena al acoso sistemático al que sus miembros están siendo sometidos mediante actos violentos, independientemente de la ideología en que se amparen, así como cualquier tipo de acción o declaración que justifique, ampare o minusvalore dichos actos, rechazando en consecuencia toda conducta antidemocrática que atente contra la convivencia en paz y libertad y que trate de socavar los fundamentos de nuestra democracia.*

Además, insta al conjunto de las Instituciones españolas a:

- 3. Utilizar con determinación y firmeza, así como desde la proporcionalidad y oportunidad, todos los mecanismos que, en defensa de la soberanía del pueblo español y del interés general de España, le atribuyen la Constitución y las Leyes.*
- 4. Actuar, con las herramientas del Estado de Derecho, contra las iniciativas que pretendan, desde la ilegalidad y contra la voluntad democrática del conjunto del pueblo español, conculcar nuestro marco constitucional y la unidad de España.*

Por último, insta al Gobierno a:

- 5. Incorporar en las próximas leyes de Presupuestos Generales del Estado, a partir del próximo año 2018, las partidas necesarias para resolver progresivamente los desequilibrios retributivos que puedan existir entre los diversos miembros de las*

Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, y, a su vez, dentro del marco legal presupuestario, para acercarlos a los de otros cuerpos policiales.

Para su conocimiento se acuerda finalmente, trasladar esta petición al Presidente y a la Vicepresidenta del Gobierno de España, a los Ministros de Justicia, de Interior y de Hacienda del Gobierno de España, a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios del Congreso y del Senado, a los Portavoces de los Grupos Parlamentarios de la Cámara autonómica, y a la Junta de Gobierno de la FEMP.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O grupo de goberno non vota, aínda que sabemos que ten que constar como unha abstención. Perdón, esquecínme de dicir unha cousa: eu creo que os mais fío independentistas son o PP precisamente coas súas políticas porque non fan máis que crear independentistas con iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non cree elementos de debate, que xa non intervin por alusións porque vouno reservar para as preguntas.

D. Manuel Fernández López: Quero falar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Manolo vouche contar unha cousa que *Pepe Crespo* e mais eu coñecemos e sen dicir nomes. Cando houbo unha manifestación de gandeiros e malláronlles, a quen era delegado de goberno naquel momento botámosllo en cara. Eu non era ninguén, que era aínda moi mozo e creo que o Sr. Crespo tamén e a frase que nos dixeron foi: “mandaron cargar porque a Fraga lle poñía cachondo”. Esta foi a frase do Delegado de Goberno. Isto coñéceo tan ben o *Sr. Crespo* coma min. Como dixeches os dos gandeiros.

D. Manuel Fernández López: Quer contar unha cousa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non douche a palabra, perdoa pero é unha cuestión de que se fai longo o Pleno. Logo se queres dicir algo, en rogos e preguntas.

8.- EXPEDIENTE 4942/2017. MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN Á VAGA DE LUMES QUE SUFRIU GALICIA.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 25 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada 8511. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 30 de outubro de 2017.**

As intervencións deste punto fíxose conxuntamente co punto catro da acta (Moción do grupo de goberno sobre a vaga de lumes forestais que asolou Galicia) e co punto número once (Moción do Concelleiro non adscrito de loita contra os incendios forestais). Sen embargo, no traslado incorporárase as intervencións os devanditos puntos da acta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE** a moción, adoptándose o seguinte acordo:

Galicia sufriu entre o 12 e o 17 de outubro una vaga de lumes sen precedentes, un episodio de actividade incendiaria que supuxo un atentado contra o rural, o medio ambiente, a economía, a vida animal e o mais importante puxo en risco a vida das persoas, producíndose un fatal desenlace co falecemento de catro persoas que lamentamos en profundidade. Galicia non arde soa. A Galicia quéimana. O acontecido trátase dunha verdadeira afronta e unha aldraxe, que se fixo partindo de dous condicionantes excepcionais, unhas condicións meteorolóxicas extremas, con fortes ventos, altas temperaturas e moi baixa humidade e unha actividade incendiaria desaforada. Mesmo houbo que facer fronte a incendios que procedentes de Portugal se propagaron en Galicia.

Estes elementos conformaron un ataque inxente que forzou ata o límite o dispositivo despregado pola Xunta de Galicia e que estaba composto por 350 brigadas, 220 motobombas, 40 pas e unha vintena de medios aéreos, ademais de bombeiros de toda Galicia e Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES), uns 5.600 efectivos en total que xa estaban incorporados durante a fin de semana, incluíndo os mais de 600 efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME), apoiados con 18 autobombas e 6 nodrizas e mesmo, dentro dos medios aéreos, helicópteros procedentes de bases situadas en Murcia, Toledo ou Guadalaxara. Trátase do maior operativo despregado nesta época do ano e dun dos maiores da historia. Xunto á inestimable colaboración de voluntarios de Protección Civil e de veciños dos lugares afectados, fixéronlle fronte a focos que se sucedían continuada e simultaneamente, e que se multiplicaban en cuestión de minutos.

Todos temos responsabilidades na prevención dos incendios forestais, incluíndo os propietarios dos terreos e os concellos e demais administracións, xa que tamén teñen as súas obrigas en relación coas súas propiedades e vías de titularidade municipal. Esta vaga de lumes afectou indistintamente a áreas de monte raso, arborado e ordenado, a zonas de pasto, a explotacións gandeiras, a viñedos, e mesmo tamén a núcleos rurais e áreas urbanas con afección a bens inmobles e mobles. En poucas horas activáronse uns 264 incendios que puxeron a proba ao operativo coordinado pola Xunta de Galicia. Os cidadáns en xeral e cada administración, no marco das súas competencias, debemos actuar para facer fronte a este problema, que é un problema de todos.

O repunte dos incendios en determinadas épocas do ano, máis aló do verán, é algo habitual nos últimos anos, rexistrándose unha considerable actividade incendiaria en primavera, e como ocorreu este ano de xeito moi marcado, ao longo do mes de outubro. Por iso, e dadas as condicións climatolóxicas adversas que estamos a vivir, a Xunta prorrogou o período de perigo alto de incendios ata o 31 de outubro, manténdose a prohibición das queimas de restos agrícolas e forestais ata nova orde.

En todo caso, o dispositivo galego é potente e flexible, o que permite adaptalo ás circunstancias de cada momento, por iso se puido reforzar o operativo de loita contra os incendios tanto de medios materiais como humanos declarando a emerxencia e prolongando o período alto risco por incendios forestais.

A mellor forma de parar un lume é que non comece, e nesa batalla contra os incendiarios temos que estar todos, medios policiais, Fiscalía, administracións e toda a sociedade.

Por outra parte, no Consello da Xunta de pasado xoves 19 de outubro aprobouse un decreto de medidas urxentes para tentar paliar e reparar os danos provocados polos lumes. A prioridade é atender ás familias das vítimas mortais, neste sentido incrementáronse as indemnizacións para os seus familiares destes falecidos como consecuencia do terrorismo incendiario.

En relación ás persoas que sufriron perdas materiais, especialmente aquelas que viron como o lume afectaba ás súas casas, disporán tanto de asesoramento como de axudas. Daranse tamén axudas para aloxamento ata a reparación das vivendas, ademais de avaliar as naves industriais afectadas que non teñan póliza de seguro.

Tamén se está a traballar na análise dos ríos e das costas co obxectivo de minimizar o risco de que as precipitacións provoquen riadas; planificar a reforestación da superficie afectada, cando sexa preciso, e rexenerar así o patrimonio natural. E a Xunta tamén está a traballar coas confrarías para identificar aqueles terreos danados polos incendios que poidan supoñer un risco para os bancos marisqueiros.

É necesario que nese proceso de apoio aos afectados se involucren todas as administracións. As Deputacións Provinciais, que son os organismos máis achegados aos concellos, e o Estado, deben colaborar tamén para que os danos provocados polos incendios sexan reparados coa maior brevidade posible.

Polo exposto, o Pleno, **ACORDOU**:

1.- Trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fora maior; así como as Forzas e Corpos de Seguridade, que coa imprescindible colaboración cidadá, están levando a cabo as súas investigacións para tentar esclarecer a autoría dos incendios.

2.- Instar a todas as administracións públicas a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención, cumprindo coa normativa vixente.

3.- Solicitar a todas as administracións a adopción de medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, restablecer os servizos esenciais, compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que as precipitacións poidan causar riadas ou danos aos bancos marisqueiros.

4.-Instar ao Estado e ás Deputacións Provinciais (estas últimas como principais organismos encargados de dar apoio aos concellos) para que se unan á Xunta de Galicia e participen na concesión,de axudas destinadas a paliar os efectos dos lumes. En particular, ínstase ás Deputacións, en virtude das obrigas que a estes efectos establece o artigo 38 da Lei de Emerxencias de Galicia, a implicarse no cofinanciamento das actuacións de reparación de danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal.

9- EXPEDIENTE 4535/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA AOS SANEAMENTOS DE A XESTA E VILANOVA.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro electrónico do pleno o día 2 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada RE-329. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación territorial, Tráfico e Seguridade do día 30 de outubro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ten oito minutos.

D. Juan José Cruz García: Non vai facer falta tantos.

Obviamente estamos dende o grupo de traballo moi contentos porque o discurso político e o debate político deste Pleno se está elevando e estamos falando onde nos tamén queríamos falar para algunhas cousas. Para o debate catalán si que se demanda falar, pero aquí houbo momentos nos que se dixo que ao concelleiro non adscrito nin auga ou ao tráfuga. Da igual. Obviamente estamos moi contentos, porque se está levando o discurso político cara eses obxectivos que tiñamos de intentar facer proposicións que foran entendidas e valoradas por quen considerara oportuno. Agradecemos que o PP teña en conta as nosas propostas e polo menos nos as valore e sexa quen de apoialas.

Tamén gustaríanos que o goberno co compromiso que había explicito do Alcalde de cando participamos na campaña política de facer un apoio o rural e investir no rural, víamos que se estaban levando os fondos cara outro lado. Polo tanto intentamos buscar dende un principio os alcantarillados nas parroquias que parecían que eran representativas para a xente que puido apoiarnos.

Sempre se fixo un desgaste cara a miña persoa de que non represento a ninguén. Ee si señores si que represento a moita xente; hoxe aquí vou a representar a moitos veciños de Bustelo, porque se reuniron e estiveron e colaboraron na redacción de mocións. Si que represento a esa xente, á miña familia e aos veciños dese rural que vós visitades porta por porta e que algún deles non os abriron a porta para tomar un viño e hoxe en día están tramitando diferentes tipos de propostas e ás veces pídenme que os teña en conta nos meus argumentos.

Dicir que cada vez que falo intento asumir os argumentos máximos do pobo que eu considero que son xustos e prioritarios. Eu considero que neste Pleno veñen varias cuestións que son prioritarias e polo tanto ninguén se debe negar a elas. Son cuestións como alcantarillados como despois falaremos da traída de Bustelo.

Salientar que propicie de cara ao PP e propicie de cara a que hoxe en día o 100 % dos veciños de Lalín poidan verse reflectidos no Pleno. Para min é un orgullo grandísimo poder traer a moción de Bustelo en certa forma tamén tensando un pouco as cordas do PP e levando cara un sitio sensato que creo que era o que debía de ser. Non sei se é pedir moito ou pouco. Estiven dubidando de intentar facela noutro Pleno ou non, pero considerei que era oportuno neste Pleno, porque o debate viña propiciado polos fondos que se querían adicar á Praza do Concello que houbo tiras e afrouxas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estamos no punto nove, non?.

D. Juan José Cruz García: Si, pero estou enlazando un pouco as dúas. Quero ver que tanto unha moción coma a outra veñen propiciadas porque no discurso político se empezaron a meter certas ideas e unha destas son os saneamentos.

Vós metestes unha serie de saneamentos nas mocións pasadas e nesas mocións esqueceste

dalgunhas parroquias que eu considero tamén que son parroquias que hai que ter en conta que son a Xesta e Vilanova. Pero insisto, creo que a día de hoxe se está potenciando e estase podendo falar cun número máis amplo de persoas.

O PP esta collendo unha forza e está collendo unha posibilidade de propor igual que lle ofrezco esta posibilidade de propor ao goberno. Igual está errando, porque se o goberno propuxera todas estas cousas e se decidira a falar comigo, a dialogar e a falar, porque ese era o problema que había, diríamos que non podíamos dialogar e falar.

Insisto, Vilanova non necesitaba para nada un palco da música. Eu non sei que mente lúcida.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Non vai un palco da música. Lee a memoria. É falso.

D. Juan José Cruz García: Imos seguir falando.

D. Francisco Xavier Vilariño Taboada: Lee os informe dos técnicos e despois mirámolo.

D. Juan José Cruz García: Seguimos falando. Se as denuncias que fago valen para poder variar o camiño ou a folia de ruta de *Paco Vilariño*, xa me quedo contento tamén. Polo tanto, *Paco*, do palco pode falar cando lle permita o Sr. Alcalde. Vostede é capaz de retar a calquera persoa. Eu tamén pódolle retar a vostede, pero por favor fale cando lle pertenza.

Fóra disto vexo con moitísimo agrado que se estea levando o discurso político a temas de primeirísima necesidade. Polo tanto, tal e como falamos nas comisións informativas, quero que se teña en conta que corrixiu o PP e eu tamén fixera antes unha acotación, por se faltaba algo e si que falta, que é un lugar que era O Pazo. Polo tanto si que teño a ben a corrixiu iso que xa faláramos co Secretario e pido que fagades un esforzo grande de poder levar este tipo de actuacións por encima de arranxos de locais sociais que estaban en óptimas condicións por encima do parque do Concello que visualizo e quero facer a pregunta despois se eses fondos xa non van ir cara esa obra.

Quero enfatizar que me sinto plenamente orgulloso que os veciños de Goiás, polo que vexo vaian ter augas das traídas, porque xa anuncio que me sinto parte dese proxecto, porque neste momento vou levantar a man cara onde queira. O PP debe estar tranquilo e anuncio o meu voto positivo por si en algún momento tedes certas desconfianzas sobre os proxectos. Pedir o apoio ao goberno para esta obra que é fundamental, porque sei ademais que neste Pleno hai xente vinculada ás parroquias das que estamos falando como A Xesta e Vilanova. A ver se de esta vez non sodes capaces de dicirle aos vossos veciños que non apoiades a proposta do concelleiro non adscrito, como tivestes a ousadía de facer na Cadrón, e como tiveches a ousadía de facer en parroquias da Balouta, que eu non vexo quen represente a ese veciños.

Insisto, este concelleiro non só se representa a si mesmo, senón que este concelleiro representase a si mesmo e a moitos máis de quince acordos plenarios e que loitará estando dentro do Pleno ou non estando dentro do Pleno para que se cumpran. E iso é unha ameaza ao PP. Estea ou non estea neste Pleno, eu estarei sempre.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ten oito minutos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós non presentamos a moción. Por tanto non son oito minutos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Oito minutos digo. Na primeira ronda

hai oito minutos e na segundo cinco. Levamos tres horas de Pleno

D. Xosé Crespo Iglesias: Entendo que para o que presenta a moción, lle fagan falta oito minutos. Ao que non a presenta non. A min chégame un minuto. Bueno, é igual, non se preocupe.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dispoña vostede do tempo que queira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Unha vez que o concelleiro non adscrito na moción no punto nove que é a moción do concelleiro non adscrito relativa aos saneamentos de A Xesta e Vilanova lle engada o lugar do Pazo, que lle faltaba na relación, nós estamos de acordo a vámoslle votar a favor.

D. Juan José Cruz García: Agradecer e que o pobo de Lalín saiba e agradecerlle tamén á xente que apoie esta moción e vote a favor; que saiba agradecerlle cos seus votos a sensatez e que saiba agradecer as prioridades que se están votando aquí e, a aqueles que sexan capaces de votar en contra de cousas tan de primeirísima necesidade, que o pobo o castigue.

Sometida a votación ordinaria a moción do concelleiro non adscrito mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11) sendo dez (10) concelleiros do PP e un (1) do concelleiro non adscrito,

Votos en contra: Ningún

Abstencións: Dez (10) do grupo de goberno sendo cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) concelleiro do BNG.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nós non votamos tonterías.

D. Juan José Cruz García: Que quede en acta que o Alcalde acaba de dicir que non vota tonterías; considera o alcantarillado da Xesta...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: chamada de orde. Explíquelles que sucede cando sexan tres veces para o concelleiro, se é tan amable Sr. Secretario.

D. Juan José Cruz García: Xa sei, xa sei.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non ten a palabra. Por favor, Sr. Secretario, explícallo.

O Secretario: No caso de no atenderen as indicacións do Sr. Presidente, habería un segundo requirimento, e no terceiro xa sería a expulsión.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas grazas.

Á vista do anteriormente exposto, **ACORDOUSE** que:

O grupo de traballo ao que represento valora moi positivamente a moción que propuxo o PP no pleno para dotar de alcantarillados a unha serie de parroquias entre as cales queremos denunciar que faltaban, entre outras, ter en conta A Xesta (Fondo da Xesta, Vila, Pontanoufe, Fervenza e Sanfiz) e tamén demandamos se introduza na mesma moción a parroquia de Vilanova (Santomé, Currigatos, Vilanova, Canda, O Cruceiro e Costoia) e o Pazo.

O noso grupo de traballo está canso das políticas de construción de obras prescindibles dentro do casco urbano e denuncia o incumprimento do noso alcalde do seu compromiso no que afirmaba que este mandato ía ser o mandato do rural. Ademais cremos que o arranxo de locais sociais que estaban en boas condicións e o arranxo de palcos cando as agrupacións xa case que non tocan nas verbenas e as orquestras, dúos etc. xa case a totalidade delas teñen escenarios propios.

Intuímos que o PP debe pronunciarse en contra de proxectos que tiña prometido xa que Crespo ten dito en varias ocasións que o PP aprendeu da lección que lle deu o pobo nas urnas, polo tanto pedímoslle que cambie a súa folla de ruta e lidere unha oposición forte para intentar frear algunhas obras millonarias que pretende facer este goberno e se adiquen a maior parte de fondos aos alcantarillados do rural.

O noso grupo de traballo reuniuse con diferentes veciños e intenteu conciencialos que o goberno incumpre reiteradamente os acordos plenarios e que o único camiño é que se leve a contencioso estes incumprimentos, polo tanto pedirá ao PP e aos veciños interesados que leven os acordos plenarios que versan de dotar de alcantarillados ao xulgado para que sexa o xuíz quen obrigue a *Cuíña* a cumprir o que se acorda no pleno, e apoiarei deixando parte das asignacións que cobro como concelleiro non adscrito se deciden unirse e levar á xustiza este tema.

Xa que logo, o **PLENO** acordou:

1- Que o grupo de goberno encargue os proxectos necesarios para dotar de saneamentos os lugares na Xesta (Fondo da Xesta, O Pazo, Vila, Pontanoufe, Fervenza e San Fiz) e tamén demandamos que se introduza na mesma moción a parroquia de Vilanova (Santomé, Currigatos, Vilanova, Canda, O Cruceiro e Costoia) e o Pazo.

2- Que o Concello de Lalín habilite a partida necesaria de remanente 2016, ou plan concellos 2018, ou de remanente 2017 para as actuacións citadas.

10.- EXPEDIENTE 4538/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO RELATIVA A UN RECOÑECIMENTO A GERARDO FERNÁNDEZ ALBOR.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro electrónico do pleno o día 2 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada RE-326. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 30 de outubro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D. Juan José Cruz García: Teño que tranquilizarme. Non quero ter unha mala palabra con vostede máis do que di a moción.

Empezamos. Discrepar aquí é o máis normal e xusto. Por iso páganos, para discutir. Vostede é capaz de embarrar o campo e de dicir unha tontería: que eu podo pelexar cun veciño que non o fixen. De feito todo o contrario. Pode crear aquí a confusión, dicindo que Albor non sei, pero non se cando, pero fale vostede do *Sr. Albor*.

Quizais o auténtico *Cuíña*, o fillo do muiñeiro, pai da criatura, de vostede, que desgoverna Lalín como nunca foi desgovernado, non lle contara certas cousas que pasaron na historia de Galicia. Vostede fala de traizóns, o traidor é vostede, porque eu xa vin as súas traizóns en primeiro, en segunda e hai moita xente que estaba en Compromiso por Galicia e que xa non están polas súas traizóns. A traizón, xusto vostede ten que entender que está recibindo e pagándolle coa mesma moeda que vostede deu.

Alí nese período no ano 1986 puido haber moitas traizóns e certa historia que descoñecemos. Alí había un político grande co que tiveron a sorte de falar estes días e ao que lle agradezo publicamente o seu tempo. Alí houbo un intento errado de moción de censura e non a houbo aquí neste Concello. Neste Concello este señor non o vai botar da Alcaldía por moito que o mereza, porque eu sei moi ben que puidera habelo feito se tivera o apoio debido no seu momento e nunca quixen iso. Quero que sexa Alcalde, quero que continúe e quero que estea forte nas próximas eleccións locais. Sabe por que quero que estea forte? Porque quero a rotura da maioría. Nese momento, se eu estou, sentarémonos a falar e non ten porque haber tanta discrepancia.

Vostede te que ir pouco a pouco. Os pasos hai que dalos pouco a pouco. Se falamos de traizón, podemos falar da traizón que puido haber nese momento na historia de Galicia. Vostede ao mellor ten que potenciar un estudo dese momento e a ese mesmo periodista que lle manda unha nota para facer non sei que, para facer unha tontería. Tense que dar conta que tonterías como esas o que fan é que lle devolvan a pedra a vostede. Non o siga facendo. Vostede fale tranquilo e métase co concelleiro non adscrito. Tráteo despectivamente, sempre co odio contra el, peor. Non faga tonterías coma esta, porque despois pódese meter certa xente que non quere que se lle meta no discurso político.

Alí houbo un intento errado de moción de censura. Alí falouse dunha moción de censura e falouse ás costas. Ese é o consello que lle dou a vostede: non anden falando ás costas. Non intenten largar dun concelleiro como *Juan José*, falando ás costas; mírolle moi ben nos ollos. Vostede era dos que ían por aí, marchaba ás reunións do partido e empezaba a facer campaña de desprestixio contra min. Iso foi o que lle trouxo a esta situación, porque todos temos moitos amigos en moitos lados. É mellor ser sincero, porque a sinceridade se defende soa, porque do que ti contas de verdade, sempre vas acordarche.

Mire, traidor e covarde poden ser moitos e probablemente nesa época da historia *Xosé Cuiña* puido haber cambiado de opinión, como vostede cambiou neste Pleno na moción dos incendios e como vostede cambiou en calquera momento. Non é malo cambiar de opinión. Non me parece malo que nese momento *Xosé Cuiña* cambiara de opinión. É lexítimo cambiar de opinión e probablemente fora máis traidor nese momento o seu pai que eu.

Eu a vostede déixoo continuar de Alcalde e de algunha maneira estouno pulindo e estoulle dando a oportunidade de discrepar, de gañarse e quero que estea forte.

Fóra disto, os homes de honor din as cousas á cara e eu non teño problema ningún en quedar con vostede e dicirlle as cousas á cara e de arranxar todo o que teñamos que arranxar e negociar e falar e vir aquí e poder ser de ti a ti, iguais,

Aquí, este concelleiro propiciou por primeira vez na historia en palabras súas que unha nova figura entre no poder para ter máis poder. Sabe por que? Porque vostede sempre lle din a *Pepe Crespo* o que lle debe. Aquí sempre debémonos uns a outros. Mesmo *Pepe Crespo* facía ese xogo comigo a primeira vez que me presentei. Aquí non hai ninguén que estea por encima de ninguén e agora mesmo hai unha realidade e un número. Con ese número eu invito a falar e a non ser traidor, a volver ao rego e a volver estar uns cos outros en igualdade de condicións.

Obviamente *Albor* tivo que sentirse traizoado. Pero tivo que sentirse máis traizoado probablemente *Barreiro*. *Barreiro* puido ter nas súas mans un papel. Puido saber o que é firmar unha declaración de intencións e se a xente se volveu atrás. Será verdade, será mentira? Non o sabemos, pero puido ter pasado.

Unha vez pregunteille isto a *Barreiro*, que estiven con el, e non se quixo pronunciar. Dixo que esta non era a moción que hoxe lle interesaba ao pobo. Non era a moción que lle interesaba aos nosos coetáneos. É verdade. Ninguén coñece este espazo histórico. Digo eu para facer broma. Sigamos facendo broma. Imos facer unha investigación profunda e se alguén se mete comigo, eu podo dicirlle tamén a vostede, que aproveite a investigación e metelo nun doutoramento de fin de carreira. E que acabe a súa carreira, se a acabou. Vostede é moito de insultar, pois eu tamén lle insulto.

Mire onde levan estas augas. A que? A cruzarnos aquí chorradas?. Mire, xa que vostede apoia tanto a *Fernández Albor*, colla e dedíquelle unha rúa. Dividan o voto dentro do goberno. Esas chorradas non levan a ningún lado. Eu creo que vostede a min deberíame pedir un pouco de desculpas por todo o rato e dalgunha maneira xa o fixo en algún momento. Debería pedir desculpas, é dicir, bueno ao mellor este chaval non merecía o trato que lle din. Vostede sabe que é verdade. Xa lle dixen e sigo dicíndolle fóra deste período político que vivamos. Eu sei que a vostede lle gusta a miña valentía. Eu dígolle que non teño ningún rencor contra vostede. Esta é unha moción para encerellalos, para demostrar que calquera sabe encerellar e calquera sabe crear confusión. Vote agora se quere a favor dunha rúa para *Fernández Albor* ou non vote para a rúa de *Fernández Albor*. De acordo?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós non imos entrar en dimes e direites, porque entendemos que iso non facilita para nada que se reforce a imaxe de *Xerardo Fernández Albor*. Lamento que veña aquí esta moción, porque eu non estou de acordo coa exposición de motivos que fai *Juan José Cruz*. Logo despois de meterlle un repaso fino, pois pedirlle unha rúa para el. Polo tanto, nós imos aquí a facer como lle gusta ao *Sr. Vilariño* ás veces, e imos dicir que esta moción negámonos a votala. Non imos nin a participar no debate da moción, nin imos votar como se estiveramos ausentes neste Pleno. Simplemente, recórdolle unha cousa *Sr. Alcalde*: isto dáme a sensación que isto ven porque no último Pleno, cando acabou o Pleno, quíxolle meter un dedo no ollo a *Juan José*. Se non fora así, non viría esta moción nin de broma. Vostede sabeo. Eu creo que isto deberíámolo evitar porque é desagradable para todos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Digo que a el non lle vou contestar. Pero se segues por aí, vouche contestar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ah, non. Eu só dígolle que non vou entrar na moción. Non vou entrar no debate da moción, nin imos votalo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Nada máis que iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nada máis que iso. E que por favor acote as palabras súas cando quere arrear aos terceiros.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu publicamente quero dicir que ao ex presidente da Xunta.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non terxiverse.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, perdón. Déixame a min tamén. Eu a Cruz non voulle contestar, porque creo que destas cousas non sabe. Esta historia de barreira sabémola ti e máis eu. Coido que ninguén máis debe sabela neste Pleno. Ti e máis eu sabémola perfectamente. Sabes que non teñen nin paxoleira idea do que acaba de dicir, evidentemente. Punto dous, felicito publicamente a *Fernández Albor*, ao que quero moito persoalmente e respecto moito pola súa figura, igual que o Tenente Alcalde, que ten algunha relación de familiaridade con el. Felicítoo publicamente, porque cumpre 100 anos e ao día seguinte encóntrome que o están relacionándoo cos nazis. Se iso é culpa miña, xa me contará. Agora que vostede non quere entrar no debate con *Juan José* diso e que está disposto a tragar co que diga de *Albor*, *Alfonso*, o meu pai.... Se eu fago iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sabe que non é así.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se eu fago a máis mínima por exemplo de *Fraga* e digo que *Fraga* foi non sei que non se cando. Digo hipoteticamente, estaríame poñendo verde aquí....., nos xornais con toda a razón.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede é o Alcalde da Lalín. Claro que lle poñería, pero vostede é o Alcalde.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Con toda a razón. Relacionan nada menos que a *Xerardo* cos nazis, a *Xosé Cuíña*, *José Antonio Rueda* e *Crespo* de traidores a *Xosé Luís Barreiro*, que sabes que é amigo meu, con no sé que conversas. É un tanto curioso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non entres no debate.

D. Juan José Cruz García: Mira, que quede claro que eu do PP non son: primeira cousa; segunda cousa, que quede claro que esta é unha moción para simplemente embarrar igual que fai calquera dos políticos que estivestes aquí comigo. Non me interesa para nada abrir as feridas do pasado. Polo tanto, a próxima vez que abras as feridas do pasado: tédelo en conta.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Só unha cousiña e con cariño. Ti cres que realmente ti abres algunha ferida do pasado?.Ti?. Anda, por favor. Veña continua.

D. Juan José Cruz García: Si que abro unha ferida. Abro un debate.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo que os únicos que sabemos o que pasou alí somos eles e máis eu.

D. Juan José Cruz García: Acláranolo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non.

D. Juan José Cruz García: Aclárao.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non teño nada que aclarar.

D. Juan José Cruz García: Ou cóntanos e o estudamos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non teño nada que contar.

D. Juan José Cruz García: Esta moción é unha moción chorra e esta moción o que ven facer e ven premeditada xusto para isto. Eu voume abster. A min dáme igual esta moción. Agora ides quedar en evidencia vós e a ver o que facedes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu só vou dicir unha cousa para rematar este debate. Eu creo que o pobo de Lalín non merece este espectáculo.

D. Juan José Cruz García: Teño máis tempo. Eu non teño a culpa que vinculen a *Fernández Albor* cos nazis. Eu non teño a culpa do que a xente escriba. Eu non teño a culpa de nada destes casos. Eu o que quería dicir era que este Alcalde se pronuncie. Si se sae de rositas co tema catalán e é capaz de cambiar de opinión, se sae de rositas con *Albor*. Quérese embarrar con todo. Léveme a xuízo polo tema este que discutín con alguén. Aquí o teu é abrir falsa testemuña e levantarlle o tipo que quere e vía. Pois agora vas votar se queres unha rúa para *Fernández Albor* ou se non a queres e eu abstéñome.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Pepe*, queres dicir algo máis?. Non. Vale, entendo perfectamente.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: ningún.

Votos en contra: Nove (9) concelleiros/as do grupo de goberno, dos que catro (4) CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG.

Abstencións: Doce, sendo dez (10) dos concelleiros/as do PP, un do concelleiro non adscrito e un (1) do concelleiro D. Miguel Ángel Medela Dobarro, ausente no momento da votación.

Xa que logo, rexeitouse a moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Votos a favor nin sequera o de quen a propuxo. Entristécame algúns silencios sobre este tema; quero dicir. Isto nunca pasou na historia do Concello de Lalín.

O Secretario: Eu nunca o vira.

D. Nicolás González Casares: Neste caso faino os da oposición.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Pincho:* Sabes que non me gustar ser faltón contigo, pero sabes que viste máis dun capítulo de Barrio Sésamo e isto é o Pleno ,non o goberno. Non protestes que vas ter a canalización da auga.

11.- EXPEDIENTE 4776/2017. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO DE LOITA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro electrónico do Pleno o día 16 de outubro de 2017 co número de rexistro RE-361. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde pública, Benestar Social, actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 30 de outubro de 2017.**

As intervencións deste punto fixéronse conxuntamente co punto catro (moción do grupo de Goberno sobre a vaga de lumes forestais que asolou Galicia) e co punto número oito (Moción do PP en relación á vaga de lumes que sufriu Galicia). Sen embargo, no traslado incorporáronse as intervencións nos devanditos punto da acta.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

A favor: Once (11) sendo dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

En contra: Dez (10) do grupo do goberno sendo cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) concelleiro do BNG.

Abstencións: ningunha.

Por todo elo, **APROBOUSE** a moción, adoptándose o seguinte acordo:

Lamentablemente estamos a sufrir unha oleada de incendios que están asolando toda Galicia. Os incendiarios e pirómanos aproveitaron a climatoloxía extraordinaria deste mes de outubro que agravou a seca que xa vimos padecendo durante todo o ano. A isto temos que sumarlle que o operativo dos meses de verán para loitar contra o lume desactivouse fai unhas semanas. Non creo que este dato sexa casualidade. Está claro que os incendiarios coñecen estes datos.

Nestes días abriuse o debate nas redes sociais sobre como acabar con esta lacra. Todos coincidimos en que debe dársele unha solución por riba dos intereses políticos de cada quen. Por elo creo que desde o concello podemos e debemos contribuír positivamente na loita contra incendios con medidas interesantes.

Por exemplo cremos que sería interesante preparar un plan municipal para dotar de zonas adecuadas para almacenar auga en todas as parroquias do concello para facilitar o seu uso na extinción de incendios: depósitos, balsas de auga ou puzas. Con estas actuacións tamén se contribuíría a garantir o subministro de auga á vez que habería unha ampla rede de puntos de

carga de auga para helicópteros camiións, etc. Cremos importante se realice un estudo técnico co fin de valorar as prioridades.

Outra das medidas que imos propoñer é que o concello destine os cartos que a Deputación e a Xunta lle dan para a contratación de persoal precisamente para manter servizos contra incendios, dentro das súas competencias, durante todo o ano. Ao mesmo tempo propoño que se inste á Xunta e á Deputación de Pontevedra, como administracións competentes xunto co concello na prevención e extinción de incendios para que conxuntamente preparen un plan de actuacións de cara ao ano que vén co obxecto de ter operativas as brigadas de loita contra o lume durante todo o ano, é dicir propoñemos a profesionalización destes reténs, propoñemos se realicen tarefas de control e prevención e non solo de extinción.

Entendemos que parte dos cartos que se aforrarán ao non facerse unha obra superflua nestes momentos, como a de gastar trescentos mil euros en adornar un parque, poderíanse destinar a financiar estas propostas. Neste tema todos temos que colaborar e creo que estaremos todos os grupos de acordo en que se trata de medidas positivas e necesarias.

Ademais instamos ao goberno a que xenere labor informativa no concello co fin de que os nosos veciños coñezan a lei e as competencias locais na limpeza de fincas próximas a vivendas e demais inmobles, demandamos se dinamice unha campaña de sensibilización veciñal co fin de que se rexistren as peticións dos veciños e se proceda a facilitar aos técnicos do concello a máxima información para proceder a comezar os procedementos administrativos que ampare a lei na limpeza deste tipo de fincas.

Demandamos á Xunta programas pedagóxicas específicas sobre o tema de sensibilización nas nosas escolas.

Por todo elo, **ACÓRDASE:**

Instamos ao goberno do Concello de Lalín a preparar un plan municipal para dotar de zonas adecuadas para almacenar auga en todas as parroquias do concello.

Instamos ao goberno do concello de Lalín que destine os cartos que a Deputación e a Xunta lle dan para a contratación de persoal precisamente para manter servizos contra incendios, e desde logo que solicite as axudas creadas ao efecto polos organismos diferentes e volva contratar os reténs locais como se ten feito no pasado e agora non.

Que o concello de Lalín inste á Xunta a proceder á profesionalización dos servizos contra incendios e sexa persoal indefinido, co obxectivo de traballen todo o ano tanto na extinción como na prevención. Ademais se xenere un parque no noso concello por ser punto clave (céntrico) para o tempo de resposta en caso de incendio e ademais poder abarcar un territorio amplo.

Instamos ao goberno do Concello de Lalín proceda a facer cumprir aos nosos veciños segundo dite a lei a limpeza de fincas próximas a vivendas e demais inmobles.

Instar á Xunta a facer programas pedagóxicas específicas sobre o tema de sensibilización nas nosas escolas.

Sen máis ao considerar que neste tema todos debemos navegar cara o mesmo lado rexistramos a moción e deixamos aberta a mesma aos diferentes grupos políticos e demais veciños co fin de ampliála, modificala, ou melloralá.

12.- EXPEDIENTE 4920/2017. COMPARECENCIA DA SRA. CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA ACORDADA NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 06/09/2017.-

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: ten a palabra o PP. Non sei quen fai as

preguntas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non creo que teña a palabra o PP, porque na comparecencia de alguén primeiro fala o comparecente, da a explicación pertinente e logo o partido que pide a comparecencia fai as preguntas pertinentes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale. Queres dicir algo ou pasamos directamente ás preguntas, *Lara*?. En canto a tempos, voulle dar tamén oito minutos e despois de xeito ilimitado as preguntas que queira o PP. Creo que é o correcto. Ilimitado non significa infinito. Vale?. Adiante.

Dª. Lara Rodríguez Peña: Bo día. Si que antes de darlle paso ao interrogatorio que pretenden facer, si que me gustaría comentar dous asuntos: Creo que tanto eu como o grupo que represento que é a APAC sempre dende o primeiro momento nos caracterizamos pola transparencia. Por que digo isto?. Tanto eu como a organización que represento, como incluso este goberno, nunca negámonos a comparecer dende o momento que se nos pediu. É dicir, eu tampouco me neguei a comparecer e de feito vouno facer a pesar de ter que esperar o tempo que esperei. Ter que esperar o tempo que esperei non soamente polos problemas que houbo nos Plenos, senón que creo que os investigadores do PP que me viron en Pontevedra tamén tardaron bastante en saber como foi o asunto. Sobre todo tamén me sorprende o cedo que se levantan, o cedo que están na sede do Partido Popular en Pontevedra para poder verme a min. Iso é unha cousa que me sorprende sobre maneira. Pero ben tampouco é unha cousa pola que vou entrar neste debate, porque estou comparecendo e teñen que desculpar os erros que poda cometer, porque é a primeira vez, pero sigo comentando que este goberno nunca se negou a comparecer, nunca se negou a comparecer a pesar de ter a maioría absoluta ao principio. Ningún dos que estamos aquí negámonos. Vostedes si. Así que agora non veñan dando leccións de nada, porque do que si pecan vostedes é de ser excesivamente moralistas. Aquí si que vou ler: "Xaneiro de 2003: O goberno denegou a comparecencia de *Camilo González* para falar do acceso ao aparcamento pola rúa Z. Xuño de 2005: Négaselle a comparecencia de *Crespo* ao PSOE polo circuíto e condución segura. Setembro de 2007: O edil de educación de Lalín, *Manuel Gómez*, tildou onte de absurda a petición de comparecencia en pleno polo PSOE para informar sobre o concurso de ideas que o Concello quere convocar para condicionar os terreos de Xesús Golmar. Xuño 2012: *Crespo* nega a comparecencia do concelleiro de facenda sobre as débedas de Geslander en Lalín. Febreiro de 2014: *Román Rodríguez* rexeita comparecer no Pleno polo PXOM. Marzo de 2015: O concelleiro socialista *Cristóbal Fernández* defendeu dúas cuestións moi críticas co goberno local, o caso de permisividade coa sociedade gandeira de Gresande na que se encontra a irmá do concelleiro do rural e a selección de persoal nun plan da deputación. O Alcalde *Xosé Crespo* negou a comparecencia".

E aquí estou eu comparecendo por utilizar un coche do Concello para chegar a tempo ao Pleno; cousas verán. Eu estou comparecendo por ese motivo. O día que tiveren que ir a Pontevedra, tiveren que estar no Pleno á menor brevidade posible. E si, utilicei un coche do concello, utiliceino. Pero o que acabo de ler é denigrante. As comparecencias que se denegaron aquí durante o goberno do PP son noxentas. Eu estou comparecendo aquí por iso. Tiña un Pleno ese día e tiña que chegar a tempo e utilicei un coche do Concello, si.

E o outro asunto que quería comentar a este respecto xa é puramente formal, porque cando presentaron a moción para a miña comparecencia, xa o sinalei ese mesmo día neste mesmo Pleno. Aínda que vostedes non me escoitaron, nin polo tanto me fixeron caso, non se pode pedir nunha mesma moción a miña dimisión e a miña comparecencia, porque me están

condenando antes de poder dar explicacións. Estanme condenando non sei moi ben a que porque dimitir, non vou dimitir.

Comentei nese Pleno que os dous acordos na moción non tiñan sentido: pedir a miña dimisión e a miña comparecencia, é dicir. Realmente non sei a que me están condenando, pero nin sequera me deixan dar unha explicación. Primeiro piden a miña dimisión e logo a miña comparecencia, e estou aquí meses despois, comparecendo. Non teño nada máis que alegar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Turno de preguntas do PP. Prégolle que fagan as que queiran, pero tamén prego que non se dilaten dentro dos marxes que estamos falando neste Pleno.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se preocupe tanto polo tempo que eu voume adaptar ao que marca a norma. A norma marca que nunha comparecencia non hai límite de tempo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa lle dixen.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non se preocupe que eu vou utilizar o que estime o que vai utilizar. Eu non vou abusar en absoluto del. Simplemente quero utilizar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Verdade que entendeu que foi unha petición, non foi unha exigencia.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, pero sobra. Porque vostede e máis eu sabemos que vou utilizar o tempo que me me dea a gana.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bueno, iso é relativo. A no ser que lle retire a palabra. Non é cuestión de que sexa máis chulo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero vostede porque ten que arrancar a comparecencia dicindo que por favor me ciña, si xa o vou facer. Outra cousa é que cando leve intervindo media hora....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Es máis chulo ca min. Ale, adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que vostede diga: Mira, eu creo que é razoable que vaia rematando, iso é unha cousa normal. Antes de empezar a falar non mo diga por favor porque non sabe que vou facer. Ao mellor fago unha pregunta soa e acabo antes do que vostede pensa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Proceda, por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: E ademais recórdolle que calquera membro da corporación pode preguntarlle á concelleira.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Proceda, por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu estou facendo uso da miña palabra. Calquera concelleiro, non só eu, calquera do goberno ou da oposición pode....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Podes provocar o que queiras, poñerte o gallito que queiras, pero sei perfectamente o regulamento e sei que podes falar o que queiras e non teño ningún problema. Déixate de intentar agriar o debate e procede se es tan amable.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que manía ten vostede.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Manía tela ti a min.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que manía ten vostede de intentar poñer sempre o punto de a ver quen é o mais chulo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bueno. Non queres facer preguntas. Suspendemos a comparecencia, logo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non. En absoluto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Teño a palabra e non me interrompa, por favor. Non me tome o pelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fago o que me dea a gana, porque son o Presidente do Pleno. Estouche dicindo que empeces dunha vez a comparecencia.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa sei que fai o que lle dea a gana, porque é un ditador e un facha, pero vai de esquerdistista.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo que empece a comparecencia

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu fago o que me dea a gana.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso dígocho eu. Retírote a palabra, se quero.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois retíramas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Empece dunha vez.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois retíramas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non quero retirala.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois entón cala.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Calarei cando me dea a gana; non es máis chulo..

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero será posible. Mire, aquí ten que haber un respecto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O que me está faltando és ti a min.

D. Xosé Crespo Iglesias: Aquí ten que haber un respecto. Vostede se me da a palabra non me veña con coletillas que eu non son un neno.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Coletillas es ti.

D. Xosé Crespo Iglesias: A min non me veña con ningunha coletilla.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: aquí o Alcalde son eu, e o que da a palabra e preside o Pleno e marca os turnos son eu.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estas farto de repetilo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: parece un neno pequeno que lle quitaron o balón. Que procedas a preguntar se queres e que xa está ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: É vostede un cara dura, sinvergüenza.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: non te pases.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, advírtame.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non te pases.

D. Xosé Crespo Iglesias: Estoulle dicindo que é un cara dura e sinvergüenza politicamente falando.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moi ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: Déixeme falar e non me interrompa se me da a palabra.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Concelleiro da oposición, adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que diga a Concelleira que dende o primeiro momento que sempre quixo comparecer. Iso non sei se se chama valentía ou insultar á intelixencia. Vostede comparece porque non lle queda outra, porque o Pleno de Lalín decidiu por maioría absoluta que vostede comparecera. Polo tanto, non veña dicindo que comparece porque quere. Comparece porque non lle queda outra. Así que lle quede claro que vostede fixo unha falcatruada e nós pedimos que comparecera, porque se a fixéramos nós tamén pediría que compareceríamos nós.

Que vostede veña dicindo na exposición brillante de argumentos que fixo, que dende o meu punto de vista é kafkiana, que tamén outros non compareceron. Por exemplo mencióname cousas do parque, que si *Román Rodríguez*, que si *Camilo González*. Aprobáronse comparecencias unhas si e outras non. Nós comparecemos a petición propia moitas veces e tamén vostedes compareceron a petición propia cando lles interesou; igual que nós.

Pero vostede neste caso, a diferenza de nós, é que nós sempre gobernamos ata que deixamos a Alcaldía, porque perdemos con maioría absoluta, polo tanto, tiñamos os votos

necesarios para se queríamos comparecer, non comparecer e vostedes non o teñen. Esa é a diferenza. Polo tanto, vostede comparece non porque sexa *guai do paraguai*, porque non lle queda outra. Así que quede claro que de facer da necesidade a virtude é algo que sabemos facer todos.

Gustaríame, se vostedes tiveran os doce votos do goberno, me gustaría saber se aproarían a súa comparecencia ou non. Xa o veríamos. Non se pode saber, pero a min gustaríame sabelo, probablemente sería que non e pediría unha desculpa daquela maneira.

Eu o que vexo de todo isto é que realmente sorpréndeme que vostede tras dous meses e medio, siga emperrada no mesmo: de que actuou con toda a parafernalia posible e de que vostede non fixo nada malo, que vostede é transparente e gústalle comparecer e os demais somos uns cafres que non nos gusta a transparencia nin comparecer.

Mire, non é así, eu voume a limitar a facerlle unha serie de preguntas. Eu fago unhas preguntas e vostede vaime contestando, porque se as fago todas xuntas non se vai acordar. Fágolle unha a unha e vostede conteste o que queira obviamente, faltaría máis.

D. Xosé Crespo Iglesias: Tivo dous meses e medio para valorar o seu proceder: sigue mantendo que o seu proceder foi o correcto?

D^a. Lara Rodríguez Peña: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sigue vostede mantendo que non ten que pedir desculpas a tódolos lalinenses polo seu proceder ou vai a ter a humildade de recoñecer que se equivocou?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: No ano 2015 o 24 de maio houbo eleccións e conseguimos o goberno. A APAC que eu represento conseguiu 770 votos. Eu agora mesmo no Pleno de Lalín represento a esas persoas. Eu teño a obriga de estar no Pleno porque represento a esa xente. É o momento no que eu como política podo darlle a ver á cidadanía; o Pleno de Lalín que representa a cidadanía de Lalín. Eu represento a 770 persoas e por iso estou no Pleno. Eu ese día tiña Pleno. Intentei cambiar o exame. Creo que o dixen corenta mil veces. A miña obriga é estar aquí e como a miña obriga é estar aquí intentei facer todo o posible para chegar a tempo, incluído cambiar o exame que se me denegou por parte de Educación. Eu quería estar aquí porque teño que estar aquí é a miña obriga estar neste Pleno. Intentei chegar a tempo. Repito: intentei chegar a tempo e por iso utilice o coche do Concello e non me arrepiño, non, porque eu tiña que estar neste Pleno.

D. Xosé Crespo Iglesias: No último Pleno dixi que pedíralle desculpas a quen lle pedira explicacións mentres non fora ao PP, palabras textuais. Pedíulle desculpas a algún veciño ou algún compañeiro de formación política polo seu proceder?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Non teño porque pedir desculpas a ninguén e a min non se me pediron desculpas tampouco. É dicir, ninguén solicitoume que lle pedira perdón por algo que fixen, porque eu estou aquí para representar a esa xente. Repíto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Dicía vostede que representa a setecentas e pico persoas de Lalín. O PP de Lalín representa a 5.726 veciños nas últimas eleccións municipais que votaron no 2015. Sigue mantendo que non ten que pedir desculpas aos que nós representamos e a nós que case son o 50 % dos veciños de Lalín.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Non.

D. Xosé Crespo Iglesias: Como discrimina a quen lle debe pedir desculpas e a quen non?. En base a que fai esa discriminación: a estes pídolles desculpas e a estes non?. Por que ao PP non lle tes que pedir desculpas, se somos uns veciños máis de Lalín?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Sigo repetindo que non vou pedir desculpas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ben, se segue emperrada no mesmo, alá vostede. Só por sabelo: cando traballa no Concello, faino para todos os veciños de Lalín ou só para quen lle votaron a vostede?. Non contesta?. Estoulle preguntando cando vostede traballa no Concello como Concelleira de Cultura faino para todos os veciños de Lalín ou só por quen lle votaron a vostede?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Eu creo que o meu labor como Concelleira de Cultura e de Educación é unha labor para toda a cidadanía. Eu non discrimino absolutamente a ninguén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire se lle fago estas preguntas é porque vostede argumentou nas roldas de prensa posteriores a que saltara este tema, que non fora a Pontevedra nun coche oficial, nin con chofer. A efectos do que nos fala, que diferencia hai entre chamar ao coche no que foi coche oficial ou coche do Concello é a mesma cousa?, que diferencia hai entre chamar ao chofer, chofer ou axente notificador?, É mesma cousa, xa o era antes.

Polo tanto, se vostede argumentou nesas roldas de prensa nos días seguintes a que saltara ese tema no coche oficial. Vostede sigue mantendo que no coche no que foi non era un coche oficial?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Era un coche do Concello coma calquera outro coche.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero entón ese coche que é particular? É oficial?. Que está no limbo?. Porque particular non é e, se non é particular será dun organismo, eu entendo que é oficial.

D^a. Lara Rodríguez Peña: A furgoneta de servizos sociais é oficial?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, perdón. Eu entendo que si. Como non vai ser oficial.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Que máis dará chamarlle oficial ou non? É un coche do Concello. Que me importa se é oficial e si fun a Pontevedra nun coche do Concello.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu a pregunta fágolla porque vostede dixo: eu fun nun coche do Concello non nun coche oficial. Os coches ou son oficiais ou particulares.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Vale: fun nun coche do Concello, punto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nun coche oficial.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Fun nun coche do Concello.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cando eu andaba con el era coche oficial.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Porque era particularmente seu. Era un coche particular en realidade. Sabémolo todo Lalín.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire que non se encheu a APAC de criticar o tema do coche oficial. Que pasa: que cando ía comigo o mesmo coche e chofer, era coche oficial e cando o colle vostede é un coche do Concello?. Perdeu categoría o coche no camiño, eu non o entendo.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Perdeu un cliente que era vostede, o do coche porque vostede utilizaba ese coche para todo, é dicir, sabémolo todos; pero agora o coche nótase un pouco raro cando vou eu. Non me estraña. Ese coche está aquí para utilizar todo o mundo incluído o funcionariado. Iso tamén o dixeran na moción do anterior Pleno cando estaba replicando eu. A un coche do Concello se a vostedes lle gustan chamalo oficial, pois fágao. Eu chámolle coche do Concello.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero por que chamáballe coche oficial cando ía comigo?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Porque era oficialmente de vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: E non coche do Concello?. Porque gobernábamos nós e agora gobernan vostedes?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Pero que máis da iso?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que xa o dixo. Porque antes era un utilitario practicamente teu e agora o utilizan ata funcionarios.

D. Xosé Crespo Iglesias: Está comparecendo a concelleira ou vostede? Se non pregúntolle a vostede?

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se me pregunta contéstolle. Dígolle unha cousa, que non sabe interpretar o que di, o que lle está dicindo a concelleira.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero non interprete vostede. A concelleira é maior de idade e sabe contestar ela perfectamente, como está demostrando.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está claro.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se eu pregunto unha cousa e para demostrar a dobre catadura moral deste goberno, que segundo vaia é dunha maneira ou doutra. Se vou eu é puro, limpo e casto; e se van os outros é lixo. Esa é a diferenza entre vostedes e nós.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, por alusións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Fálame ao final por alusións e eu contéstolle.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Déixeme que cando eu queira fale por alusións. Non teño ganas de guerra con vostede.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero por que me interrompe?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Déixeme por alusións, porque fixo unha alusión, é dicir, aquí a diferenza é que antes era un coche oficial, pero podía considerarse particular teu para a actividade política e mira que estou dicindo para a actividade política e agora é un coche do Concello que utilizan ata os funcionarios, todo o mundo. Esa é a diferenza.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede vai me deixar intervir ou levántome e marchamos os do PP.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bueno, iso xa é cousa súa.

D. Xosé Crespo Iglesias: Bueno, entón no me interrompa. Se vostede dáme a palabra non me corte a palabra. Cando queira córtama, pero non me interrompa para dicir os seus panexíricos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa, estoulle dicindo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero como que xa?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estoulle dicindo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire, retíreme a palabra e marchó.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non lle retiro a palabra.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois entón deixe falar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero entenda que na cordialidade dun Pleno cando vostede fai alusións.

D. Xosé Crespo Iglesias: Na cordialidade non, vostede interrómpe-me cando lle convén.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: cando vostede di que por alusións quere intervir, que fago non lle deixo?

D. Xosé Crespo Iglesias: Cando eu termino de falar, correcto. Dixo a verdade, cando eu termino de falar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Veña, adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero é que non terminei. Continúo coa concelleira a ver se é capaz de convencernos de que o que fixo utilizando un coche do concello que non é oficial e un traballador municipal que non condutor, a ver se non lle importa contarnos o seguinte: Como decidiu utilizar o coche oficial e o chofer, vostede chámao como queira, e con quen o consultou? Por que o decidiu, para chegar pronto ó Pleno, pregunto. A ver no coche oficial

vostede non ten potestade sobre el.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está equivocado.

D. Xosé Crespo Iglesias: O coche oficial? Non ten potestade sobre el?, É o Alcalde. Ah, ou sexa, un concelleiro calquera colle o coche e vaise con el.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Así?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, agora si.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Si, si, agora é así o proceder é así.

D. Xosé Crespo Iglesias: A quen pretendedes enganar? Agora colle *Medela* e colle o Audi sen ningún problema.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Si, sen ningún problema. É así.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, moi ben, eu son tonto entón.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso, xa é a súa consideración.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu podo entender que *Medela* colla o coche que antes tiña *Camilo*, que agora é novo, e se vai a onde lle dea a gana, porque é o concelleiro, pero non colle o coche oficial do Concello que vostedes chaman o coche do Concello. Non colle o *audi* sen falar con vostede. Iso seguro que non. Non o consultou con ninguén. Decidiuno vostede soa?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Vou responder. O uso que se fan dos coches, digo porque tamén teño utilizado outros coches do Concello, e o único que se fai é comentalo sobre todo por saber se faille falta a alguén ou non. É unha cousa de coordinación completa, nada máis.

D. Xosé Crespo Iglesias: Claro, e o chofer está entón dispoñible as vinte e catro horas para facer iso ou condúceo vostedes?. Vostede levouno cun chofer, non? O chofer está dispoñible as vinte e catro horas?

D^a. Lara Rodríguez Peña: É ridículo, realmente en esta comparecencia me están preguntando que como decidín, se o coche é oficial...

D. Xosé Crespo Iglesias: Que como o decidiu vostede?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Pero eu non teño capacidade de decisión?. Si, teño capacidade de decisión, eu decido o que me dea a gana e o que considero necesario e punto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Bueno, resumindo o Alcalde non lle deu permiso para facelo,

non o consultou. Vostede colleu o chofer e o coche e dixo mañá a tal hora aquí diante do concello para levarme a tal sitio, punto.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Os compañeiros de goberno, porque para iso estamos compartindo un goberno e somos varios o que estamos dentro e comentámonos as cousas para que teñamos constancia uns e outros.

D. Xosé Crespo Iglesias: Os compañeiros de goberno están de acordo con vostede no que fixo?

D^a. Lara Rodríguez Peña: Iso terá que preguntalo a eles.

D. Xosé Crespo Iglesias: Dixéronlle que estivo moi acertada.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Iso terá que preguntalo a eles.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ah, non. Eu preguntolle a vostede.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Estou comparecendo eu, se quere saber o que opinan os meus compañeiros e compañeiras de goberno preguntéllelo a eles.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ben, entón preguntolle a vostede. A vostede cónstalle que os seus compañeiros están de acordo coa súa actitude neste caso?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Moi ben, así me gusta. Levou para esta viaxe o Audi A6 longa e tremendamente criticado por este goberno cuatripartito. O chofer ao que lle chama axente notificador por que non se lle deu polo coche de *Medela* que funciona bastante ben?. O de *Camilo* estaba algo escarallado, pero este é novo. Por que non levou o coche de *Medela*, por que *Medela* estaba no Pleno. Polo tanto non o ía precisar ou por que non levou a furgoneta de servizos sociais ou calquera outro coche?. Por que colleu ese?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por presumir alí por Pontevedra.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Xa, a verdade é que quedaba mellor ir nel a Pontevedra.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sexa seria.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Serias teñen que ser as preguntas.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Non podo. Ser sería porque as preguntas son un completo insulto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu preguntolle se o coche é un máis do Concello por que colleu ese con chófer cando hai outros sen chófer?

D^a. Lara Rodríguez Peña: Porque gústame a cor gris e punto. Non vou dicir nada máis. Gústame moito a cor dese coche e creo que campaba moi ben en Pontevedra. Creo que é

unha preciosidade realmente.

D. Xosé Crespo Iglesias: Agora si, que campaba moi ben en Pontevedra co coche. Eu a verdade que debía campar mal.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Creo que me queda mellor a min.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, si, seguro. Pola xeta que ten seguro. Eu esta proposta de que vostede comparecera non a faría, sabe por que? Eu non a faría, se non fora pola xeta e para ensinarlle ao pobo de Lalín a jeta que teñen vostedes. Que o que criticaban a min fano vostedes multiplicado e non pasa nada. Vostedes están lexitimados para facelo e nós non porque vostedes son da pata do Cid. Bueno os galeguistas non son da pata do Cid, seredes da pata de Breogán ou da pata de calquera outro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Os galeguistas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se o fan vostedes é perfectamente pulcro e casto; se o facemos nós é noxento. Porque ata dixo que a comparecencia era noxenta. Mire, noxento é o que me está comentando vostede e as explicacións que me están dando, porque en ningún momento mostra arrepentimento ningún despois de facer unha cousa que non estivo ben.

Eu dígolle e créame. Xa sei que non me cree, porque eu tampouco o crería a vostede; pero eu dígolle que se isto fose nun contexto normal, a min ni se me ocorrería pedir a comparecencia porque vostede fixera iso. Pero fíxeno porque precisamente a vostede enchéuselle durante moitos anos a boca, poñéndonos a caldo a nós, porque utilizábamos eses privilexios. Vostedes fan exactamente igual. Esa é a diferenza. E foi polo que o pedín, porque senón eu nin me molestaría. Pero é que nin dedicaríalle un segundo.

Eu o que quero é demostrar con estas comparecencias a súa incoherencia e a incoherencia dos partidos, como o seu, que son uns partidos moi raros e complicados. Que dalgunha maneira se o fan eles, é ben; e, se o fan os demais é mal, esa é a diferenza. Quérolle facer ver esa incongruencia. Eu non voulle pedir outra cousa como pode comprender que a min me faga iso.

Se vostede encima ten a conciencia tranquila, perfecto; nada que obxectar. Eu o que quero é demostrar a vosa incoherencia, a incoherencia deste goberno cuatripartito neste caso representado por vostede. Pero bueno como di que os seus compañeiros dixeran que estaba ben, meto o cuatripartito no mesmo saco, porque eu pensei que era un acto solitario da APAC. Corríxame se me equivoco. Que diferenza a efectos de chegar ao Pleno supoñía viaxar na opción que vostede elixiu co coche do Concello, coche oficial ou coche particular ou nun taxi?. Que diferenza habería de ter chamado un taxi, aínda que o pagara o Concello?. Eu asegúrolle que se o Sr. Alcalde me di: *Lara* ten que ir a unha oposición e ímola mandar nun taxi porque vai ao exame e quere chegar ao Pleno o antes posible. Por certo nun Pleno onde *Juan José* xa era concelleiro non adscrito e onde non se xulgaba nada, é dicir, o seu voto non servía para salvar nada. O seu voto nese Pleno non servía para nada

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Faga a pregunta, por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Que diferenza hai entre chegar ao Pleno no coche oficial ou facelo nun coche particular?. Cal é a diferenza?. Que faltou dez minutos de Pleno? A dieta íana cobrar igual; só con chegar un minuto xa vale, que me corrixa o Secretario, se me equivoco.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Home: iso é un pouco ofensivo. Dicar que é por cartos é un pouco ofensivo. Sabes que non é o caso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sabes que non estou dicindo iso. Estou dicindo que a diferenza de ir en coche oficial ou tal... Ao Pleno ía chegar exactamente igual.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, acaba de dicir que cobrar a dieta?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Sabe que o Pleno dura dous ou tres horas como mínimo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero o que acabas de dicir de cobrar a dieta non é necesario, porque sabes que non vai por aí.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mire, non o sei, pero non me importa retiralo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Retíreo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero preguntolle exactamente igual: Cal é a diferenza de ir no coche oficial e de non ir no coche oficial?. En resolucións que poderían ocorrer neste recinto. Cal e a diferenza?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Repito: Eu non sei o que faría vostede no meu caso, é dicir, eu ese venres tiña Pleno no Concello e tiña que ir a Pontevedra, co cal eu como política teño unha serie de obrigas e repito que a miña obriga é estar aquí, co cal esta é unha obriga política. Así que utilizarei os recursos do Concello cada vez que as miñas obrigas sexan políticas. Non foi un uso particular. Repito: a miña obriga é estar no Pleno o antes posible e por iso fixen o que fixen. No momento que teña obrigas políticas vou utilizar os recursos do concello como é lóxico.

D. Xosé Crespo Iglesias: É dicir que cando un concelleiro...

D^a. Lara Rodríguez Peña: Aínda non terminei.

D. Xosé Crespo Iglesias: Termine, termine.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Iso en primeiro lugar; en segundo lugar, a min leccións de moralidade as xustas, porque realmente aquí os únicos que teñen bastante que calar son vostedes e non eu precisamente. A min se me está xulgando simplemente por coller un coche municipal para estar a tempo no Pleno. O que fixeron vostedes durante vinte e cinco anos queda totalmente enterrado. É que teñen unha cara alucinante!. É unha mágoa que non veña ao Consello do Padroado. Unha pena que non estea mañá, porque é noxento como se está facendo aquí e como se estivo facendo política durante vinte e cinco anos. Eu foi escollida precisamente para cambiar iso e por iso estou aquí no Pleno e seguirei estando no Pleno. A min leccións as xustas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Termine, termine que eu non lle quero pisar. Pero despois cando fale eu non me pise. Vostede termine.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Perdón, pero realmente se eu me caracterizo de algo é que nunca ou case nunca interrompín a ninguén dos que están aquí. Precisamente eu creo que caracterizo polo contrario do que se fai neste Pleno en xeral. Sempre respecteí as quendas de palabras e seguirei facéndoo e se nalgún momento non o fixen, desculpas. Xa rematei.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ben, polo que vostede acaba de dicir nesta resposta, entón calquera concelleiro que non dea chegado ao Pleno, pode utilizar un coche do Concello, non?. É dicir, se o Sr. Vilariño está alá, no ORAL na Estrada e necesita o coche para vir, ten que chamar a un coche do Concello. É perfectamente normal. Recordo que Vilariño tivo que levar un día a Eva porque entraba no turno do hospital e non tiña empo e tivo que saír de aquí.

D. Nicolás González Casares: É un traballador municipal en horario de traballo.

D. Xosé Crespo Iglesias: É un traballador municipal a dispor do PP, que así está nas bases, vale?. E no seu coche particular non en ningún coche do Concello. É dicir, que polo que acaba de dicir esta brillante concelleira resulta que cando alguén ten un aprieto para chegar ó Pleno, pode utilizar o coche oficial. Iso é totalmente mentira. Está vostede mentindo dunha maneira descarada. Vostede ten unhas facultades e as prerrogativas que ten, pero non ten máis. Entre as que ten, non está a que di.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Cal é a pregunta.

D. Xosé Crespo Iglesias: A pregunta é a que lle dixer: Segundo vostede acaba de responder nesta pregunta, calquera concelleiro dos vinte e un que estamos aquí se ten aprietos para chegar o Pleno, pode utilizar o coche oficial, si ou non?. Pregúntolle xa polo razoamento que deu vostede. Veu motivo por iso?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Eu creo que aínda non están convencidos que están na oposición. Non vou dicir nada máis.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero vostede non pode ter tanto rostro. Estoulle preguntando porque vostede fixo un razoamento: que como non chega, que por iso... Entón eu pregúntolle: calquera que sexan do goberno ou da oposición que queira utilizar un coche oficial segundo vostede acaba de responder na última pregunta?, pode facelo?. Pregunto. Segundo vostede: si, non?. Segundo vostede: pode utilizalo?. Dígame si ou non.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Eu o que si quero destacar é que me alegra que teñan a un traballador traballando para vostedes, pero que ao final é municipal, é dicir, a min que vostedes tomen man dese empregado municipal me parece lexítimo completamente, pero como fixen eu se empregado municipal a pesar que traballa para o PP é municipal porque o seu soldo sae das arcas públicas, é dicir, sae de todos e de todas os lalinenses. A min paréceme lexítimo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Mira, pero non me responde o que lle estou preguntando. Da igual xa non quero que me responda.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Esa non e a cuestión.

D. Xosé Crespo Iglesias: Corríxame se me equivoco. Eu quero que ao PP lle quede claro. A vostede recollérona no Concello de Lalín, non?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Ah, tamén quere saber onde me recolleron?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Recollérona no Concello de Lalín?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Non, nun sitio, un pouco. Non vou contestar iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non a recolleron no Concello de Lalín, logo?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Que máis da onde me recollera.

D. Xosé Crespo Iglesias: Home, a non ser que fora a un after, pero non creo que fora o caso.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Paréceme ridículo a forma na que están.

D. Xosé Crespo Iglesias: Xa sei que lle parece ridículo comparecer e que lle fastidia.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Non, non me fastidia para nada

D. Xosé Crespo Iglesias: Fixo unha facaltruada e cando a descubrimos ata chegou a dicir que os do PP madrugaban moito. Home pois ese señor ía para o Pleno da Deputación é un señor como pode ser aquí *Vila* que ía para o Pleno da Deputación, onde hai unha reunión ás oito da mañá de todo o equipo. Por iso non lle estrañe, porque é o normal.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, un dato por aclarar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non me aclare nada; que me responda si quere a concelleira e despois se vostede quere conteste.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É por aclarar, está falando dun traballador municipal que eu respecto moito, pero que é un traballador de confianza da Alcaldía adscrito ao PP.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, perdón, é de confianza do PP, non da Alcaldía. Chámanse cargos de confianza.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Mire vostede como está posto. É do gabinete da Alcaldía de confianza adscrito ao PP.

D. Xosé Crespo Iglesias: É un traballador de confianza, pero adscrito ao PP. Polo tanto, é de confianza do PP. Non queira terxiversar as cousas. Se non fora da nosa confianza non o tiñamos.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: É o mesmo, meta aí a quen quere.

D. Xosé Crespo Iglesias: Quere deixarme acabar a comparecencia?. Logo pídemme a

min brevidade.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: E logo enfádase.

D. Xosé Crespo Iglesias: Total que a vostede non a recolleron no Concello, entón?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Recolleume na miña casa e deixoume na miña casa e logo vin andando.

D. Xosé Crespo Iglesias: Perfecto, ou sexa que vostede colle un coche oficial. Dille ao chofer que lle vaia a buscar a súa casa e que a volva traer a súa casa. Polo que dixo levouna e deixouna na súa casa, non?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Si.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se tiña tanta presa en chegar ao Concello porque en vez de deixala na súa casa non veu ao Concello directamente?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Porque tiña que coller unha cousa. Pero que sentido ten isto?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu o que quero demostrar é a incongruencia. Non lle parezan preguntas chorras. Eu quero demostrar que é vostede unha incongruente. En definitiva, se a vostede lle parece que iso é un proceder correcto e que a xustificación que da vostede é que vostede necesita iso para o seu traballo, está no seu dereito de crelo, pero acusarnos a nós de dicir e ti máis, iso creo que non é o correcto proceder. Nós no seu momento pedimos a comparecencia de vostede que tivo que comparecer á forza, non porque quixo e porque non lle quedou máis remedio, porque aínda por riba aínda que dixera que non comparecía igual porque temos o votos necesarios.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Tamén pode non contestar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pode non contestar o que vostede queira. É que eu podo preguntar o que me dea a gana e ela responder o que lle dea a gana como se fixo, porque non respondeu ao que eu lle preguntei.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Esta colaborando.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu iso non o estou discutindo para nada. Nós pedíamos a comparecencia da concelleira e no seu caso a reprobación da mesma e máis a súa dimisión. Eu xa sei de que nós lle pidamos a dimisión. A min pedíronme miles de veces e nunca dimitín. Ou sexa, non se preocupe que iso é perfectamente normal en política, é dicir, que eu lle pida a dimisión a vostede lle ten que traer ao pairo, porque son un partido contrario. Polo tanto, non lle estrañe. A min pedíronme a dimisión un feixe de veces e non me rasquei as vestiduras por iso.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: ten algunha pregunta máis?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, si. Eu o que lle digo o que lle dicíamos comparecencia da concelleira e no seu caso, é dicir, unha vez escoitada que é o que pasou aquí a reprobación.

Pois a nós non nos queda máis remedio que reprobala. Reprobar a súa actitude prepotente e a súa actitude chulesca e a súa actitude de gran salvadora da APAC porque resulta que o que vostede fai é perfectamente lexítimo e legal e o que facíamos nós era de todo menos correcto. Mire, vostede fixo exactamente igual por iso o que lle quero facer e ver a súa incongruencia e se quere non o volva a facer e se quere faga o que lle dea a gana. Eu só lle digo que quixena traer aquí a este banquillo para demostrar non polo que gastou co coche e co chofer iso a min importaba un pemento, ao grupo popular impórtanos un pemento. Nós trouxémola aquí para que quede claro ante o pobo de Lalín a súa incongruencia do que dicían cando era oposición e do que fan cando son goberno, iso é o que quero deixar claro. Polo tanto, por a incongruencia e porque vostede utilizou o coche dunha maneira incorrecta e aínda ten a desfachatez de non pedir desculpas e de dalo por ben feito e de contar mentiras como dicir que todo o goberno está de acordo con vostede cando sabe que non é así. A nós aínda que lle custe por algo tremendamente que non ten nada que ver obrigou o PSOE a unha concelleira ir a comparecer, que por certo tñamos maioría absoluta e podía non comparecer e compareceu a petición propia.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Voulle pedir que faga as preguntas.

D. Xosé Crespo Iglesias: E o PSOE despois de comparecer por levar un coche conducindo ela e telo aí dun día para outro para non ter que levar un chofer, o PSOE pediu a dimisión, o PSOE tivo a desfachatez de pedir a dimisión e o BNG pediu a dimisión. Supoño que para vostede tamén a deberían de pedir, porque vamos a ver a min dime cal é a diferenza.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, xa está ben. Ten algunha pregunta máis?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: pois, adiante por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ou sexa que basicamente o que vostede fixo co coche. Vostede volveríalo facer cando lle cadre?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero outra vez?. Está repetindo as preguntas.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Para empezar. É dicir, non fale de min como que eu puidera estar na oposición nalgún momento, porque eu nunca estiven na oposición deste goberno. Iso para empezar; en segundo lugar, realmente sorpréndeme moito porque eu nunca entrei nese xogo de ti máis. Máis alá a raíz das miñas comparecencias ao inicio da miña intervención, eu nunca entrei nese xogo. É máis cando se presentou a moción no anterior Pleno non, no anterior porque levo esperando para comparecer bastante tempo, díxeno claramente neste Pleno.

A min que vostedes saquen a colación o tema da furgoneta ou de *Paz Pérez* ou o tema de se vostede levou nalgún momento aos seus fillos a Madrid no coche ou se a súa muller utilizou o coche para ir de compras, iso foi algo que sacaron vostedes a colación, non eu. Vostedes son os que están comparando o caso de *Paz Pérez* como eu, e non son nin comparables, porque que eu saiba nin Sanxenxo está de camiño a Porto do Son e viceversa.

Por outro lado, vostedes pedían a miña dimisión e que os meus compañeiros de goberno

apoiaran esa petición. Vostedes, cando foi ese caso, non pediron a dimisión da concelleira. É dicir non son para nada comparables e son bastantes curiosas as declaracións que se fixeron nese momento, porque claro no momento no que tes que enfrontarte a unha comparecencia como esta, comezas e tirar de hemeroteca, o primeiro podes crear un noxo máis grande en relación coas situacións que había do seu goberno nos anos que estiveron aquí iso por un lado e tamén ves as incongruencias cando hai un caso deste tipo porque faláron de demagogia de parte do partido socialista da cando esixiron a comparecencia de *Paz Pérez*. Entón non sei o que están facendo agora vostedes, porque eu podería dicir aquí que ía comparecer por iniciativa propia e estouno dicindo: non se ven retractados, porque deberían. Eu ía comparecer o que pasa que se adelantaron na petición.

Cando sucedeu todo isto acusaban vostedes aos socialistas de actuar coma sempre, é dicir, de maneira carroñeira? Pois mírense vostedes agora ao estar ao outro lado, ao mellor así entenden mellor o traballo da oposición as veces. Non?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostedes viñan aquí para cambiar o mundo e converter isto na máxima transparencia habida e por haber e resulta que agora nos atopamos con isto e resulta que vostede encima ten a chulería de parecerlle perfectamente normal. Eu respecto pero dende logo teño que dicir que me decepcionou amplamente a súa comparecencia porque a humildade é algo que vostede non ten nin se lle atisba, porque o menos que debe facer alguén cando mete a pata ou fai unha facaltruada é pedir desculpas e vostede non só non pide desculpas, senón que bota peito e aos membros do seu goberno non lle cae a cara de vergoña sobre todo ao PSOE e ao BNG cando se cebaban connosco por temas infinitamente menos graves e que agora están caladiños en plan zorro porque é un membro do cuatripartito. Iso é onde se ve a diferenza e a catadura moral de cada un dos que formamos esta corporación. Polo tanto, dende logo decepcionoume profundamente, porque eu pensei que despois que haber reflexionado durante tanto tempo, ía vostede ter...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Excede todos os límites, isto é unha comparecencia e ten que ser preguntas e fai unha valoración entre cada pregunta de cinco minutos que non pode ser. Dígolle por favor que faga as preguntas e se finalmente quere facer conclusións, facémoslas.

D. Xosé Crespo Iglesias: É que as comparecencias teñen conclusións Sr. Alcalde.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por iso digo que logo faga as conclusión que queira, pero non me meta cinco minutos de valoracións entre pregunta e pregunta. Píddollo por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Perdóeme, pero estou facendo as conclusións.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ah, xa son conclusión, xa non hai máis preguntas. De acordo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Home, pois non. Xa que vostede me di así eu ía a cortar a intervención pero entón xa non a corto.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Faga o que queira. Que chulo é, dende logo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede mantén que ese uso foi público. A concelleira sabe que di o argumentario do seu partido do coche oficial ou o que dicían o día anterior ás eleccións del, que ían a ser vostedes quen acabaran co seu uso?. Sabe dese argumentario?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Si, e repito que nós referíamonos o uso que se facía dese coche cando vostedes estaban gobernando que é bastante diferente ao uso que se fai agora.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero vostede como pode dicir iso? Pero imos ver?

D^a. Lara Rodríguez Peña: Non, non un momento. Imos ver.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu usaba o coche fraudulentamente?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: O que está insinuando vostede Sr. Crespo que o uso dese audi é igual agora que antes.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non, non eu estou dicindo que vostede o utilizou fraudulentamente.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Eu utilicei o coche e estou falando eu. Sigo repetindo que ese coche o utilicei para chegar a tempo a un Pleno que é unha obriga política, punto. Se vostedes o que queren é que pida desculpas e tildarme de pouco humilde, fágao. Dáme igual. O que digo é que vostedes non teñen nin autoridade moral, nin autoridade legal para cuestionarme a min. Non o teñen.

D. José Antonio Varela Quintela: Eu si.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Ti tampo a tes *Pincho*. Vostedes non teñen nin autoridade moral, nin legal para cuestionarme a min. Pertencedes a un partido.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede é unha irresponsable.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Quere deixarme falar.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede é unha irresponsable. É increíble.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Podo falar ou non podo falar?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede fale o que lle dea a gaña?.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Podo falar ou non podo falar?. Non sigo respondendo a ningunha pregunta.

D. Xosé Crespo Iglesias: Por favor respecte aos demais que somos tan honorables como vostede, mentres non se demostre o contrario, eh?. Ou vostede que se pensa que é? Xa lle dixen que vostede é como todos os que estamos aquí. E aquí non hai ningún que se haia demostrado que haxa utilizado fraudulentamente nada.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Estame interrompendo. Non sigo respondendo máis nesta

comparecencia. É unha falta de respecto completo. Miña?. A min fame unha pregunta, estou respondendo e estame interrompendo todo o tempo. É que de verdade se non lle gusta o que estou contestando. É o seu problema porque a min tampouco me gusta o que están preguntando e teño que calar e contestar e punto. E se aínda por riba me están interrompendo non sei que queren que faga eu, é dicir, vostedes poden interromper. Déixame claro dende un primeiro momento que eu non teño porque interromper, respecto iso porque o estou respectando e aínda por riba estame interrompendo agora?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Terminou?. Déame vostede a palabra Sr. Alcalde de cada vez, porque se non, a ver se a vou interromper.

Sabe o que di o pacto do goberno que está firmado e que antes non había? Vostedes firmaron un pacto de goberno sobre os coches oficiais. Pregúntolle se sabe o que di. Si ou non?. Eu, se quere, léello.

Ben, despois de escoitar as magníficas explicacións que vostede acaba de dicir, vou a pasar á parte de conclusións pola miña parte como grupo que pedimos a comparecencia de vostede.

Non só non se arrepiñe de non haber actuado correctamente, senón que aínda ten a desfachatez de sacar peito. Creo que nós fomos moi xenerosos con vostedes e con vostede en concreto. Lonxe de agobiala, démoslle tempo para reflexionar, para que vostede tivera a humildade necesaria de pedir desculpas. Por moito menos que vostede fíxoo, concelleiros do PP e pediron desculpas, porque son persoas non prepotentes, porque son persoas que como persoas que son, todos podémonos equivocarnos; pero é que vostede a ten a chulería de dicir que non se equivoca e ten a chulería de presumir do que fixo mal. Pero vostedes que se cren que son? Hai que ter jeta para pensar que un está nun plano moral superior os demais?, pero vostede quen se cree que é?. Onde pensa que naceu vostede? Pero é que a calquera dos que estamos aquí se nos puido demostrar que nós fixemos algo que mereza a reprobación dalgún tribunal ou alguén que teña o sentido común normal que hai que ter á hora de ver o que temos diante dos ollos?.

Xa lle dixen que nós non pedimos a reprobación polo dano que se lle fixo ó Concello que foi mínimo. Nós pedímolos para demostrar a súa incoherencia e a súa catadura moral. Fíxese ben o que dixen: catadura moral. Porque pensan que a súa conciencia é mellor que as dos demais, porque pensan que son algo tan extraordinario, que son uns paladíns da democracia e os demais que pensan distinto a vostede. Eu a cada paso estou máis contento de pensar máis distinto a vostede. Pensa que somos persoas que non temos dignidade e pensa que vostedes son só os listos e os hábiles. Pensan que vostedes son os que viñeron a este mundo para rexenerar a democracia.

Mire unha cousa: fan ogalladas como os demais. A diferenza é que vostedes chulean e pásanos polas narices de que o que fan é perfectamente normal, cando nós tivemos que pedir desculpas unha, dúas e tres veces e vostedes non a piden. Polo tanto por iso é polo que vostede acaba de confesar aquí. Nós pedimos a súa reprobación e a súa dimisión, que xa sabes que non ten porque dimitir nin fai falta que dimita. A min iso dáme igual. Nós pedimos a dimisión porque entendemos que unha persoa que é capaz de facer o que vostede fai de ter un erro. Porque un erro o pode ter calquera, pero por riba de non emendalo, temos que aguantar iso. Aínda por riba que queremos botar á cara que ela é dunha catadura non, é dun nivel de moralidade superior a dos demais mortais.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas grazas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós pedimos a súa reprobación e non sei se hai que votalo ou non. *Secretario:* a reprobación hai que votala, non se vota ou como ?. Eu digo por se hai

que votala, eu pregunto.

O Secretario: A reprobación ten que ser outra moción distinta a esta.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non pode vir dentro desta moción?.

O Secretario: Eu entendo que non.

D. Xosé Crespo Iglesias: Entón que se saiba que nós pedimos a súa reprobación e a súa dimisión e se antes tiñamos bastantes argumentos, agora despois desta comparecencia acábamnos de cargar cos argumentos totais. Polo tanto, siga por ese camiño que vai ben. Moitas gracias.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale. Agora interveño eu.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu pola miña parte non teño máis preguntas, pero calquera outro pode telas; que aquí pode preguntar calquera dos vinte e un.

Dª María Paz Pérez Asorey: Por alusións falar. **Lara Rodríguez:** Paz Pérez contéstoche e pido.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non lle din a palabra.

Dª María Paz Pérez Asorey: Desculpas, perdón.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non te preocupes, que ten que darcha, porque non lle queda outra.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pero se iso non é a cuestión eu doulle a palabra a todo o mundo. Que o saibas que eu lle dou a palabra a todo o mundo. Pero é unha cuestión de forma. Agora se prefire falar o concelleiro non adscrito ou ela, que decidan entre eles, porque eu lle dou a palabra a calquera dos dous. Adiante Paz.

Dª María Paz Pérez Asorey: Eu son moi breve. **Lara Rodríguez:** Paz Pérez solicita neste Pleno, en uso que temos, a disposición dese coche ou calquera coche do Concello a facer ese traxecto en coche para que vexas que si se fai directamente Porto do Son-Sanxenxo sen vir a Lalín.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non entendín nada. A ver.

Dª María Paz Pérez Asorey: É fácil de entender. Non é necesario vir a Lalín directamente. Coincidía como ela dixo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ah, o teu caso.

Dª María Paz Pérez Asorey: Ela sabe e todos os que estamos aquí debemos estar escoitando o que ela estaba dicindo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa, pero eu a túa historia co coche non

teño nin idea nin a quero saber. Seguro que foi gravísima ademais.

D^a. Eva María Montoto Méndez: Eu só quería facer unha pregunta, É que a min estráñame a que puntos chegamos neste Pleno e gustaríame saber se alguén ten unha causa de forza maior para ter que ausentarse un cacho do Pleno?, se da bancada popular houbo algún problema ata o momento en que mantivera o voto como se fixo nalgún caso con a ausencia de Tomás?. De momento eu creo que os únicos que “aproveitaron” de non estar unha persoa presente neste Pleno non viñeron precisamente por este lado. Pregunto se a ela nalgún momento plantexou a opción de dicir que tiña un exame? Porque eu sei que nos quita toda a moralidade posible, pero polo de agora sabemos o que son as obrigas paralelas á política. En algún momento se lle ocorreu que podía falar connosco en neses momentos do Pleno se mantivera o seu voto como se fixo noutros momentos?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, porque se non está presente no Pleno, dende o primeiro minuto considérase ausente e non conta. Outra cosa é que se levante.

D. Xosé Crespo Iglesias: A edil non dixo que no podía asistir por estar fora.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu pido que non te dirixas a compañeiros do Pleno en termos de sinvergüenza, chulería, chulo. Pídocho por favor.

D. Xosé Crespo Iglesias: Despois de dicir o que dixo a edil...

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non insultei a ninguén. Eu pido que non haia insultos persoais nos Plenos. Eu sei que non me consideras ningún sinvergüenza política, pero non quero que digas esas cousas e non quero que lle digas a chulería e toda esa linguaxe que tes ti de vez en cando. Eu creo que a linguaxe española e galega é suficientemente ampla como para non ter que utilizar estes termos. Pídocho por favor.

(4:22:40) falan varios á vez.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: a vostede unha vez falteille ao respecto e pedinlle desculpas, creo lembrar. E vostede faltoume a min bastante e aínda estou esperando.

(Paio abandone o Pleno, por favor.)

Dixo que non ía a reponde nada máis.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Proceda se ten algunha introdución. É que isto vai ser máis eterno do que pensaba.

D. Juan José Cruz García: Simplemente dicir que non é o meu ánimo facer moita leña desta árbore caída.

D. Xosé Crespo Iglesias: A árbore non caeu.

D. Juan José Cruz García: Ha de caer coma todos. Primeiramente, a que partido representas?. Dentro da APAC representas a algún partido da Marea? Estás afiliada nalgún partido?. Non respondes.

D^a. Lara Rodríguez Peña: Non sei que ten que ver isto co uso do coche.

D. Juan José Cruz García: Vale. Vas reclamar, como en Marea, secretario, chofer, compensación salarial e todo isto como *Villares*?

D^a. Lara Rodríguez Peña: Que ten que ver isto coa comparecencia?. Pregunto. É dicir, por favor: vaille tomar o pelo a outro a min non

D. Juan José Cruz García: Tampouco vas contestar. Vale. Eu vou aproveitar este momento para escenificar algo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A ver, non escenifique e pregunte se é tan amable.

D. Juan José Cruz García: Vou escenificar.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: escenificar, escenifica permanentemente e pregunte se é tan amable.

D. Juan José Cruz García: Agora vouno escenificar. Aquí ven un *iphone 6* novo do paquete. Aquí o poñemos. Vai vostede a devolver o gasto de gasolina, rodas, prima do funcionario que a levou alí, fondos do seu grupo cobrados ilegalmente... a todos os veciños de Lalín?. Eu traio aquí novo de paquete. Vostede vai devolver ese custe que xerou a todos os lalinenses? Non quere responder tampouco a isto?. Seguimos. Considera que eu teño que devolver este teléfono novo de paquete con dous anos de garantía? Considera que o teño que devolver?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A ver, mire: ou se centra nas preguntas relativas á comparecencia do tema do coche ou córtolle a palabra.

D. Juan José Cruz García: Non quere contestar. Vale.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se a seguinte pregunta vai por esa liña, córtoo.

D. Juan José Cruz García: Con todos os respectos *Rafa*: Non te columpies.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vostede ten que preguntar do tema este e non dos chipiriflauticos.

D. Juan José Cruz García: Tan pronto como me cortes o micro, levántome e vou denunciar. Son dereitos fundamentais que teño e que temos todos os lalinenses e eu máis por ser concelleiro.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: E ti máis que os lalinenses, si.

D. Juan José Cruz García: Vai presentar un informe técnico dos gastos ocasionados pola súa viaxe a Pontevedra?. Vostede representa tamén a compañeiros seus expulsados dentro da APAC?. Tamén

representa a eses?. Dentro de eses 760 seguro que hai algún que está expulsado da APAC. Supoño que tamén representa a eses, non? Ou algún máis?.

Vostede pode deixar as designacións do Pleno, Comisións Informativas dese mes para un tema de carácter social e compensar así este pequeno erro que cometeu?. Vostede vai facer igual que este concelleiro non adscrito que se compromete publicamente a deixar as designacións dun mes para calquera grupo de veciños que puidera liderar un contencioso-administrativo polos alcantarillados, eu deixaría o dun mes. Vostede vai deixar as designacións dese mes para calquera causa social e resarcirse así dese erro?. Non contesta.

Se tanta falta de persoal hai neste concello considera que ese funcionario que a levou alí non tiña nada máis que facer ?. Non contesta.

Na APAC ven ben a súa opción de romper o pacto de goberno? Que opina *Manolo Iglesias*? Ou dirá que é un simple profesor, non está para revisar o pacto do goberno?. Non contesta.

Por que non contratou un taxi?. Non contesta.

É unha obriga política ir aos nosos traballos?. Non contesta.

Parécelle moito madrugar as oito da mañá? Que lle vai explicar vostede a todos os veciños que se levantan ás cinco para ir os seus traballos.

A que hora chegou vostede a Pontevedra?.

De verdade que non lle da vergoña facer o que fixo e quedar tan en evidencia como non ter a suficiente osadía de devolver as asignacións ou o custe que xenerara e pedir un informe técnico, eu faríano, faría un informe técnico do custe e chegaría aquí e o poñería enriba da mesa.

De verdade que non lle da vergoña a vostede quedar tan en evidencia e querer ser tan de esquerdas é, querer ser tanto anticorrupción e non ter a valentía de comprometerse a devolver o que non é seu. A devolver os fondos cobrados ilegalmente polo seu grupo, de verdade?. Non contesta.

Dixo no Pleno que non ía a responder ante a xente que non a representaba?. Pásase vostede polo forro a opinión da metade dos veciños de Lalín?. Considera vostede a *Esperanza Aguirre* unha corrupta?. Non contesta. É vostede corrupta?

D^a. Lara Rodríguez Peña: Non. Non son corrupta.

D. Juan José Cruz García: Da exemplo contra a anticorrupción e contra os defectos que se cometeron sería dar exemplo e cumprir coa palabra, sería loitar contra a corrupción?.

Non pide vostede perdón porque é aconfesional?.

Non ten cartos para un taxi ou para un autobús?

Bueno, non sei cando será o momento máis propicio para preguntarlle ao Sr. Secretario se este móbil considera que pode entregar este móbil novo da mesma marca co dobre de capacidade de memoria. Non sei se é oportuno facelo agora ou esperar ao turno de rogos e preguntas.

O Secretario: Neste tema non. En rogos e preguntas.

D. Juan José Cruz García: Moitas gracias.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moi ben. Remato dicindo como Alcalde que estou orgulloso do traballo da miña compañeira da APAC, de *Lara*; que a poño moito en valor. Creo que está facendo un gran labor e considérola unha persoa absolutamente ética e moral. Supoño que saberán a diferenza entre unha cousa e outra.

Considero que non fixo nada fóra do que debería facer e que están, falo de min, soamente de min, que ninguén se sinta aludido, están cun Alcalde que non utiliza o coche oficial máis que en

cuestións que practicamente non me queda máis remedio para ir a determinados sitios. Como sabe todo o pobo de Lalín eu ás oito da mañá aparco todos os días onde aparca o resto dos veciños. Non necesito que ninguén me vaia buscar a miña casa para ir ao Concello nin esperar a que almorce. Eu non me considero ningún señorito. Por iso podo facer perfectamente este tipo de cuestións.

Na comparecencia deume a sensación de que incluso había elementos de rifirafe por cuestións persoais, o cal non me gusta. Non me refiro a *Crespo*; refírome a *Cruz*. Tamén insisto en que eu nunca estiven na oposición. Nunca critiquei a existencia dun coche oficial.

D. Juan José Cruz García: Non, *Rafa*. Só aproveito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non tes a palabra. Está intervindo o Alcalde, desculpa.

D. Juan José Cruz García: Dixeches hai un momento que lle dabas a palabra a calquera. Por alusións teño dereito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Remato dicindo que nunca critiquei a utilización dun coche oficial que eu non utilizo, pero non o critiquei e nunca dixen semellante cousa e que seguirá aí. Eu o coche co que máis ando é con *Medela*, o novo este que hai do rural. Ese si que o gastamos bastante, é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non dicimos nada do uso do coche de *Medela*.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: seguro que me deixas expresarme como eu queira, verdade?. Xa dixen que a min non me parecía incorrecto o que fixo, que a apoio, e que cambiaron bastante os tempos de utilizar un coche, que agora é de todo o Concello ata dos funcionarios e que antes eu non o critico, pero non era así. Sei que incluso vostedes miraron se utilicei de xeito espurio o coche, e como saben, nunca o fixen.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ese non o tema da comparecencia.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A min comentáronmo. Estou seguro que en vinte e seis anos de Alcalde, o *Sr. Crespo* nunca o fixo en vinte e seis anos e en tódolos seus días. A min non me consta que nunca o fixera.

D. Xosé Crespo Iglesias: Os coches se utilizaban polo persoal do Concello.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: A vostede seguro que non lle consta que sendo eu Alcalde de Lalín cun coche oficial, fixera nunca tal?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu en vinte e seis anos nunca o fixera.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Estásme faltando ao respecto, pero bueno está ben. Non me deixes falar. Eu o que estou dicindo é que este Alcalde de Lalín, *Rafael Cuiña Aparicio*, nunca utilizou de xeito espurio o coche oficial, nada máis, eu. Que quede ben claro. Entendo que polo que eu sei ti tampouco.

D. Juan José Cruz García: Eu por alusións queredría falar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non hai máis que falar.

D. Juan José Cruz García: Por alusións, quero falar. *Rafa*.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non lle dou a palabra.

D. Juan José Cruz García: Por alusións.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Seguinte punto.

D. Juan José Cruz García: Antes dixeches que lle dabas a palabra a todo o mundo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Secretario seguinte punto se é tan amable.

D. Juan José Cruz García: A min no ma das.

Con estas verbas deuse por rematada a comparecencia.

13.- EXPEDIENTE 4667/2017. MOCIÓN DO PP PARA INSTAR AO CONCELLO A ELABORAR O PROXECTO DE OBRA E HABILITAR UNHA PARTIDA ECONÓMICA PARA ACOMETER A DOTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E AUGA AOS LUGARES DE CÁCEME, CASAS NOVAS, CARRETERA E IGREXA NA PARROQUIA DE GOIÁS.-

Deuse conta desta moción presentada no rexistro auxiliar do Pleno o día 10 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada 10 de outubro de 2017. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica do día 30 de outubro de 2017.**

No debate houbo as seguintes intervencións:

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Unha pregunta. Nas comisións informativas creo que se falou de que ao mellor iades a retirar a moción?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Ímola manter.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu dinlle a palabra fai un minuto. Se é tan amable.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Si, desculpe. Esta moción ven dada porque no seu día varios veciños da zona de Goiás, concretamente dos lugares de Casa Novas, Cácame e Igrexa viñeron falar con nós, debido a que fai ano e medio se comprometera o Sr. Alcalde para dotalos de auga. A día de hoxe aínda non tiñan o servizo. Tivemos alí unha reunión cos veciños e eles expuxéronos tamén que algúns máis dos que en principio viñeron onde nós, necesitaban o investimento e o servizo. Decidimos dalgún xeito presentar unha moción para intentar que da maneira máis rápido posible se procedera a dar servizo a estes lugares. En principio nas comisións informativas faláramos incluso de se tiñan o proxecto ou a memoria

valorada e retirar a moción; pero visto que o Sr. Alcalde co ánimo construtivo que ten sempre xa anunciou publicamente que ía ir alí a dicirlle aos veciños que grazas a el se lles ía a facer a traída, pois loxicamente nós vemos que non é así e imos manter a moción.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa che anuncio que imos votar a favor, que podes estar tranquilo.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Eu estou tranquilo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Dígoo por si te alteras. Imos votar a favor.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Eu estaba na miña palabra. Por que me corta?. Por que ten a desfachatez de estar sempre cortando a un que está falando ou interrompendo?. Imos manter a moción porque o Sr. Alcalde foi alí e sacou o peito e dixo que era cousa del e non se da conta de que esta obra ven propiciada por nós. -Eses exabruptos sóbralle-. Ven propiciada por nós, que foi cousa pactada cos veciños e máis co grupo de goberno, pero a nosa obrigación foi presentala dado que era unha necesidade e por iso ímola manter.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Esta?.

D. Antonio Rodríguez Rodríguez: Si.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias. Primeiro felicitarnos porque temos un acordo a este respecto para dotar a todos estes lugares de Goiás desta traída de augas que eu creo que é necesaria e do cal me alegro. Quero felicitar ao redactor do proxecto, *Pepe Varela*, por facelo e a este Concello en xeral por dotalo economicamente con case 60.000€.

Como vexo que non contades todo, é certo que veciños, os de Céceme en concreto, hai tempo que nos pediron este tema e aínda non o fixeramos. É certo e xa estaba en marcha o proxecto. Tamén é certo que eu non saquei peito a pesar do que o digan Tamén é certo que sei como convocan vostedes aos veciños e que teño a sorte de que me van moitos máis que a vostedes a ese tipo de reunións. Tamén é certo que o que non conta o *Sr. Rodríguez* é o que lle botaron á cara os veciños, á vostedes. Iso non o contan; pero eu o sei, porque o contaron alí publicamente, é dicir, isto xa o teríades que ter feito vós. Agora vindes aquí cando nunca o fixeches.... Entendo que isto é normal, porque non se pode ter todo feito e isto é así.

O que me congratulo é que afortunadamente poidamos dar este servizo a unha parroquia tan importante. Nada máis. Imos votar a favor, que o saiban. Digo nada máis pola miña banda; vostedes digan o que queiran.

D. Juan José Cruz García: Reiterar que intentei que se dialogara en Lalín e que houbera a necesidade de consensuar as decisións. Nunca antes en Lalín pasou isto. Sei que estamos facendo historia e nunca antes houbo un tráfuga en Lalín. Eu fun crucificado politicamente polo desgoberno de Lalín, por obrígalos a pactar e preguntar ao meu grupo de traballo. Que de malo ten consensuar, dialogar dentro da legalidade. Aquí polo de agora estívemolo facendo sempre.

Por moito que diga *Cuíña* que ao tráfuga nin auga ,pois o que dixemos. Tiveron que ceder e poñer moitos dos proxectos do tráfuga, do PP e dos veciños enriba da mesa. Despois das comisións informativas deste mes, eu sentín un orgullo porque Goiás vai ter unha traída de

augas que eu descoñecía e se estaba iniciando o proxecto ou non. Pero pareceume entender que *Crespo* probablemente tiña medo e desconfianza do goberno, porque non cumprira coa súa palabra. Entendo esa desconfianza e por iso neste Pleno anteriormente anunciei o meu voto a favor, para que iso poida ir cara adiante e claro que iría cara adiante unha vez que o proxecto esta feito.

Eu creo que estes proxectos veñen facilitar a postura que probablemente tivemos para co parque do Concello. Quería preguntar onde está o proceso dese do parque do Concello dos 300.000€?. Se seguides co proxecto, unha vez que sei que estes proxectos suman eses cartos máis ou menos e eses cartos do parque do Concello. Para min sería motivo de ledicia ver que se está tornando a política e que entón se está dialogando. É motivo de satisfacción e debe ser motivo de satisfacción para os veciños de Goiás darse conta que xa poden desfrutar desa auga da traída.

Vai ser a primeira vez que lle pida ao PP algo moi explícito no Pleno. Ao mellor non é a primeira vez, pero gustárame no momento que se faga a inauguración destas augas que simplemente me convidades para seguir nesta liña argumentativa. Que me conviden eles e a nós, pero como el non nos chama, pois teredes que convidar vós.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fai unha comida na casa, *Pincho*.

D. Juan José Cruz García: Se me chamades, simplemente dicir que fun un máis dos vinte e un dos concelleiros

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, si, ti fuches fundamental.

D. Juan José Cruz García: Mudaron bastantes certas actuacións con eses 300.000€ e foron a outro lado. Quero saber o estado e que ides facer? Se ides facer o parque ou non o ides facer este parque do Concello, porque ese é un parque de ocio que non creo que sexa prioridade. Sigo chamando ao PP a que siga forte. Vós tendes máis forza da que pensades e vexo esta división dos fondos que eu pedía, que dicía que debía ser simbolicamente a metade, porque era escenificar un pouco como está o goberno, e creo que saídes ganando, porque tamén na rúa Xesteira parece que vai haber actuacións e síntome orgulloso de que me chamasen os veciños da rúa Xesteira, de escoitalos e de poder darlles a miña aprobación a eses veciños e dicirlles que si, que ía a facer ese esforzo de votar pola rúa Xesteira.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como inventa, Deus mío.

D. Juan José Cruz García: Outra cousa é. Non invento nada, estiven no París para que o diga a prensa, botando a quiniela e tomando un café cos veciños da rúa Xesteira. Eu non sei porque hai tanta obsesión. Por que eu non podo andar por aí e falar coa xente?. Outra cousa é a deslealdade de *Cuíña* moitas veces cos pactos que fai. Entón tede coidado os do PP, porque fixestes un movemento táctico perfecto e que grazas a iso están canalizando os cartos cara outros lados, porque eu, entre outras cousas, fixen esa presión e tamén vou reiterar que non vou tolerar que sexa quen de dicir o Alcalde de Lalín o que queira: vende o rural é a súa prioridade cando demostra con outros feitos que non son estes dos que estamos a falar. Polo tanto, anuncio o meu voto a favor e a seguir traballando.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias. Sr. *Crespo* adiante, ten cinco minutos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Moi rápido, tanto que nin os necesito. Vostedes aínda non asumiron que están en minoría. Por iso ocorren estas cousas. Se non estiveran en minoría pasarían de nós, como do veneno, pero como están en minoría, pois non poden facelo. Vostedes non se dan conta de que teñen un goberno débil precisamente por atoparse en minoría non por outra cousa.

Mire, en dous anos e medio nos fixeron nin unha soa traída de augas e nós non houbo ningún ano en que non se fixera algo nunha traída de augas durante vinte e cinco anos: algunha nun quilómetro; outro, dous; outro ano, tres; outro, cinco, pero sempre se facía algo. En dous anos e medios vostedes non fixeron nin uns metros de traídas de auga novas. Estas son as primeiras que se fan.

Os veciños viñéronlle a protestar e a pedilo aquí. É certo que algún diríalle é que os outros non o fixeron. É que se estivera todo feito xa escusaban de estar vostedes. Nós fixemos o que puidemos: algunhas cousas si e outras non.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Protestar non protestaron; pedírono.

D. Xosé Crespo Iglesias: Bueno. Viñeron a pedilo e entón o que a mi me contaron os veciños. Se me mentiron, é problema deles.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Perdón, fun eu alá, máis ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si me mentiron os veciños. A mi o que me contaron eles é que primeiro viñeron a falar con vostede que dixo que tiña unha traída en Céceme antes do 2016 e logo non foi posible.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso non é certo.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu dígolle o que me dixeron a min. Despois que lle dixo que o tiñan para primavera e non o tiveron e despois en primavera que lle dixo que o tiña para o verán. Cando pasou o verán, no mes de setembro antes das festas de Lalín ou debía de ser polas festas de Lalín viñeron falar comigo e díxenlle se vós pedíchelo no Concello, porque que veñades onde nós que somos a oposición paréceme ben, pero sempre cando esgotades as vías do concello. Palabras textuais deles, e como dixo outro: prometo pola miña conciencia e honor que foi así. Primeiro díxonos antes de acabar o ano; logo díxonos para primavera; despois para o verán; e agora diranos para o outro Nadal e estanos tomando o pelo. Podes facer algo? É motivo polo que metemos a moción, nin máis nin menos.

A verdade que foi santo de devoción, porque foi meter a moción e logo decidistes arranxar connosco cos cartos que tedes aquí de remanentes e chegouse a un acordo inicial, porque ao non ter maioría, non lle queda outra igual que a que fixeches coa rúa Xesteira e efectivamente eu creo que: a Deus o que é de deus e a César o que é do César.

Vostede, *Sr. Cuíña*, ten unha obsesión: con que nós non sexamos capaces de vender nin sequera aquilo onde participamos nós por iniciativa nosa, porque miren e remato: Unha cousa é certa: se nós non metemos esta moción, os veciños de Goiás non teñen as traídas de augas porque o 100% dos cartos ían para a Praza da Igrexa, perdón para a Praza de Vila, para a Praza de Galicia, perdón, porque *Nicolás*, o Tenente Alcalde, tíñame proposto a min facer a segunda fase e eu díxenlle que si. Así de sinxelo, porque era un proceso que nós tiñamos en marcha. Polo tanto parecíame razoable. Despois foi cando lle dixen que xurdiu un problema e é que estes veciños estaban sen auga e que a Praza é necesaria. Pero é máis necesario dotar de auga. Aceptou e nada que dicir. Soamente lle poño noutra parte que eu fun á reunión cos

veciños, porque viñeron onde min e eu quería saber a opinión deles. Iso é unha cousa que eu pediríalle encarecidamente. Se non queren, pois non o faga que están no seu dereito.

Mire: cando veñen os veciños, non machaque aos veciños, que pola razón que sexa teñen relación comigo, porque e que dálle unha caña ao pobre *Fraga e ao Manoliño*, pero sobre todo ao pobre Fraga, que non a merece!.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Manoliño?* Con *Manoliño* non falei na vida.

D. Xosé Crespo Iglesias: *Manoliño*, o do segundo día cando non foi *Fraga*. Non se da conta que é a miña parroquia e que cóntanme todo. É como se van onde estivo toda a vida vanllo contar. A min en Goiás cóntanme todo con pelos e sinais e non mo conta un, senón catro ou cinco. Entón atando cabos, teño a versión completa.

Eu o que lle digo é que non se trata de que nós vendamos nada, é dicir, é normal. Vostedes son os que están gobernando. Que queiran vender a política é perfectamente normal, pero oiga: non nos neguen o pan e a sal.

O que si é certo é que os veciños que Goiás van ter traídas de augas neste ano ou a primeiros do outro porque nós presentamos a moción, senón o 100 % desde cartos irían para aquí que é perfectamente lexítimo e nós metemos o pé, porque somos a chave. Se non, non o meteríamos. Así de sinxelo. Polo tanto tamén quero agradecer ao concelleiro non adscrito que nese sentido, se non fora pola espada de Damocles que pende sobre vós del, nós non teríamos nada que facer; serían once votos contra dez. Antes riades, cando estaba intervindo el, de que os veciños da rúa Xesteira falaron con el e si é certo que falaron con el, porque eu lle dixen que: pedides o meu voto ou falades co concelleiro non adscrito.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Voulle dicir unha cousa. Sei que ao mellor alguén do goberno me mata, pero a min paréceme un despropósito a cantidade de cartos que se vai meter na rúa Xesteira, demasiados cartos. Poderíanse facer en actuacións moito máis importantes en Lalín. Esta é a miña opinión, recoñecendo que había que facer, os cartos que se van, parécenme excesivos. Mira o que estou dicindo:

Punto dous: eu son consciente de cando estou en Goiás. Agradezo que me veña tanta xente ás reunións, agradézoo e moito; Punto tres: fomos a expoñer alí o proxecto e estamos de acordo que isto a final é o importante.

Eu ao final teño que vender o que fai o goberno, como vostede moi ben dixo, e vostede intenta tirar de que grazas a vostedes. Tamén isto é normal eu non o vou poñer en tela de xuízo. Eu do que estou encantado é de que os veciños vaian ter traída de augas, porque creo que nestes tempos ademais de coa sequidade que hai, é moi necesario.

D. Xosé Crespo Iglesias: Nós tamén.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa sei. Entón ao final é o importante, despois cada un que faga o seu traballo político, como é lóxico, porque se estamos intentando dicir cousas diferentes, estaríamos chamando para á xente.

D. Xosé Crespo Iglesias: De acordo, pero unha cousa se o permite. Estou de acordo co traballo político e que vostede faga o que faga e eu fago o que fago. Eu só pídolle unha cousa que é un rogo que lle fago: a xente coa que eu me relaciono, porque é amiga miña e dígolle que vou a ir a aldea esta, fálame con dous ou tres veciños que quero ter unha reunión con eles. Que non os machaque, só lle pido iso.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por favor. Aparte sabes.

D. Xosé Crespo Iglesias: Como Alcalde vas alí e un veciño.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Escóitame.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu fun Alcalde e sei o que é darlle caña a un veciño.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Agora déixasme a min, por favor. Ti deches caña a moitos veciños moitas veces. E eu son testemuña diso. Eu sei de sobra o que hai, é dicir, sei de sobra como se exaxeran as cousas intencionadamente. Sei de sobra como se chama á xente, quen vai, e igual que cho contaran a t,, cóntamo a min. Sei perfectamente do que vai o tema. Estaban convocando para unha reunión os veciños para este tema contigo e tres dos que ían á reunión xa me estaban chamando, que serían seguramente os mesmos que te chamarían a ti. Pasa este tipo de cousas e tamén sei quen son os que vos botaron a cara aquel día na primeira reunión, seino de sobra e ti o sabes tamén.

D. Xosé Crespo Iglesias: Ao mellor fomos a reunións diferentes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu o que digo é o que me contan. Eu non estaba alí. Eu creo que o podemos deixar e darlle para adiante e punto.

D. Xosé Crespo Iglesias: Si, pero eu o que lle propoño é unha cousa, porque isto vai ocorrer máis veces. Se quere vostede, cando ocorra unha cousa destas, que traballo lle da a vostede agarrar e dicir: acordamos facer isto, pois moi ben; acordamos facer isto, pero eu non lle vou poñer unha perna ao PP enriba da cabeza, non, porque non ves que pasado mañá temos o mesmo problema. O que cóntanche a ti, tamén mo contan a min e contan a miña versión, o que eu quero oír e a ti o que queres oír. Así de sinxelo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que quede claro que hai testemuñas.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero tes que saber que en Goiás. Ten que saber vostede que non teño porque tutelalo. Ten que saber vostede que na parroquia onde me viron nacer, eu coñezo todas as casas e eu podo entrar por alí. Eu non teño que eu saiba ningún inimigo. Creo que vou ás casas da miña parroquia e asegúrolle que se chego alí, mándanme pasar adentro en todas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Está ben.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero perdón. Quero dicir que eu non teño que dicir a ninguén que me faga o labor. Fágoo eu.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Voulle demostrar sen dicir nomes, faltaría máis, estaba tamén o Tenente Alcalde. Eu fun especialmente pulcro co PP niso porque había persoas moi cercanas ao PP. Entón intentei ser especialmente pulcro co PP para que non houbese ningún malentendido e saben que o que estou dicindo é certo. Fun extremadamente pulcro co PP. Dixo *Antonio* que eu fun á reunión...; fun pulcro, educado e non quixen meter o dedo no ollo precisamente porque había xente moi próxima ao PP.

D. Xosé Crespo Iglesias: Iso non é certo Alcalde, porque a primeira vez fun eu alí cando me avisáron os de Casas Novas e convoquei aquela reunión na que lle pedín a *Fraga* que me avisara a xente. É que eu podo avisar á xente e non me da ningún traballo. Vou alí ou se non, poño un folleto e venme a xente. Cando avisei, eu tiven unha reunión tal día como hoxe e vostede convocou unha vinte e catro horas despois ou corenta e oito horas despois da que tiven eu e foi alí e concho sabendo que nós somos chave nesa operación e menos guapos chamounos de todo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non é certo, non dixen nada de vostedes.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non digo a última, digo a primeira.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Na primeira estaba *Nicolás* e non dixen nada. Que diga *Pincho* a verdade. Eu dixen algo contra o PP?. Dinlle caña a este señor, pero do PP non dixen nada e estano confirmando o concelleiro ademais.

D. Xosé Crespo Iglesias: O que lle digo é que non da ningún traballo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que quede ben claro que eu non dixen nada contra o PP, nada é nada.

D. José Antonio Varela Quintela: Así como me utilizan para dicir algunhas cousas voulle dicir como son as cousas. Vostede xunto con *Medela* foi a unha reunión na que eu non estaba e mandei a unha persoa a esa reunión, porque eu estaba fóra. Esta reunión debeu de ser no mes de xullo e no mes de setembro ía estar a auga. Estou falando dun ano. Iso é así. Rematou reaccionando grazas a que nós fixemos a reunión.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Os dos períodos é verdade, pero quero que quede ben claro que eu do PP non dixen nada malo e ti sabes por qué.

D. Xosé Crespo Iglesias: O importante é que os veciños van ter auga.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Iso.

D. Juan José Cruz García: É o meu dereito básico.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Pois lévame ao xulgado.

D. Juan José Cruz García: Quero falar. Pido a palabra.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Séntese aí; vostede non ten que facer nada. Déixese de xogos. Xa rematou o turno.

D. Juan José Cruz García: Que non. Eu só falei unha vez.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Porque non quixeches falar a primeira.

D. Juan José Cruz García: Poño a denuncia de verdade.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Fala.

D. Juan José Cruz García: Vostede non pode deixar de facer as súas funcións.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Diga o que queira, porque o pediu o PP que conste.

D. Juan José Cruz García: Por que o pediu o PP?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si. Adiante.

D. Juan José Cruz García: Bueno, imos falar. Fixéchesme perder o meu fío condutor. Curiosamente ía falando de todo e ía abrindo as portas ao diálogo tamén co goberno para calquera proxecto que consideren oportuno que aquí estou para falar. Creo que a persoa adecuada para iniciar estas conversas pode ser *Paco Vilariño*, porque é o que probablemente máis poder ten e o que sexa capaz de canalizar o cambio de actitude dentro do goberno. Porque aquí houbo un cambio de actitudes ao poder facer que os cartos destinados á Praza do Concello non foran para aí. Creo que *Paco Vilariño* intúo polo que dixo o representante do PP, é un bo negociador ou polo menos fixo algún tipo de negociación da que despois dixo que non. Polo tanto unha vez que vexo que é un home que prancha ben, que podemos mirar e rir un do outro, cando nos miramos, ofrézome a escoitar os vosos proxectos e se considerades que se debe falar en Cataluña e tamén no Pleno do Concello de Lalín, tamén se ten que falar co concelleiro non adscrito.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE a moción, adoptándose o seguinte acordo:**

Os lugares de Igrexa, Cáceme, Carretera (dende o cruce de Bailás ata o límite da parroquia) e Casas Novas, da parroquia de Goiás, encravados nunha zona rural próxima a Lalín, das que presenta unha importante concentración de poboación tanto residencial como vencellada a explotacións agrícolas, conta na actualidade cunha casuística particular e moi variada no que se refire ao abastecemento de auga.

Na actualidade, algúns veciños destes lugares contan con servizo de abastecemento de auga de titularidade municipal, ao chegar os ramais da traída de auga pública ata algúns puntos deses lugares. Un número importante de eles está sendo abastecido, tanto para o consumo humano como para as explotacións, a través dunha traída de titularidade privada xestionada por unha comunidade de propietarios que se encargou no seu día de conseguir os manantiais, subvencionando o Concello de Lalín as obras. Unha traída que, pese á seca existente, aínda mantén activo este servizo de primeira necesidade. Un terceiro caso, son os veciños destes tres lugares que neste intre obteñen o subministro procedente de pozos situados nas súas

fincas e que nalgún caso mesmo quedaron secos e, por tanto, deixando sen subministro aos propietarios.

A raíz de varios contactos persoais con afectados en situación máis extrema, aqueles que non contan con subministro na actualidade polo esgotamento dos pozos, o Partido Popular mantivo un encontro cos veciños deste lugares para coñecer de primeira man tanto a casuística que se estaba a dar, como a vontade dos veciños de dispor do servizo de traída municipal.

Entre os asistentes, a case totalidade dos veciños de Céceme e Igrexa amosaron o seu interese, e mesmo a necesidade, de poder conectarse ao servizo municipal de abastecemento de auga. No caso de Casas Novas e Carretera foron varios os veciños que solicitaron a ampliación da rede de subministro de auga para poder dispoñer auga da traída municipal.

Por todo o exposto, o Pleno **ACORDOU**:

1.- Elaborar á máxima brevidade posible, un proxecto de obra para a extensión da rede de abastecemento de auga para ofrecer o servizo aos veciños dos lugares de Igrexa, Carretera (dende o cruce de Bailás ata o límite da parroquia), Céceme e Casas Novas, na parroquia de Goiás

2.- Habilitar unha partida económica suficiente no primeiro plan no que poida facerse, para contratar as obras de subministro de auga aos lugares antes citados.

14.- EXPEDIENTE 4800/2017 POR URXENCIA. DECLARACIÓN INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE: REURBANIZACIÓN RÚA XESTEIRA, PAVIMENTACIÓN E BEIRARRÚAS RÚA “F”, PAVIMENTACIÓN DA RÚA ALCALDE FERREIRO.-

Deuse conta do expediente e da proposta de data 3 de novembro de 2017.

No debate houbo as seguintes intervencións:

D^a. Teresa Varela Fisteus: Trátase de declarar como investimento financeiramente sostible e conta cos informes técnicos preceptivos, é dicir, dura máis de cinco anos segundos a disposición adicional sexta e despois unha vez aprobada esta declaración de investimentos financeiramente sostibles.

D. Xosé Crespo Iglesias: Non sei, eu perdinme un pouco.

D. Juan José Cruz García: Como creaches confusión: que acabamos de votar agora?.

O Secretario: O de Céceme e o da Igrexa de Goiás.

D. Juan José Cruz García: Vale. Votamos por separado entón.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu perdinme.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Hai dous expedientes administrativos abertos para inversión financeiramente sostibles, porque veñen de dous departamentos técnicos e despois si que van os dous: o do crédito extraordinario de forma conxunta.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vale, xa está. PP: algunha cousa? Concelleiro non adscrito algunha cousa?

Por **UNANIMIDADE** acordouse apreciar e ratificar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE** a moción, adoptándose o seguinte acordo:

Aprobada a lei de orzamentos xerais do estado para o 2017 na que se acorda prorrogar para o 2017 as normas contidas na DA sexta da LO 2/2012, procedeuse a incoar o expediente de inversión financeiramente sostible co obxectivo de determinar a utilización do superávit do peche do exercicio 2016 a nunha inversión que cumpra coas premisas da Lei orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (arts. 32 e DA 6) así como a D.A 16ª do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

En concreto neste expediente trátase de poder realizar a obra denominada *“Reurbanización rúa Xesteira, pavimentación e beirarrúas rúa “F” e pavimentación da rúa Alcalde Ferreiro.*

Á vista da documentación que se achega, visto o informe técnico de data 30/10/2017 e o informe da Intervención municipal de data 03/11/2017.

Por todo elo, o Pleno **ACORDOU:**

1. Declarar que a obra Reurbanización rúa Xesteira, pavimentación e beirarrúas rúa “F”, pavimentación da rúa Alcalde Ferreiro” é un investimento financeiramente sostible.

2. Una vez instruído o expediente 4800 /2017 sobre declaración de investimento financeiramente sostible e entre en vigor o expediente de crédito extraordinario, procédase a tramitar o oportuno expediente de contratación do Investimento Sostible que se pretende executar con cargo ao Superávit Orzamentario.

15.- EXPEDIENTE 5016/2017 POR URXENCIA. DECLARACIÓN DE INVESTIMENTO FINANCEIRAMENTE SOSTIBLE. ABASTECIMENTO AOS NÚCLEOS DE CÁCEME E IGREXA DA PARROQUIA DE GOIÁS

Deuse conta do presente expediente e da proposta da Alcaldía de data 3 de novembro de 2017.

D^a. Teresa Varela Fisteus: Procédese a tramitar o expediente de IPS para o abastecemento dos núcleos de cácame e Igrexa da parroquia de Goiás. O expediente consta cos informes técnicos preceptivos é unha obra de máis de cinco anos e está previsto os gastos de mantemento e ademais aquí hai unha previsión tamén de ingresos, cumpre os requisitos técnicos e previo ao inicio do expediente de modificación de crédito.

D. Nicolás González Casares: É que non falei antes na outra parte e como ben dixo crespo isto forma parte dun acordo entre diferentes grupos, quero sinalar que din sempre que incumprimos os acordos pois aquí está, un acordo feito en tempo récord porque cambiamos o pleno tamén un pouco por este tema, porque senón non dábamos feito este traballo.

Se a reunión do Alcalde coa xente de Goiás foi hai un mes escaso, pois aquí o proxecto e aquí esta acordado, está acordado entre todos. Polo tanto lévamos acordado 450.000€ nunhas pistas, 300.000€ noutras; logo ven o expediente da rúa da Xesteira. Ven este expediente. Polo tanto si que hai acordo.

Dicirlle ao concelleiro non adscrito que dicía que cambiaran os 300.000€, non. Aínda quedan 170.000€ que este goberno vai propoñer que sexan destinados á Praza de Galicia.

En canto ao arquitecto, chegamos a un acordo co PP que me dixo que lle diga a *Martín* que siga con proxecto e está rematando ese proxecto, porque é un arquitecto externo que xa fixo as fases anteriores. Proximamente o restante, que temos de superávit, vira a este Pleno para dedicalo a iso, á reforma da Praza de Galicia nunha fase máis. Está adaptando o proxecto cos cartos que hai, porque non é fácil, porque ía a custar rematar a praza de Galicia enteira.

Dixo o redactor que custaría uns 330.000€. Dende logo agora hai que adaptarse a eses 170.000 €, pero algo temos que facer. Vós podedes ver esa praza. Xa había un proxecto previo pero dende logo aí non hai nin rego, nin nada que se pareza para nós. O ocio para os veciños e veciñas de Lalín si que é importante. Non só o ocio, senón tamén a estética nunha praza que ten que responder a cánones, porque está ao lado do Concello e cremos que debe ser algo que polo menos teña dignidade. Para nós dicir que o ocio non ten importancia, pois polo tanto nunca se faría o paseo do Pontiñas. Non creo que haxa unha obra en Lalín máis querida que o paseo do Pontiñas.

Polo tanto, desestimar o tempo que os veciños poden adicar no seu lecer a divertirse, a pasear ou a estar coas súas familias noutros sitios diferentes a súa casa, paréceme que é un agravio. Eu espero que siga esa senda de acordo e que no próximo pleno cando veña ese investimento financeiro sostible todos sigamos de acordo con el.

En canto a isto de Cácame e Goiás, por certo creo que o *Sr. Crespo* ten que dicir que é completamente así, porque se da resposta a todas as demandas que tiñamos dos veciños. Non só se foi mirar as demandas dos veciños a todos os lugares que precisaban, senón que tamén valoramos outra cousa: se ían a facerse as acometidas, é dicir, saber cantos veciños estaban dispostos a coller auga da traída. Neste caso a resposta foi moi positiva, porque hai moitos deles que están interesados, porque non só hai que pensar en facer traídas, senón que esas traídas beneficien ao maior número de persoas posible.

Non ten sentido facer traídas se ninguén se enganchan en elas. Claro enganchar significa pagar a auga e iso as veces moitos veciños non están dispostos. Neste caso si. Polo tanto, non só cremos que iso vai permitir acometer logo novas traídas e creo que tamén este tipo de traídas deberían estar moito máis pechadas cando se fan contratos de augas, porque habería que verificar se a concesionaria fixo todo o que lle tocou nos anos previos, pero dende logo cando se fagan novos contratos de auga, haberá que garantir que gran parte destes abastecementos sexan acometidos en base ao contrato que se vai xestionar.

Eu creo que os veciños de Goiás van estar bastantes contentos. Cácame, Igrexa, non só *Pincho*, senón todos os veciños que ten por alí, van estar contentos e incluso xente da AED

poden estar contentos de que este goberno sen mirar nin distinguir leva auga a quen lle propoñen.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Algo máis sobre este tema ou votamos?.

D. Juan José Cruz García: Bueno. Cuestións positivas que saco eu destas negociacións. Creo que me estou poñendo por enriba da altura de miras do *Sr. Alcalde* e creo que estou gañando en peso político. Estou gañando en curtirme nisto da política e que estoume curtindo, porque agora para min a pataleta sería o que me pide o corpo; pero imos aprender tamén a non romper pontes como se soe dicir neste Pleno e imos a aprender da xente que votou vinte e cinco anos ou máis.

Que saibades que non me gusta para nada o acordo. Co acordo, se segue o tema do parque do Concello, non podo quedar calado.

Resultame difícil, dado os pequenos apoios ou grandes apoios que tivemos, que puidésemos meter novos proxectos no Concello. Sábeme moi moi, moi mal, que o PP non sexa capaz de manter esa segunda palabra. Obviamente que me pasará a min en política.. Teño que ser consciente tamén de a quen represento e canto pode ser representado, pero si que vou representar as ideas que se defenden soas.

Creo que estades cometendo un grave erro, apoiando este proxecto. Creo que negociastes grazas ao concelleiro non adscrito e teño que asumir que non podo pegar a pataleta enriba da mesa. Non podo romper lazos, pero paréceme que caedes no erro e iso, se a xente quere escoitar, se a prensa quere falar e quérense dar conta da realidade numérica deste Concello, creo que neste momento teríades que perder apoios.

Non creo que sexa unha prioridade, *Pepe Crespo*, compañeiros todos do Pleno, cando digo todos, digo goberno e digo todos. Creo que deberíades facer unha reflexión e supoño que teredes moi adiantados os traballos. A min só me quedan os argumentos, as palabras e as ideas. Non creo que sexa o momento. Hai moitas cousas máis importantes que facer, que adecentar un parque; obviamente falar de que o Pontifias é a mellor obra de Lalín. Bueno é o que é non deixa de ser. Bueno non imos seguir, porque despois se me cabrea o Alcalde e non quero tampouco facer máis. Non quero facer máis lume.

Da maneira que o que teño que facer é recoller o sable. É dicir, que estades equivocados o PP, que estades tremendamente equivocados. Estaba tremendamente ilusionado por poder axudarvos a dar un xiro tamén nas vosas políticas. Tamén me houbera gustado que o goberno houbera recapacitado e non tratar de excéntrico a este concelleiro, nin de tolo e que tiverades posto eses cartos noutros proxectos, como pode ser perfectamente un alcantarillado en Parada ou como pode ser empezar a tramitar cartos para calquera cemiterio que puideramos acordar interparroquial; pero vexo que as ideais non están calando.

Polo tanto, así neste ton case de resentimento, dicirvos ao PP: pode ser a primeira vez non quere dicir que me faiades, porque non é o caso. Teño que asumir que non represento a tanta xente como representades vós; pero ogallá simplemente que os medios de comunicación se fagan eco deste resentimento que levo hoxe para a casa, un sabor agridoce de que non forades quen de darvos conta de que iso non é un prioridade a día de hoxe.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Moitas gracias. Moi boa intervención.

D. Nicolás González Casares: Eu quero sinalarlle ao concelleiro non adscrito que tanto lle desgusta, que vostede por desgracia aos lalinenses é un pouco gafe, cando votan os investimentos financeiramente sostibles, porque aquí votou en contra de facer unha rotonda

necesaria por seguridade en Don Ramiro e nada máis votar vostede en contra, houbo dós accidentes un deles grave tristemente. Valore mellor os seus votos.

D. Juan José Cruz García: Por alusións. Obviamente faltárame potestade para controlar as desgracias e as catástrofes e as situacións de accidentes e accidentais diso. Se se trata do termo accidental é unha cousa na que a humilde vontade, a humilde potestade e a humilde condición deste concelleiro non pode dominar.

Xa sabemos que existen catástrofes, incendios, accidentes, pero cada un ten que elixir. Elixo o seu voto e elixe o voto coa súa conciencia e a súa obxectividade. Que non quero dicir que sexa compartida por todos os lalinenses, pero dende logo considero que o parque do Concello non é unha prioridade. Viranme dicir o día de mañá que se un neno se pincha cun toxo, tamén foi culpa deste concelleiro.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: O problema é que cando hai veciños e veciñas que reiteradamente están advertindo sobre o risco de accidentes e se fai algún tipo de votacións irresponsables, despois os accidentes pasan da teoría da probabilidade a posibilidade; léase iso.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu lamento que *Juan José* interprete o noso voto a favor da Praza de Galicia como unha rendición. A ver: aquí entran dous factores e probablemente haberá outras necesidades máis grandes que estas, como di vostede. E pode que teña razón porque seguro que hai prioridades máis grandes; pero no caso da Praza de Galicia, nos toca moito de cerca porque foi un proxecto que ía ter dúas ou tres fases e que as comezamos nós. Tamén sería incongruente pola nosa parte dicir que non fai falta, porque ao mellor algúns adornos poden esperar máis, pero outras non. Por exemplo hai un tema de alumeado que si é máis urxente, porque non se ve moito aí de noite e para darlle máis cobertura digamos á zona e que sexa unha zona máis adecuada e para poder pasear por aí sobre todo no verán de noite porque é un espazo aberto e un espazo bo. Polo tanto, nós valoramos ese punto á hora de poder negociar co goberno.

Polo tanto, lamento que te desgustaras, pero dende logo non foi a nosa intención pola conta que nos ten, porque serás consciente ou non, pero es chave deste goberno, porque se ti ablandas para unha cousa, que digamos nós sae, e se abrandas para unha cousa que diga o goberno, sae. Polo tanto, *Juan José* ten unha forza que non temos nin sequera equipos moito máis grandes.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quere que poña música de fondo?.

D. Xosé Crespo Iglesias: Digo que é a verdade absoluta. Polo tanto, eu non quero crearme un inimigo polo tema da Praza da Vila, porque entendo que é necesaria, aínda que haxa outras cousas máis necesarias, pero que nós aquí ao mellor non somos neutrais.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Que seguramente podamos chegar a pactar tamén esas cousas.

O Secretario: Primeiro a urxencia.

Por **UNANIMIDADE** acordouse ratificar e apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en

conta as circunstancias que concorren no caso.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE** a moción, adoptándose o seguinte acordo:

Aprobada a lei de orzamentos xerais do estado para o 2017 na que se acorda prorrogar para o 2017 as normas contidas na DA sexta da LO 2/2012, procedeuse a incoar o expediente de inversión financeiramente sostible co obxectivo de determinar a utilización do superávit do peche do exercicio 2016 a nunha inversión que cumpra coas premisas da Lei orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (arts. 32 e DA 6) así como a D.A 16ª do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

En concreto neste expediente trátase de poder realizar a obra denominada "PROXECTO DE ABASTECIMENTO AOS NUCLEOS DE CÁCEME E IGREXA DA PARROQUIA DE GOIAS".

Á vista da documentación que se achega, visto o informe técnico de data 02/11/2017 e o informe da intervención municipal de data 03/11/2017.

Por todo elo, o Pleno **ACORDOU**:

1. Declarar que a obra "PROXECTO DE ABASTECIMENTO AOS NUCLEOS DE CACEME E IGREXA DA PARROQUIA DE GOIÁS" é un investimento financeiramente sostible.

2. Una vez instruído o expediente 5016 /2017 sobre declaración de investimento financeiramente sostible e entre en vigor o expediente de crédito extraordinario, procédase a tramitar o oportuno expediente de contratación do Investimento Sostible que se pretende executar con cargo ao Superávit Orzamentario.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu non entendo nada.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vai todo xunto, todo nun.

O Secretario: Todo xunto.

D. Juan José Cruz García: Non entendes....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa está. Hai que terminar o Pleno algún día.

16.- EXPEDIENTE 5046/2017 POR URXENCIA DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 12-P-2017

Deuse conta do expediente e da proposta da Alcaldía de data 3 de novembro de 2017.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Di só as cantidades unha é 50.00€

D.ª Teresa Varela Fisteus: Unha é 58.583,53€ e para a Pavimentación de vías públicas, Reurbanización rúa Xesteira, Pavimentación e Beirarrúas rúa F, Pavimentación rúa Alcalde Ferreiro son 221.630,85€. Isto está posto no expediente.

D. Xosé Crespo Iglesias: O da Praza de Galicia?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Aínda non.

D. Nicolás González Casares: Estou contando aquí coa señora interventora que ten quince días de exposición pública. Para vir un investimento financeiramente sostible hai que ter os terreos, os permisos sectoriais e ter os proxectos.

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero tenos?.

D. Nicolás González Casares: Si, pero os proxectos teñen que ser redactados. Non vale unha memoria técnica; ten que ser un proxecto redactado cunha serie de condicionantes e cun cálculo.

D. Xosé Crespo Iglesias: E non pode ir como investimento financeiramente sostible cos remanentes?.

D. Nicolás González Casares: Escoita. Entendo o que dis, pero a inversión financeiramente sostible non pode ser. Que o explique a señora Interventora.

D. Xosé Crespo Iglesias: O proxecto o tiñan medio feito.

D. Nicolás González Casares: Da tempo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Consideramos que da tempo.

D. Nicolás González Casares: En todo caso igual plantexamos adiantar o Pleno un día ou dous para ir sobre seguro. O que non podemos nós investimentos financeiramente sostibles e ter que vir todo perfectamente detallado. Dende logo non imos a riscar.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Seguramente valoramos falar con vós e facer un extraordinario para poder sacalo.

Por **UNANIMIDADE** acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de manalzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Por **UNANIMIDADE** dos asistentes, dos que cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC, un (1) concelleiro do BNG, dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) concelleiro do grupo de non adscritos, **APROBOUSE** a moción, adoptándose o seguinte acordo:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 12-P/2017, a financiar con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2016, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar un gasto que non pode demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para a seguinte finalidade:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a realización dos seguintes investimentos, previa declaración dos mesmos como Investimentos financeiramente sostibles:

-“**Reurbanización rúa Xesteira, Pavimentación e beirarrúas rúa “F”, Pavimentación da rúa Alcalde Ferreiro**”, segundo o Informe técnico realizado polo Arquitecto Técnico municipal D. Antonio Bernárdez Nogueira.

- “**Abastecemento aos núcleos de Céceme e Iglesia da Parroquia de Goiás**”, segundo o Proxecto realizado polo Enxeñeiro técnico municipal José Varela Calvo

Á vista da documentación que se achega, **o Pleno acordou:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, condicionado a previa declaración das obras que financia como investimentos financeiramente sostibles, financiados mediante superávit do exercicio 2016, e remanente líquido da tesourería do 2016, de acordo co seguinte detalle:

1- Aplicacións do Presuposto de Gastos ás que se dota o Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE €</u>
161.623.41	Abastecemento domiciliario de auga potable Abastecemento aos núcleos de Céceme e Iglesia da Parroquia de Goiás	58.583,53
153.2.619.58	Pavimentación de vías públicas Reurbanización Rúa Xesteira, pavimentación e Beirarrúas Rúa F, Pavimentac. Rúa Alcalde Ferreiro	221.630,85
TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO		280.214,38 €

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2016, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

17-. EXPEDIENTE 5043/2017 POR URXENCIA. MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO. DOTACIÓN DE TRAÍDA DE AUGAS A BUSTELO E LBOZÁN.

Deuse conta desta moción presentada no rexistro electrónico do Pleno o día 31 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada RE-397.

D. Xosé Crespo Iglesias: Votar a urxencia?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Secretario votar a urxencia?.

O Secretario: Se está de acordo si.

Por **UNANIMIDADE** acordouse apreciar a urxencia e ratificar a mesma, aos efectos do disposto no art. 91.4 do ROF por RD 2.568/1986, de 28 de novembro, tendo en conta as circunstancias que concorren no caso.

D. Juan José Cruz García: Simplemente que esta moción se fixo un pouco para seguir incidindo na necesidade do rural e tamén coas desconfianzas que tiña despois das comisións informativas acerca de que o PP podía votar a favor do parque do Concello, pois entón é un pouco como para obviar ou para denunciar que hai outras cousas que son de primeirísima necesidade.

Creo que agora chega o momento de debater sobre que Bustelo e Lebozán teñen unha carencia grande na súa traída de augas, probablemente unha das máis urxentes que hai na zona. Eu reuníme con algún veciño de alí e provoqueei unha serie de conversas. No seu momento tamén invitarei tanto o PP como ao goberno a estas reunións para xustificar alí *in situ*. Xa falei así cos veciños do voto de cada un neste Pleno.

A min péreceme que é de primeirísima necesidade e os veciños trasládame que demandan que sexan uns depósitos de fibras quince depósitos. Iso dinos eles dunha repartición de 1.500 litros. O que pasa é que eu pido que obviamente se faga un estudo pormenorizado de cal sería a forma óptima de desenrolar esta canalización.

Unha vez que paso a falar con eles, eles denuncian que pasan de largo subvencións e cousas. Claro que teñen razón, porque o plan da deputación de obras creo que era moi axeitado para desenrolar esta traída.

Os veciños teñen que ir á fonte da aldea moitas veces, porque só teñen unha cañaría que é vella e ten un material que as raíces a deterioran. Son moitas veces o ano cando teñen estes

problemas. Ademais estes servizos son servizos que si son competencia total e a obrigatoria de subsanar.

Digo eu que agora espero que vote a favor todo o mundo, que sexamos sensatos, que busquemos ordenar as prioridades e que actuedes nesta parroquia e neste lugar, pois con tanta celeridade e con tanta urxencia como tiveches a ben a tratar ao PP nas vosas negociacións. Se non, teremos que explicarlle aos veciños e vós estaredes convidados para que xustificades o voso postulamento alí en directo.

D. Xosé Crespo Iglesias: En principio todo o que sexa facer unha obra nós estamos de acordo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Se poida ou non se poida, para adiante.

D. Xosé Crespo Iglesias: Cando se poida, pero pos data *Juan*?

O Secretario: Non pon data. Aquí di o remanente deste ano ou con fondos propios.

D. Xosé Crespo Iglesias: Di cando se poida.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Como vas facer cos cartos... Sabes que é imposible.

D. Juan José Cruz García: Plan Concellos do 2018. Válenos perfectamente que fagan co plan da deputación do 2018, se queredes poñer un prazo.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu vou anunciar que está redactado polo goberno e xa está redactado. Teno enriba da mesa *Medela*. Imos proceder facelo independentemente desta moción, porque xa o temos ata dotado economicamente e creo que é así. Non *Miguel*?

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: Once (11), sendo dez (10) concelleiros/as do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

Votos en contra: Ningún.

Abstencións: Dez (10) do grupo de goberno sendo cinco (5) concelleiros/as do CXG-CC-TT, tres (3) concelleiros/as do PSdeG-PSOE, unha (1) concelleira da APAC e un (1) do BNG.

Xa que logo, aprobouse a moción e adoptouse o seguinte acordo:

Intentei facer que se dialogara en Lalín, que houbera a necesidade de consensuar as decisións. Nunca antes en Lalín pasou isto. Fun crucificado politicamente polo desgoberno de Lalín por obrígalos a pactar. Que ten de malo negociar, dialogar e consensuar dentro da legalidade?. Por moito que *Cuiña* diga que ao tráfuga nin auga, tiveron que ceder e poñer moitos dos proxectos do tráfuga e do PP encima da mesa.

Despois das comisións informativas deste mes, sinto orgullo de que toda a parroquia de Goiás terá traída de auga. Pareceume entender que *Crespo* non retira a moción ata ver o proxecto (non se fía). Tiveron que negociar co PP porque Cruz anunciou votar contra do parque no Concello, no Castro Tecnolóxico, creio e intúo (30/10/17). Tamén intúo que o PP daralle algo a *Cuíña* a cambio desta obra; normal. Afirmo rotundamente que o 100% dos lalinenses votaran a quen votaran, poden ser escoitados grazas ao movemento feito por Cruz.

Vai ser agora a primeira vez que lle comente ao PP que verei con bos ollos que me conviden á inauguración desta traída de augas de Goiás no seu momento. Irei e mantereirei este fío condutor de argumentos e de actuacións e colaboracións (apoio) co PP se considero que é una actuación de primeira necesidade. Espero me conviden a falar, porque me sinto parte de que se teña acadado esta obra, entre outras cousas, pola miña presión e posicionamentos na política local.

Outra cousa é a deslealdade dos de *Cuíña* querendo ningunear á oposición e vendendo as ideas alleas como propias. Para min quedou claro que é un traidor, pero tamén digo que a *Cruz* lle da igual quen vaia a vender proxectos bos para Lalín, a un ou outro sitio a costa da boa fe dos outros (tamén teño apoiado os do goberno e seguirei). A xente xa sabe a estas alturas que *Cuíña* non é de fiar: traidor, manipulador, desleal e mentireiro.

O que non lle vou tolerar é que queira vender que o rural é a súa prioridade e sen embargo anuncie investimentos prescindibles no casco urbano, deixando de lado as necesidades do rural. Por iso anunciei o voto en contra dos 300.000 mil euros para arranxar non sei que no novo Concello (seica van gastar cincuenta millóns de pesetas nunha área de ocio, en adornar un parque, como se non houbera outras necesidades máis urxentes). E por iso vou opinar que de confirmarse o acordo PP-goberno eses 300.000 terían que ser divididos entre os dous e coa súa parte cada quen escoitara ao tráfuga se considerara oportuno.

Creo que chegou a hora de abrir o debate ou dialogar, como prefiran chamarlle, para priorizar que se faga a traída de auga en Bustelo, Lebozán. Para min isto si que sería potenciar o noso rural e por iso anuncio que mantiven contactos para reunirme cos veciños e invitarei a *Crespo* e a *Cuíña* a que acudan, se o estiman conveniente.

Os veciños de Bustelo xa levan pedido varias veces unha caseta de almacenamento para 15 depósitos en fibra de 1500 litros de repartición... e a canalización ata as casas. O Concello deixa pasar as subvencións e prexudica os intereses dos veciños coa súa deixadez... O plan concellos da Deputación tampouco recolleu este investimento e non atenden a petición nin dan mostras de que lles preocupe. A que atende *Cuíña*?. Aos seus amigos?.

Os veciños en Bustelo só teñen unha tubaría de repartición que rompe a miúdo por ser rixida a causa das raíces das arbores que medran e forzan ata rompela deixando a máis de 10 casas sen subministro de auga. Polo cal teñen que abastecerse con cubos. Tercermundista?. Os veciños vense obrigados a ir buscar a auga á Calexa (fonte da aldea). Por iso piden un tanque por veciño coa súa liña independente para dar un servizo básico, que ademais é un servizo que o Concello debe prestar obrigatoriamente, repito obrigatoriamente. Os veciños piden o que lles corresponde en xustiza. Creo que isto é bastante máis importante que poñer bonita unha área recreativa a capricho do Alcalde ou de quen sexa.

En fin... e se non queren falar, falar, falar ou dialogar da traída de augas de Bustelo que llo

expliquen aos veciños, xa anunciarei que día vou alá. Reitero: convidarei a todos, iso sí primeiro votaremos a moción no Pleno. Creo que non vamos ter outro remedio que votar os 21 a favor.

Por todo o exposto, **ACÓRDOUSE**:

1- Que o grupo de goberno encargue os proxectos necesarios para dotar de traída de augas a Bustelo, Lebozán.

2- Habilitar a partida necesaria de remanente 2016 ou plan concellos 2018, ou de remanente 2017, ou de fondos propios para as actuacións citadas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Quero que conste en acta que nós abstémonos porque esta feito o proxecto xa e que o estou anunciando neste momento.

D. Xosé Crespo Iglesias: Se está feito o proxecto poderíámolo ver, non? .

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Si, dállo, se é tan amable *Miguel*.

D. Xosé Crespo Iglesias: O proxecto. Eu fixen moitos. A min ensíname o proxecto. Non me ensines unha folla parroquial. Podo ver o proxecto?. Se me ensinades o proxecto, déixoches ata o luns.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Digo que se o ten *Miguel*, teno *Miguel*.

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, vale.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Porque sei que corremos o risco de que díganos que o ensinemos.

18. EXPEDIENTE 4917/2017. PREGUNTAS PRESENTADAS PARA O PLENO POLO GRUPO POPULAR.

- Cantos e cales proxectos de abastecemento de auga e conexión ao servizo municipal de augas acometeu o actual goberno no presente mandato?.

-En caso de terse materializado algún, cantos foron con fondos municipais e cantos con fondos privados ou de colectivos?.

- En que lugares os acometeu?.

Cantos metros de extensión da rede de abastecemento municipal se acometeron nos preto de dous anos e medio do goberno cuatripartito?.

Ten previsto o goberno acometer algún proxecto de abastecemento de auga con carácter inmediato?, non sendo o xa solicitado polo Partido Popular nunha moción que se debaterá no pleno do presente mes.

- En que prazo pensa acometelo?.

- Ordenou o Alcalde a realización de algún traballo para a reposición da legalidade no camiño de Vilasoa, tal e como ordenaba o fallo da sentenza 105/2017 de 24 de maio de 2017?.

- Cales foron eses traballos que se levaron a cabo para cumprir unha sentenza de obrigado cumprimento?.

- En caso de facerse algún traballo, cando e quen os fixo?.
- Visitou o alcalde- presidente o lugar de Vilasoa e veu os traballos que se fixeron, se se fixo algún, para cumprir a sentenza do procedemento abreviado?.
- A raíz de que o Concello de Lalín comunicou, con data 16 de outubro de 2017, ao xulgado do contencioso-administrativo nº 2 de Pontevedra o cumprimento da sentenza na que se lle instaba ao concello a que *“Cumpla su obligación de adoptar cuantos acuerdos y actuaciones sean precisas para la defensa y recuperación para el uso público del camino litigioso”*. Despois de realizar unha visita presencial ao lugar, queremos preguntarlle ao alcalde-presidente se entende que dita sentenza está cumprida e toda a extensión que marcaba a sentenza?.
- Entendo o alcalde que a colocación de dous únicos postes no comezo do camiño foron suficientes para cumprir dita sentenza?.
- A sentenza contencioso de Pontevedra fala textualmente de “recuperación para o uso público do camiño litigioso”. Entende o Alcalde que o estado de ese camiño a día de hoxe é o que deben ter os camiños públicos?.
- Entendería o Alcalde que a parte demandante volvese a presentar unha denuncia ante o citado xulgado por incumprimento da sentenza, á vista do escasísimo grado de cumprimento?.
- Non cree o Alcalde que, á vista das escasísimas medidas que se tomaron para cumprir a sentenza o goberno volve a recaer na inactividade administrativa que denunciaba a sentenza?.
- Cal é o motivo de que o goberno continúe a defender os dereitos particulares dunha persoa afín a algúns dos seus membros e non o interese xeral dos veciños desas parroquias?

As preguntas foron xa respondidas por escrito antes da celebración da sesión. Queda constancia das mesmas.

19.- EXPEDIENTE 4919/2017. PREGUNTAS PRESENTADAS PARA O PLENO POLO GRUPO POPULAR EN RELACIÓN COAS TRÁIDAS DE AUGA E COS SANEAMENTOS

Deuse conta das preguntas presentadas no rexistro auxiliar do Pleno o día 16 de outubro de 2017 co número de rexistro de entrada 8189.

- Cantos e cales proxectos de saneamento e depuración de augas ten acometido o actual goberno en dous anos e medio?.
- Non sendo a construción da depuradora de Zobra, materializouse algún proxecto máis?.
- Cantos metros de redes de saneamento se acometeron nestes dous anos e medio?.
- En que lugares?.

As preguntas foron xa respondidas por escrito antes da celebración da sesión. Queda constancia das mesmas.

20.- OUTROS ROGOS E PREGUNTAS

D. Manuel Fernández López: Antes quería aclarar o tema das cargas policiais. O Alcalde díxome que poderían aclaralo en rogo e preguntas.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: é certo.

1.- ROGO.- D. Manuel Fernández López: Aquí houbo unha situación na que se presentou unha moción por ese motivo das forzas de seguridade do Estado. Aquí faise moita política co tema de Cataluña e é verdade que a ninguén nos gusta iso. Eu podo dicirvos unha cousa: Teño xa bastantes anos e teño moita experiencia. Levo máis de vinte concentracións e mobilizacións polos temas dos gandeiros na Coruña, Madrid, Santiago e aquí en Lalín. En todas elas sofremos só en tres veces esta situación de cargas policiais e en Madrid máis de 20.000 gandeiros de España. Porque houbo esta discordancia? Porque uns amigos de Santander despois da mobilización quixeron meter catro vacas no Parlamento. Entón non era posible. Aí houbo discordancia.

Ou sexa, non é que non fomos respectados polas forzas de seguridade do Estado; quixemos meter catro vacas no Parlamento. Non había outra alternativa.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Ao mellor non eran vacas do país.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2.- ROGO.- D. Manuel Fernández López: Entón sufrín este detalle. En Santiago había máis de 2.000 tractores. Tivemos tres días de máximo respecto aos gandeiros coas forzas de seguridade do Estado.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Bueno, xa está.

D. Manuel Fernández López: Deixa terminar, porque é interesante.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Unha cousa e con todo o aprecio que sabes que te teño. Son as dúas e medio da tarde.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

3.- ROGO.- D. Manuel Fernández López: Xa o sei, pero antes fun máis breve e agora teño que explicar un pouco, porque respectamos as ordes de seguridade. Cal é o motivo? As forzas de seguridade do Estado non cargan contra a xente, porque lle da a gana. É a nosa seguridade.

Fomos a Santiago e fixemos un desastre. Tamén houbo cargas policiais. En Lalín tamén tres

cuartos do mesmo. En Cataluña por que sucedeu isto? Porque unha xuíza lle dou dereito a votar onde querían, menos nos locais públicos. Con todo isto que fixemos e o que nos pasou aos gandeiros, non viñemos chorando para a casa ao outro día e nin utilizamos os nosos fillos nin aos nosos maiores como vimos en Cataluña.

Non me corte, porque xa sei que non che gusta. Polo tanto, a máxima responsabilidade as nosas Forzas de Seguridade do Estado que non cargan en contra da xente porque eles queren. É que alguén se salta a lei. Terminei agora mesmo. Eu sei que queredes botar todas as culpas ao PP. Aquí presentastes unha moción da memoria do franquismo, a ver se lle faciades dano ao PP. Cando queirades poderdes presentar outra de *Puigdemont*.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA:

1.- PREGUNTA.- O 3 de outubro de 2017 o DOG publica un anuncio da Dirección Xeral de calidade ambiental e cambio climático , polo que se fixo público o informe de impacto ambiental sobre o proxecto da planta de reciclaxe e valorización de neumáticos ao final da súa vida útil no Polígono Industrial de Botos. Ten coñecemento o goberno deste proxecto de planta de reciclaxe no polígono de Botos?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non.

2.- PREGUNTA.-***D. José Antonio Varela Quintela:*** Cal é a valoración que fan do mesmo?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non temos valoración do que non coñecemos. Eu creo que dixen publicamente que estamos atentos a ese tema e que agradecemos que haxa xente que decida investir en Lalín, pero que estaremos moi atentos medioambiental o que hai. De momento no sabemos nada.

3.- PREGUNTA.-***D. José Antonio Varela Quintela:*** Tiveron contacto cos promotores?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non. Eu non, palabra. Sería Nico; eu non.

D. Nicolás González Casares: Si, hai case dous anos ou ano e medio e oito ou nove meses que viñeron por aquí un grupo de inversores que son case todos de Castela e León.

4.- PREGUNTA.-***D. José Antonio Varela Quintela:*** En que consistiron os devanditos contactos?.

D. Nicolás González Casares: En solicitar información. De feito hai unha solicitude de información urbanística de se a parcela valía para facer alí unha planta. Hai un informe urbanístico que solicitaron polos cauces normais. Pagaron o informe. O informe urbanístico era de si unha nave podía ter cabida aí.

5.- PREGUNTA.-***D. José Antonio Varela Quintela:*** Nos pasados días líamos varios informes elaborados por un contrastado xeógrafo lalinense sobre o inconveniente de ubicar no polígono de Botos esta planta. Coñecen estes informes?.

D. Nicolás González Casares: *Bueno informes. Eu o que lin nunha rede social. Non hai ningún informe de Presas oficial. É o que pon nunha rede social.*

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Neste tema podedes estar tranquilos porque sei que o tema medioambiental os ten moi preocupados e a nós tamén. Entón podedes ter todas as garantías de que imos estar moi encima deste tema.*

Primeiro agradecer a calquera persoa que queira investir en Lalín, como agora parece que xa empeza a recuperación en tódolos lados, tamén en Lalín; Punto dous, imos estar moi atentos e en primeira liña de combate en caso de que non encaixen as pezas. Podédelo ter claro.

D. Nicolás González Casares: *Eu se queres contéstoche con máis detalle, Pincho, para que quede aclarado. O que di Presas realmente é que no Polígono de Botos practicamente non debe de haber industrias. Ultimamente o que está dicindo é iso. Eu creo que iso ten algo de razón no que di, porque é evidente que pode contaminar o río. Pero fixate antes na parcela que está aí nese polígono industrial. Hai que lembrar que é un polígono industrial e estes están para poñer industrias. Nós o que queremos é que as industrias veñan aos nosos polígonos industriais. Non metamos medo sobre cousas que a día de hoxe, eu por dicilo dalgún xeito e polo que sei, porque esa empresa non ten nin a parcela, nin é deles, nin hai ningunha solicitude de licenza para esa planta neste concello.*

Entón, se estamos asustando ás empresas que poden vir a Lalín, xa non digo estas, senón a outras de que no Polígono de Botos non se pode poñer aí nada, témolo baleiro a día de hoxe. Quererían os lalinenses telo baleiro ou que haxa empresa?. Eu creo que sería que haxa empresas, sexa esta ou calquera. Esa nave leva anos e anos esa parcela sen utilizar.

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ:

1.- **ROGO:** *Seguimos sen saber quen firma as respostas. É a cuarta ou quinta vez que temos que adiviñar quen é.*

D. Nicolás González Casares: *Eu pásoas a asinar dixitalmente. Esa non creo que sexa miña. De todos os xeitos igual é unha costume que herdamos de vós.*

D. Nicolás González Casares: *Eu creo que as miñas van asinadas normalmente.*

O Sr. Alcalde-Presidente *quedou enterado.*

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS:

1.- **ROGO.- D. Xosé Crespo Iglesias:** *Isto que acaba de dicir o meu compañeiro Antonio. Se o queren non o tomen en consideración. Pero mire: se nós lle preguntamos politicamente é porque é un tema político; non é outra cousa. Cantas traídas de auga levan feito ata día de hoxe? E contéstanos con esa tontería. Preguntámoslle cantos saneamentos levan feito a día de hoxe? e nos contestan outra tontería.*

*Mire, non nos queda máis remedio que cargarlle aos servizos técnicos de traballo e coller sete firmas de sete concelleiros e pedir un informe de *Secretaría* e outro de Intervención que certifiquen cantos levan feito, porque nós xogamos politicamente, obviamente e nós cremos*

que non se fixo ningún e o que queremos é darlle un zasca. Pero se vostede contéstanos, en vez de dicir ningún, con esa longa cambiada, nós metemos un informe e temos ao Secretario traballando dous días e á Intervención traballando catro. Estámolle dicíndoo de bo rolo. Volvémoslles facer as preguntas. Se queren contestar contéstenos e se nos contestan como contestaron agora ao fina, imos darlle traballo á Intervención, porque imos pedir un certificado en Intervención de cando se certificou un saneamento e ides ter á Interventora, que xa non ten tempo, a ocupala noutros menesteres. Por favor, falade o caso. Se vos damos un zasca é porque o merecedes. Diredes que non e nós diremos que si e non pasa nada. Non paguemos coa Intervención. É un rogo que os fago se queredes.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

2º ROGO.- D. Xosé Crespo Iglesias: Nos últimos días comprobamos como o parque de cans que o goberno situou na zona do Auditorio sen consultar polo que parece coa xente que podía estar afectada. Agora bailanlle a ubicación. Nós non dicimos que sexa alí o noutro sitio; simplemente o rogo que lle facemos, como farían vostedes a nós, é que antes de determinar a ubicación de algo, que obviamente é molesto polos ruídos, a ver un parque de cans non é o mesmo que un parque infantil. O parque polo menos o que me habían pedido a min é un parque onde se soltan os cans e corren por alí, xogan e de vez en cando pelexan porque son cans de diferentes familias e aínda na mesma familia pelexámonos, se os cans son de diferentes familias entón.

Os fago un rogo é que, antes de anunciar iso a bomba e platillo, o reflexionedes. É un tirón de orellas cariñoso.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

3º ROGO.- D. Xosé Crespo Iglesias: Eu xa o dixen na reunión do venres que convocaron polo tema do cocido e dígolle no pleno porque non teño ningún inconveniente. Se vostede invítanos a cousas do cocido porque é o cincuenta aniversario non faga como cando invitounos, non como a reunión do venres que foi correcta, senón cando invitounos na nota de prensa que aparece aquí danos a invitación e xa dous zascas na mesma nota. Eu xa o reprochei.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que xa estaba aclarado.

D. Xosé Crespo Iglesias: Aquí somos todos maiores de idade e coñecémonos. Polo tanto se realmente queredes a nosa colaboración, nós estamos dispostos a dala, pois debemos ter un respecto. Ás veces da a sensación que ao mellor nós tamén podémonos equivocar e ao mellor nalgunhas cousas somos máis incisivos.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Xa que fixo unha alusión a min, podo contestar. O outro día na reunión díxenche que sobraaba dicir vós non o fariades, pero que tamén estiven tres minutos facendo loubanzas do teu traballo do Cocido durante moito tempo. É mellor que algunhas cousas as collamos con papel de fumar que é algo esaxerado, entendendo o xogo político. Eu creo que quedou aclarado o outro día como para volver a traelo aquí*

D. Xosé Crespo Iglesias: O outro día cando nos reunimos foi unha reunión cordial que non ten ningún maior problema e foi unha reunión que eu creo que pode ser produtiva para o Cocido. Eu simplemente digo unha cousa: moitas das críticas que nós tiñamos que facerlle ao Cocido, precisamente por considerar que é unha cousa importante para Lalín, non o facemos e iso tamén o dixen e vostede sabe que é así.

Nós nos cocidos que levan feito vostedes poderíámonos cebar moito máis do que nos cebamos á hora de criticar que vostedes con nós o facían. Entón eu creo que aí nós fomos xenerosos e non inquirimos demasiado no Cocido do Orgullo nin nada, cousas que creo que eran facilmente criticables

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Perdón, e nós cremos que os números nos avalan. Tamén é a nosa opinión*

D. Xosé Crespo Iglesias: Vale, por suposto. Eu non digo que non, pero gastan o dobre do que gastábamnos nós e queixábanse cando dicían que nós gastábamnos moito.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Eu non.*

4.- ROGO. **D. Xosé Crespo Iglesias:** Se algo non queremos é prexudicar a Feira do Cocido. Vai cumprir cincuenta anos e eu fágolle un rogo se quere. Nós tiñamos encomendado o Cocido aínda que nos coincidimos aí e eu o respecto. Eu consideraba unha ferramenta importante para a difusión do Cocido e para a difusión de Lalín por eses persoeiros que traíamos. A min estanme comentando varios comendadores que habendo a cincuenta edición da Feira do Cocido que a deberíamos reactivar.

Como no seu momento a Encomenda fíxose como se fixo por indicación de que os técnicos dixéronos que era mellor así, o Presidente da Encomenda son eu e polo tanto pódese reactivar cando se queira. Eu soamente lle digo que como é o cincuenta aniversario a petición de vinte e tres deles vouna reactivar. Obviamente non ten nada que ver co Concello, nin le imos pedir nada ao Concello. Eu simplemente que este ano imos facer a Encomenda do Cocido e procurarei falalo con vostedes para que non teñan nada que ver nin prexudique nada o que falamos o outro día.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *O que me sorprende é que na reunión do outro dá díxenche eu primeiro que estaba disposto a que se fixera iso.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Non sabe o que vou rogar e precisamente facendo alusión a iso. A encomenda do cocido eu creo que coincide co cincuenta aniversario pídenme os encomendadores que queren reactivala e ademais haberá que reformulala porque os que estaban na directiva, tres ou catro morreron por desgracia Paco Lareo, Tuno.... Entón si vou convocar unha reunión de acordo cos estatutos para formular os órganos do goberno e máis para intentar facer unha edición para este feira.

Eu o que pediríalle a vostede é que hai dous anos vostede creo que ata neste Pleno publicamente me ofreceu os pertrechos do Cocido. Despois non sei que pasaba, se a Interventora, é dicir, dous anos despois eu non teño ese pertrecho... Eu para facer a Encomenda eu o que lle pido é que, se nos o queren dar, ten dereito e, si non os da, non pasa nada. Xa o farei con outros.

D. Nicolás González Casares: *Son vosos? Que o pida o Presidente da Asociación.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Perdoa. Non son nosos, porque os pertrechos son propiedade do Concello. Eu pido unha cesión; non quero que nolo dedes.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Non quero discusións. Eu o que che pido é que non vou dicir que estás sendo moi leal. Non quero empregar termos que abran discrepancia, porque o outro día na reunión dixerche o que che dixen deste tema. O único que che pedín é que evidentemente, se vos os comprometiades a que non fose un acto paralelo aos actos do Concello, dixer que eu a min persoalmente a Encomenda non me molesta, pero que o goberno entende que non ten que ser un acto e eu asumo o que di o goberno.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu respecto todo o que vós queirades facer que está no voso ámbito. Simplemente respecto coa Encomenda do Cocido, nós ímolo facer. Eu non teño nin idea do que imos facer, porque nin sequera convoquei a reunión que vou ter, pero eu o que te estou dicindo é que nós faremos no seu momento a proposta para dicir tal día querémola facer ou o que sexa.

A min o que non me parece normal é que ti hai dous anos me dixeras que non tes inconvenientes en darme os pertrechos do Cocido e dous anos máis tarde si. Si o que ti queiras, pero non o das. Claro que o das, pero hai dous anos non o deches. Cando tal, xa está aí a Feira do Cocido e xa non o necesito.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: *ben, máis cousas.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Soamente dígoche unha cousa: Se realmente hai vontade por parte vosa de cedernos fágaa coa fórmula que a faga ou que o Secretario diga como para facer unha cesión á Asociación da Encomenda do Cocido, ou ben non sei, coa fórmula que queira. Se realmente vostede quere cedérnolo, fágao. Se non o quere ceder... Eu entendo que si non o cede no que queda antes do Pleno, que ben entendo que non o quere ceder e se non o quere ceder está no seu dereito. Xa buscarei a min no me da ningún traballo facer un culler fágaa aínda que sexa de remolacha. Dáme exactamente igual. Se non dígolle a outro artista que o faga. Eu, se quere un cucharón e unhas capas que quedaron aí e é o libro de firmas. Sobre todo o que me preocupa é o Libro de Acta e onde está o chisme, nada máis. Iso é municipal e polo tanto non é da Asociación. Eu o que pido: se o queredes ceder antes do próximo pleno. Se non entenderei que non o queredes ceder. Iso con respecto á Encomenda.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

5º ROGO.- D. Xosé Crespo Iglesias: Vostede foi a Arxentina convidado polo Centro Lalín de Bos Aires. Nada que obxectar. Eu fun ben veces, moitas máis que vostede e ben ve que non lle critiquei nada. Eu simplemente o que critico da viaxe a Arxentina é que como coincidiu coa vaga de lumes, aproveitou para en vez de atender os temas de alí, darlles á Xunta por twitter o que quixo e moito máis. Pero bueno iso é unha anécdota que non ten máis importancia.

Eu o que digo que vostede foi alí e sabía que había xente por desgracia con bastante necesidade. Nós cada vez que ía alí levabámoslle unha subvención en torno a 6.000€ á *Asociación de fillos de Lalín*, aínda que estea mesturado como vostede sabe con Silleda e con Agolada. Nos levábamos unha achega acordada aquí na Xunta de Goberno ou no Pleno. Non sei canto era. E entre eles facían un reparto entre as familias máis necesitadas. A algún ao mellor agora por Nadal só lle tocaba 100 \$ ou incluso menos, pero aí tiñan a nosa colaboración.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Voulle contar. Eu refirenme a isto na Xunta da Directiva, porque tivemos unha comida antes da reunión de catrocentas e pico persoas, e dixeran que consideraba que dende o Concello de Lalín poderíamos axudar en algo digo a nivel económico, se había algunha persoa con especial necesidade para tramitalo e incluso con servizos sociais, a ver como podíamos buscar unha fórmula. Dixéronme que non que nese momento non o consideraban. O que si me pediron foi carteis, que xa os mandamos carteis turísticos de Lalín e dúas bandeiras de Lalín que non tiñan. Mandámolas e mandáronas de volta porque non deixan téxtiles. E entón esperando que a primeira persoa que vaia para alá, que xa sei quen vai ser, o leve para alá na maleta un par de bandeiras. Foi o que nos pediron.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Pois a min paréceme ben.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Pero estoulle contando como foi.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Alí había a Asociación de Lalín que tiña un padrón de beneficencia e eu o que lle pediría é que dixeran que o revisen porque hai hai xente moi necesitada. Estoulle falando de necesidades reais.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Eu coñecín a moita xente.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Eles axudáronos na súa época, cando aquí había fame. Eu acórdome que cando aquí houbo epidemia de tifus mandaron mil quilos de pastillas de tifus entre a Asociación de fillos de Lalín da Habana e Bos Aires.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *E barcos enteiros de grao para alimentarse baixo o réxime do xeneral Franco; que había hambruna daquelas*

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu pídlle que mande unha axuda para alá.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Que xa o dixeran. Eu preguntei se o necesitaban e dixéronme que non.*

D. Xosé Crespo Iglesias: A quen?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Á directiva do Centro de Lalín en Bos Aires, señor Pío se chama.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Non lle importa que eu pregunte?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Pregunte por favor.*

D. Xosé Crespo Iglesias: É que eles tiñan unha sección de beneficencia e a xente está mal, porque sempre estivo, salvo que a xente morrera toda, que non creo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Estiven con Benito Blanco, estiven con López Garra.*

D. Xosé Crespo Iglesias: Pero Benito Blanco non necesita nada.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Xa.

D. Xosé Crespo Iglesias: Os outros si. Nada máis

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sr. Cruz.

D. Xosé Crespo Iglesias: Eu para facer uso da palabra temos un problema para non falar o final. O día 24 que é cando toca o día ordinario *María Paz* non pode asistir e como vostedes falabades de adiantalo e se podedes e todos estades de acordo porque ela ten un acto sobre a violencia

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: Sabedes que estamos dispostos a cambiar sempre a data a non ser que teña eu unha voda en Murcia. Sabedes que si.

D. Nicolás González Casares: *Que si non o deramos cambiado mantemos o teu voto.*

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: *E senón comprometémonos a manter o teu voto que quede ben claro.*

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

CONCELLEIRO NON ADSCRITO, D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA.-

D. Juan José Cruz García: Nos rogos non sei como teño que facer se a quen o entrego.

O Secretario: Os rogos e preguntas van dirixidos ao grupo do goberno. Vostede de palabra pode facer o que considere oportuno.

D. Juan José Cruz García: Vale.

1º. ROGO.- Rógolle ao grupo de goberno que tramite o proceso administrativo correspondente para a devolución do teléfono móbil. Non sei o que teño que facer. Descoñézoo. A quen o dou?. Doullo a Tomás?.

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Creo que ninguén vaiche recoller ese teléfono, porque non é o procedemento establecido.*

D. Juan José Cruz García: Cal é o procedemento común?

D. Rafael Cuiña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Entendo eu que diga o Secretario. O concelleiro sen orden do Secretario que non reciba nada.*

D. Juan José Cruz García: Diríxome a un técnico de novas tecnoloxías, logo?.

O Secretario: Pero que teléfono é? O que se te reclama ou un novo?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Di que é un novo; non o que se lle reclama.

D. Juan José Cruz García: Un teléfono novo.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Por tanto no da lugar.

Secretario: Sería unha doazón aparte.

D. Juan José Cruz García: Non, pero está aprobado. Ademais díxome o Alcalde que non había problema.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu dígolle como Alcalde que se o quere doar ao Concello que, nós, se ningún problema.

D. Juan José Cruz García: Entendo e o Alcalde que aquí hai unha moción aprobada onde se habilitaba esta posibilidade. Entendo tamén que nas actas ti dixeches que non había problema que vos podía entregar este.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Non, non. Eu o que digan o técnicos municipais.

D. Juan José Cruz García: A que técnico diríxome?.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Eu creo que a Secretaria. Entendo que sí.

D. Juan José Cruz García: Vale.

O Sr. Alcalde-Presidente quedou enterado.

1ª PREGUNTA.- Repite *Rafael Cuíña* que non vota a moción dos alcantarillados do alcantarillado da Xesta e de Vilanova, porque é unha tontería?

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: Vouche contestar por escrito.

2ª PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: No tema de *Bram* que aquí *Lara* quixo falar xa meterlle a punto do dedo no ollo ao PP e que si hai varios erros. Eu creo que *Lara* descoñece algunha cousa e como a descoñece: se ten actuado no tema de *Bram* no Patronato? pregúntolle ao Sr. Alcalde

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

3ª PREGUNTA.- D. Juan José Cruz García: Houbo outros casos similares durante este tempo que vai do 2015 dende que entramos no goberno, había outros casos similares de falta de homologación?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

4ª PREGUNTA.- Por que neses outros casos non se actuou no seu momento?.

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

5ª PREGUNTA.- Lara descoñece algunha cousa. Mirade é moi fácil volver atrás co que se di. Cambiar a opinión é moi fácil pero o pobo de Lalín....

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Desculpe. Concelleiro faga a pregunta que quere facer. Isto non é unha moción. Faga a pregunta e se a concelleira quere contestar contestáralle e se non por escrito*

D. Juan José Cruz García: Non, son para ti.

D. Rafael Cuíña Aparicio, Alcalde-Presidente: *Eu xa lle dixen que vou contestarlle por escrito. Ou sexa que formule preguntas e non faga enunciados.*

6.-PREGUNTA.- **D. Juan José Cruz García:** O Alcalde de Lalín dixo na miña presenza a *Bram*: “és un gran profesional e aquí vas facer o que ti queiras”. Dixo iso o Alcalde na miña presenza?

O Sr. Alcalde-Presidente indicou que respondería por escrito.

E, sendo as catorce horas e cincuenta e catro minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, e no mesmo lugar onde comezou, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e feudatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas